



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 50

Sesión plenaria
13 de outubro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 21623, 11/DEBA-000001)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Por petición do señor presidente, as señoras e os señores deputados así como as persoas invitadas presentes na tribuna, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria de don Valeriano Martínez, conselleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia e deputado do Parlamento, recentemente falecido. (Páx. 4.)

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da comunidade autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 4.)

O señor presidente anuncia que a sesión continuará ás catro da tarde, e suspende a sesión. (Páx. 37.)

Suspéndese a sesión ás doce e quince minutos do mediodía e retómase ás catro da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 37.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 52.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 64.)

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 77.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 98.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 104.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 109.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 114.)

O señor presidente informa do prazo de presentación das propostas de resolución subsecuentes ao debate, así como da posterior cualificación pola Mesa, da distribución aos grupos parlamentarios das propostas admitidas para o seu estudo e do prazo de presentación das posibles transaccións antes da prosecución da sesión plenaria. (Páx. 120.)

Suspéndese a sesión ás nove e dezasete minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Permítanme, señorías, que, antes de entrar na orde do día, convide a todas e a todos vostedes, tamén aos invitados que hoxe nos acompañan na tribuna, a gardar un minuto de silencio en memoria de Valeriano Martínez, conselleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia e tamén deputado deste Parlamento ata hai poucos días, que foi un servidor público exemplar.

Descanse en paz.

Gardamos un minuto de silencio.

(As señoras e os señores deputados así como as persoas invitadas presentes na tribuna, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

E, agora si, ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias e, sen máis, entramos na orde do día.

Como punto único, temos o debate anual sobre política xeral, coa comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da comunidade autónoma de Galicia.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da comunidade autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente, señoras conselleiras e conselleiros, señoras e señores deputados, autoridades presentes, galegos e galegas que nos escoitan dende as súas casas, as miñas primeiras palabras teñen que ser de agradecemento en nome de todo o Goberno e de todos os empregados públicos, de agradecemento por todas as mostras de afecto procedentes de todos os lugares xeográficos e ideolóxicos que demostran que Valeriano Martínez era un galego querido e respectado. *(Aplausos.)* Sen dúbida, todo merecido para alguén que dedicou toda a súa vida profesional a traballar por Galicia.

Quixera de xeito expreso dirixirme ao Bloque Nacionalista Galego, que aceptou retrasar cinco días este debate para facelo máis sereno, recompoñer previamente o Goberno e pechar no prazo legal establecido os orzamentos —en fin, o que entendíamos prioritario nestes momentos—, aínda que finalmente se mantivo a data prevista.



É evidente que este non é un debate convencional. Desde logo, para os membros do Goberno e para os deputados e as deputadas do Partido Popular non o pode ser. Pero sei que tampouco nas bancadas da oposición as circunstancias son sinxelas. Con todo, estamos aquí, e seguramente esa sexa a mellor homenaxe. Rigor, normalidade e estabilidade eran para el normas de conduta inapelables.

Pois ben, Galicia volve afrontar hoxe o debate do estado da nosa comunidade cando lle corresponde. Tamén terá os presupostos para 2022 —que hai sete días xa estaban practicamente listos— a próxima semana. É dicir, cando toca. *(Aplausos.)*

Señor presidente, señorías, nestes días vanse cumprir corenta anos das primeiras eleccións democráticas en Galicia. O camiño aberto coa aprobación do noso estatuto comezaba dese xeito a ter reflexo nas novas institucións que crearon e consolidaron persoas como Valeriano Martínez. El traballou na Xunta case catro décadas, ata o último alento. As celebracións que están tendo lugar ao longo deste ano —e sobre todo nesta Cámara— son un merecido recordo daquela etapa histórica, pero tamén deben servir para preguntarnos se somos dignos herdeiros do exemplo que nos deron os galegos que a fixeron posible. Na miña opinión, aquí estamos rendendo contas do que se fixo e marcando pautas do que queda por facer, porque a estabilidade política e social que vive a nosa comunidade preserva o correcto funcionamento de todos os órganos democráticos.

En Galicia esa normalidade nunca se interrompeu, seguimos sendo fieis ao noso pobo. O goberno e o autogoberno seguen sendo seus. É certo que algo tan básico debería darse por descontado, pero todos sabemos que acumulamos unha longa etapa no noso país na que o normal parece extraordinario. Non en van, celebramos esta cita parlamentaria nunha España que non vive un debate do estado da nación desde hai case sete anos; unha evidente anomalía que contrasta coa normalidade que mantén —e que aspira a seguir mantendo— a democracia galega.

A estabilidade é consubstancial á nosa xente. E a nosa obriga é respectala e fomentala en todo momento, pero aínda máis despois dos meses tan difíciles que deixamos atrás. Por iso, polo que a min respecta, polo que á Xunta respecta, Galicia vai seguir sendo un lugar onde mirar para atopar debates serenos e construtivos, institucións que funcionan normalmente, defensa do marco constitucional e do autonomismo, respecto a todas as opinións que se transmitan con tolerancia e, sobre todo, o lugar onde as prioridades do goberno son as prioridades da xente. Isto ten que ser o primeiro. *(Aplausos.)*

En consecuencia con esta convicción, quero comezar este debate compartindo cos galegos a principal esperanza colectiva grazas á nova fase da pandemia que estamos a vivir, máis próxima á normalidade que perdemos coa chegada da covid-19, máis xusta tamén cos enormes esforzos que todos fixemos. Doulles os datos máis relevantes. Igual que cando a realidade foi difícil, e foino en moitísimos momentos, tamén agora os sigo informando con transparencia. Neste caso, as cifras comparativas corresponden ao pasado luns, xa que —como ocorre dende xullo de 2020— ao ser onte festivo o Ministerio non fixo actualización.

O 92,7% da poboación galega susceptible de recibir a vacina xa ten pauta completa. Somos a primeira comunidade autónoma de España. O nivel de positividade dos últimos sete días



é do 0,9 %, o segundo máis baixo e a metade da media de España. A incidencia a sete días atópase en 7,14 casos por cada 100.000 habitantes, a menor de España; e a catorce días está en 16,5. Leva setenta e cinco días continuados baixando.

Por suposto, a infección cero é, por agora, unha utopía, e segue habendo persoas que se contagian. Hai 450 positivos nas súas casas, 36 permanecen en planta hospitalaria e 9 nas unidades de coidados intensivos. Pero é incuestionable que o proceso de inmunización está funcionando. Non en van, ao longo deste verán as cifras de contaxios acadaron valores similares aos da terceira onda, que foi o peor momento que vivimos, pero desta volta os resultados foron moi distintos.

Os 495 casos activos hoxe supoñen o 97,8 % menos que no pico da pandemia. Non tiñamos unha incidencia tan baixa dende agosto de 2020. Os casos máis graves reducíronse de forma significativa. Hoxe hai nove persoas nas UCI, cando chegaron a ser 254 os pacientes —unha redución do 96,5 % respecto do momento máis complexo—.

Tamén caeron substancialmente os falecementos en xeral e na poboación vulnerable. Nos últimos sete días faleceron catro persoas, unha delas no día de onte. Na peor semana da pandemia, a finais de xaneiro deste ano, nunha mesma semana faleceron 180 persoas. En 246 concellos, nos que residen preto dun millón de galegos, non houbo casos covid nos últimos sete días. En 216 concellos, con case o 30 % da poboación, xa levan polo menos catorce días sen rexistrar ningún positivo. Por tanto, estamos nunha nova etapa, que, como saben, permitiu que a semana pasada se eliminasen os niveis de restricións por municipios —para poñer o foco nos brotes específicos que poidan xurdir—, un incremento xeral dos aforos ata o 90 % ou que tamén os locais hostaleiros máis comprometidos coa protección poidan xa ocupar desde hai unha semana o 90 % do seu interior e o 100 % do seu exterior.

Acorde con isto, quero anunciarlles que a próxima semana imos proceder ao levantamento da situación de emerxencia sanitaria que declaramos o 13 de marzo de 2020 —que leva en vigor, por tanto, dezanove meses—. Estamos no punto máis próximo ao que tiñamos en febreiro de 2020. Vese —agora si— a luz ao final do túnel. Grazas de corazón a todos os galegos e a todas a galegas que o fixeron posible. (*Aplausos.*)

Señorías, esta decisión que veño de comunicarlles non se traduce en que vaiamos deixar de tomar medidas, e tamén seguiremos coa distancia social e as máscaras en interior, conforme a lei estatal. Seguiremos dando respostas, coa intensidade precisa, aos posibles brotes que xurdan. Pero entendemos que neste momento xa podemos abordalos cos instrumentos que permite a Lei de saúde pública, aprobada hai uns meses neste Parlamento.

Vivimos moitos meses baixo a presión dos datos. ¿Cantos contaxios hoxe?, ¿cantos falecidos?, ¿como vai a curva?, ¿habera un final a este pesadelo?... Pois ben, cada día seguimos pendentes da evolución pero é unha evidencia que esta fin xa está máis preto. Hai ganas de pasar esta páxina, ganas de deixar de centrarnos en sobrevivir para vivir de forma normal, e comeza a ser posible volver mirar cara a adiante. Pero quero dicirlles que o fagamos sen esquecer o que deixamos atrás.



O primeiro de todo, as vítimas do coronavirus, os 2.643 homes e mulleres que se perderon para sempre e as que permanecen entre nós con secuelas de todo tipo —secuelas físicas, psicolóxicas e económicas—, todos estes estarán sempre presentes. (*Aplausos.*)

Tampouco debemos esquecernos das persoas non vacinadas. Por suposto, dos menores de 12 anos —sobre os que seguimos especialmente vixiantes respecto da incidencia— estaremos pendentes das conclusións que acade a comunidade científica respecto da súa vacinación, que parece próxima. Pero tamén me estou a referir a aqueles que voluntariamente decidiron non vacinarse. Son poucos porque, por sorte, os movementos antivacinas teñen pouco espazo en Galicia. Pero, por poucos que sexan, debemos animalos a que pidan cita, porque neste momento eles si teñen máis risco de contaxiarse que antes a través de persoas vacinadas que poidan ser positivas pero sen síntomas.

En terceiro lugar, tampouco debemos obviar como chegamos ata aquí. Por moito que o panorama actual nos permita ser máis optimistas, continúa sendo necesario apelar á prudencia. Os mellores datos que parecen estar domando a pandemia son froito das vacinas, pero tamén do comportamento exemplar da maioría da poboación. Non debemos abandonalo. Retomemos a normalidade con sensatez, especialmente ata que poidamos comprobar a evolución da enfermidade no outono-inverno, como nos piden os expertos.

Por último, pídolles que non esquezamos o espírito que marcou a resposta de Galicia á pandemia, a entrega dos profesionais sanitarios e non sanitarios nos hospitais e centros de saúde e a do resto de traballadores encargados de coidar os máis vulnerables nas residencias e nos domicilios; o compromiso de todos os servizos esenciais por parte dos que nunca pararon, a fortaleza dos galegos que acataron restricións civilizadamente aínda cando iso supuxo ver comprometido o seu xeito de vida e a participación altruísta de todos os expertos que se incorporaron ás tomas de decisións —no comité clínico, no comité educativo, no comité asesor sociosanitario ou no comité de expertos económicos—, todos deron o mellor de si mesmos, igual que o intentamos facer as institucións.

Señorías, ao inicio da pandemia Galicia prestoulle respiradores á Comunidade de Madrid. Hai pouco, Madrid deixounos doses de vacinas aos galegos. Iso tamén mostra o que fomos en pandemia. E ¿acaso non representa igualmente o que queremos ser? Desde logo, a miña resposta é afirmativa, e por iso me gustaría que sexamos capaces de manter vivo o recordo do que fixemos colectivamente. Con este obxectivo temos a intención de erixir un monumento de memoria que nos permita ter sempre presentes os falecidos, que sexa homenaxe a todos os que traballaron no control da pandemia, que recoñeza o éxito do proceso de vacinación e o comportamento da nosa xente; que, en definitiva, sirva de recordo para as xeracións vindeiras do que ocorreu e tamén de exemplo por como respondemos. (*Aplausos.*)

Señorías, un *shock* como o que vivimos deixa, sen dúbida, recordos e feridas pero tamén leccións e cambios. Resulta impensable que esta experiencia non traia consigo importantes transformacións. Por iso a nosa meta xa non é volver á posición de partida, que non existe. Non se trata simplemente de recuperar o produto interior bruto previo á pandemia ou o modo de vida que tiñamos entón; senón que temos que adecuarnos ao novo paradigma social



e económico que xorde detrás do coronavirus. Nese reto está Galicia, como o resto de Europa, como o resto de España e como todo o mundo.

A pandemia puxo en evidencia a importancia dos coidados e dunha Galicia familiar. As sociedades cun Estado de benestar forte demos mellor resposta. O mundo non parou completamente durante as peores crises da covid; desprazouse, en parte, ao mundo dixital e someteu a unha dura proba tamén a Galicia innovadora. A fragilidade humana quedou ao descuberto e fixo aínda máis evidente o acerto de seguir apostando pola Galicia verde. Todo o vivido condiciona o futuro, e o futuro é o da Galicia moza. Como ven, os desafíos non son descoñecidos nin para o Goberno nin para este Parlamento, xa os tiñamos asumidos en 2019 e seguen vixentes. Pero non cabe dúbida de que o ocorrido obriga a adoptar medidas e a adaptar ritmos. Para logralo, a planificación sempre é a ferramenta máis útil. Grazas a planificar e a non improvisar ata que chegou a pandemia conseguimos o máximo histórico de converxencia con España: seis anos ininterrompidos de crecemento e creación de emprego, o mellor ciclo exportador da nosa historia ou ser a comunidade con maior ritmo de crecemento dos salarios nos últimos doce anos e a cuarta en termos absolutos. Por tanto, este vai seguir sendo o noso camiño. E antes de que remate o ano presentaremos o novo Plan estratéxico para a década 2021–2030. Como lles digo, as aspiracións non mudan, pero si reorientaremos prioridades e velocidades para que Galicia poida ser actor clave no mundo que vén.

Antes díxenlles que os retos nos que estamos inmersos nos implican a todos. A deriva que siga o conxunto de Europa afectará a Galicia, a actuación a nivel nacional tamén. Neste sentido quero compartir con vostedes algunhas reflexións sobre os temas estruturais dos que pende o futuro da nosa terra, que non está na nosa man resolver directa ou completamente pero nos que temos que defendernos xuntos todos os partidos con representación neste Parlamento. Permítanme que abunde en seis reflexións.

En primeiro lugar —o máis importante—, Galicia merece conxugarse en futuro. As pedras que atopamos no camiño no día de hoxe e ás que, sen dúbida, debemos mirar non poden impedir que levantemos a vista e afrontemos os grandes retos do día de mañá, especialmente aqueles que comprometen o noso propio porvir como pobo. É certo que nos últimos anos Galicia logrou mellorar o saldo migratorio, desde o 2009 entraron na nosa terra case 72.000 persoas máis das que saíron. Pero temos que asumir que isto non é suficiente para compensar a caída constante do número de nacementos.

As proxeccións europeas apuntan a que no ano 2050 en Ourense e en Lugo haberá tantos xubilados como persoas en idade de traballar. É unha estatística demoledora que pon de manifesto a gravidade da situación demográfica que estamos a vivir non só en Galicia senón tamén no resto de España e de Europa. O reto demográfico é o problema número un de Galicia. De pouco vale traballar pola prosperidade da nosa terra se quedamos sen galegas e galegos que disfruten dela. E a vitalidade poboacional de mañá depende da altura de miras que teñamos hoxe —repito— en Galicia, en España e en Europa.

Os fogares galegos xa se benefician das medidas que a Xunta foi poñendo en marcha nestes anos para construír unha Galicia cada vez máis familiar. Estamos desenvolvendo un pacto



social pola vivenda para beneficiar a 70.000 familias. Contamos coa maior oferta de solo residencial para poñer á disposición dos galegos máis de 5.200 vivendas protexidas, máis de 100 millóns de euros investidos para levar a Tarxeta Benvida a 70.000 familias; 90 casas-niño funcionando en concellos onde non había como conciliar; apoios específicos para familias numerosas, como o desconto nas peaxes das autoestradas autonómicas; o Bono Coidado para as familias que non poden atender os seus fillos por razóns xustificadas; e a pioneira gratuidade de todas as escolas infantís para segundos e seguintes fillos, que xa axuda actualmente a máis de 10.000 familias.

Pero queriamos ir máis alá. Por iso neste 2021 aprobamos aquí a primeira lei de impulso demográfico de España, aínda que desgraciadamente non contásemos co apoio da oposición; unha lei que fala de conciliación, de apoio ás familias e á xuventude, e tamén de captación de nova poboación; porque nos parece inaprazable a captación de nova poboación.

Señorías, fálase moito e moi frivolamente da inmigración. Desde Galicia cremos que se debe falar deste asunto, si, pero cunha seriedade que nestes momentos se bota en falta, para ser capaces entre todos de impulsar un debate sereno sobre a necesidade dunha inmigración legal e ordenada que contribúa ao desenvolvemento laboral e económico, pero tamén ao desenvolvemento social da terra. Desde logo, as nosas portas sempre están abertas a todas as persoas nadas fóra que queiran vivir como galegos en Galicia, con todo o que iso implica. Tamén están abertas as portas para todos os galegos do exterior. Pero iso case sobra dicilo, porque esta sempre foi e sempre será a súa casa.

Pero seguimos querendo ir máis alá, e iso farémolo en 2022. Como saben, tanto este Parlamento como a Xunta solicitamos ao Goberno central que se implicase e que cofinanciase a gratuidade das escolas infantís tamén para os primeiros fillos. Non obtivemos resposta pero non imos esperar por eles, por iso imos concentrar os recursos para que a partir do vindeiro curso todas as escolas infantís en Galicia sexan cen por cento gratuítas. (*Aplausos.*) Serán gratuítas todas elas, (*Aplausos.*) as públicas, as de iniciativa social, as privadas e tamén as municipais dos concellos que estean ao día co consorcio. Serán gratuítas todas elas e para todos os nenos; para os segundos fillos e os seguintes, como ata agora, e tamén para os primeiros, os primoxénitos. Unha vez máis, Galicia sitúase á vangarda de España tomando unha decisión que non existe en ningún outro sitio de España. É o que merecen os galegos de hoxe pero tamén —e moi especialmente— os galegos de mañá.

O segundo reto estrutural que na miña opinión nos condiciona é o futuro de Europa a nivel económico e xeoestratéxico, pero tamén político, polo risco de que os populismos sigan avanzando —especialmente nalgúns países que están a seguir un camiño parecido ao que sufrimos en España hai uns anos—. A pandemia e os seus efectos poden darlle o último empuxón porque xeran un caldo de cultivo óptimo para que frutifiquen as catro máximas dos populistas dun e doutro extremo: frustrar, enganar, enfrontar e pechar; frustrar mediante horizontes ilusorios e irrealizables, enganar mediante a ocultación da realidade, enfrontar manipulando debates que fragmentan en lugar de unir e pechar a nosa sociedade en lugar de abrila. O *Brexit* demostrounos que Europa é un proxecto sólido pero que aínda ten fragilidades, que a unión é reversible e ten inimigos. Por tanto, cómpre defendela e non facer descansar a súa supervivencia e funcionamento en dar por supostas as súas innegables bondades.



Desde Galicia, as maiorías defendemos a Unión Europea sen titubeos, practicándoa na forte eurorrección que temos cos nosos veciños portugueses e tamén contribuíndo a que acerte e responda aos intereses dos Estados membros en asuntos relevantes.

Neste sentido, quero celebrar expresamente que conseguimos paliar o anunciado recorte dos fondos de cohesión, grazas a unha emenda introducida —por certo, por un eurodeputado galego do Partido Popular Europeo— por proposta do Goberno da Xunta, e grazas tamén ao traballo conxunto do Goberno central e das comunidades autónomas que estabamos afectadas —basicamente dúas, Asturias e Galicia—. Pido ademais o mesmo esforzo colectivo para que as dúas grandes negociacións europeas que temos á vista —a Política Agraria Común e a Política Pesqueira Común— teñan tamén os mesmos resultados.

A terceira preocupación/reflexión refírese á falla dunha situación institucional estable a nivel nacional. Existe un consenso acerca de que o papel das institucións públicas vai seguir sendo vital nos próximos anos, como xa o foi nos momentos máis álxidos da pandemia. E por iso é importante que todos os gobernos respondamos de xeito adecuado na transición que se inicia. Creo humildemente que ata agora as comunidades estivemos á altura do que se esperaba de nós, e demos unha gran lección a aqueles que reiteradamente cuestionaban e cuestionan o Estado das autonomías.

En Galicia organizamos o sistema público de saúde e superamos cada situación de estrés. Acompañamos co maior paquete de axudas directas a todos os sectores que viron o seu futuro comprometido polos peches. Aprobamos estímulos económicos mediante a reordenación do presuposto e a aprobación dun plan de reactivación dotado con 3.000 millóns de euros. Lidamos o esforzo investidor de toda España. Contribuímos a non agravar a situación cun aprazamento do pago dos impostos autonómicos, ou sendo a administración que paga en menor prazo aos provedores —o dobre de rápido que a media das comunidades autónomas—.

Non é mérito exclusivo noso. As decisións fundamentais para facer fronte a este desafío sen precedentes tomáronse no conxunto das comunidades autónomas. Demos a cara en todo momento e en toda circunstancia. Nós si que o fixemos sen parénteses nin vacilacións. *(Aplausos.)*

Con isto non quero dicir que o papel do Goberno central fose inexistente. De feito, nalgúns ámbitos —como por exemplo na xestión dos ERTE ou na dotación de liquidez— foi relevante. Tamén o Fondo Covid que aprobou para as comunidades autónomas foi un acerto, por máis que diferimos —como saben— dos criterios de repartición do primeiro fondo, que afortunadamente se corrixiron no segundo.

Por certo, permítanme neste punto reclamar —como están facendo os meus colegas presidentes de comunidades autónomas de distinto signo político— o mantemento dun fondo covid no presuposto de 2022, que polo que sabemos non está recollido nas contas aprobadas polo Consello de Ministros que agardamos coñecer hoxe en profundidade. Non tería ningún sentido que se nos pida ás comunidades que prorrogemos decisións que foron precisas para afrontar a pandemia, e que implementemos cambios derivados dela, mentres ao mesmo tempo se nos priva de recursos para iso. É incoherente defender medidas extraordinarias ou novidosas con recursos ordinarios.



Como lles dicía, por suposto que o Goberno central fixo achegas importantes nestes meses, pero si creo —e así o traslado lealmente— que segue un rumbo errático que cómpre que corrixa. Tanto é así que o máximo responsable da sanidade española abandonou o seu cargo en medio dunha pandemia para converterse en candidato á presidencia dunha comunidade autónoma; ou que desde os partidos que sustentan o propio Goberno central se instigaran mocións de censura para mudar gobernos autonómicos en plena onda de casos.

Preocúpame que esta actitude se manteña para afrontar os grandes debates que temos por diante. As comunidades carecemos dun interlocutor claro co que debater e acordar. Atopámonos con ministerios ausentes, con departamentos dotados de competencias difusas e con responsables que se solapan ou que compiten entre eles. Acudimos á Conferencia de Presidentes sen saber a que, sen documentación, sen orde do día, moitas veces con decisións xa adoptadas e comunicadas publicamente con horas de antelación.

Desde o inicio da pandemia só se celebraron dúas reunións do Consello de Política Fiscal e Financeira. E, no seu lugar, o destino dos recursos públicos foise decidindo aleatoriamente; a capricho de cada ministerio, en ocasións, ou como moeda de pago por apoios parlamentarios, outras veces. Cóntame que non é unha queixa exclusiva de Galicia, senón que compartimos a maioría das comunidades autónomas.

Señorías, isto está sendo especialmente alarmante na distribución dos fondos Next Generation, a cuarta inqueda que lles traslado. Estamos a ter de todo menos cogobernanza, pero, o que aínda é peor, tampouco hai gobernanza. Non existen regulamentos claros nin baremos nin normas nin criterios. Por suposto, non é certo que as comunidades xestionemos o 50 % dos fondos que se nos prometeu. De momento, só o 36,7 % deles nos foron transferidos. Agora ben, a maioría chegan con criterios marcados taxativamente, nos que Galicia non pode intervir en nada. Sinceramente, non sei se detrás disto hai departamentos sobrepassados por un asunto de difícil xestión ou se é unha cortina de fume para impedir calquera control rigoroso. O que si certifico é que o desgoberno e a arbitrariedade con que se están a xestionar os fondos afecta negativamente aos intereses dos galegos.

En termos cuantitativos, Galicia está a recibir 610 millóns de euros menos dos que deberíamos percibir se houbo unha repartición xusta dos Next Generation e do Fondo Covid. E, desde o punto de vista cualitativo, están obtendo máis recursos aquelas comunidades con maior capacidade de renda, en contra do criterio europeo e tamén da reconstrución cohesionada á que deberíamos aspirar como país.

Por outro lado, tampouco existe unha folla de ruta que nos faga prever prazos certos e fases neste proceso. Pasaron quince meses desde que a Unión Europea aprobou o Plan de recuperación. Durante todo este tempo as comunidades vagamos dun departamento a outro, dun responsable a outro, tentando obter algo de luz. En Galicia remitimos en abril a todos os membros do Goberno, a todos os membros do Goberno central, os 354 proxectos que temos deseñados, e ás veces non tiveron resposta ou, no mellor dos casos, tiveron un acuse de recibo protocolario. Hai escasas semanas, a vicepresidenta primeira do Goberno pediunos que priorizásemos entre un e tres proxectos —repito, entre un e tres proxectos—. Esta é toda a concreción ata agora.



Por suposto remitiremos esa proposta ao Goberno central, agardo que con algunha colaboración previa por parte dos partidos da oposición, se o consideran oportuno. Pero, honradamente, despois diso ¿que?

Non se coñecen con exactitude os PERTE que se van aprobar. Non sabemos que prazos nin que prioridades manexa o Goberno. As empresas alertan tamén dun gran desconcerto, e o propio Consello de Estado alertou do descontrol. Os Next Generation son unha ocasión irrepentible para transformar a economía de Galicia e os erros de xestión, a arbitrariedade e a falta de transparencia do Goberno central non poden convertelos nunha oportunidade perdida, non nolo podemos permitir. *(Aplausos.)*

A quinta gran preocupación, señorías, é o que por agora sabemos dos presupostos estatais para o próximo ano. O que sabemos é que se segue incrementando exponencialmente a débeda e o gasto público. O déficit público foi do 11 % o pasado ano, e cun 6 % estivemos a punto de ser intervidos. O pasado ano foi un 11 %, e un 8,4 % está previsto para este ano 2021. O déficit público está en máximos históricos. E o propio presidente do Goberno anunciou un esforzo de contención nos próximos anos para compensar un desfase orzamentario de máis de 123.000 millóns de euros. Debemos preguntarnos como imos baixar o gasto en 123.000 millóns de euros.

Nos últimos meses falouse dunha posible suba indiscriminada de impostos, dun retraso substancial da idade de xubilación ou, por exemplo, de impoñer peaxes ou unha cota anual en todas as estradas da nación española. Son asuntos de suficiente calado como para abordalos nos foros de debate común, en vez de facelo mediante globos sonda que o único que provocan é unha gran inseguridade que pagamos todos, traballadores, empresas e institucións. En Galicia queremos saber se si ou se non, quen, cando e como. E tamén queremos —sobre todo iso— que os anuncios de hoxe non sexan a crise de mañá. *(Aplausos.)*

O desexo de Galicia é que todos estes temas se aborden desde a lealdade, da lealdade institucional a través da lealdade aos cidadáns, que teñen dereito a saber a que se enfrontan. Unha boa interlocución favorece a todos, a transparencia tamén. Estaremos ao carón do Goberno central se exerce unha política responsable. Ningún debate que haxa que afrontar para blindar o futuro das próximas xeracións debe eludirse. Pero, iso si, negámonos a que se faga do xeito máis fácil e facendo que os cidadáns asuman cargas que poden ser evitables.

Señorías, existe un modelo económico do que se vén falando nos últimos meses con diferentes concrecións. Repasemos algúns dos anuncios: a suba do imposto de sociedades, un novo imposto a propietarios de vivendas, novo imposto ao diésel, suba do imposto de matriculación, cota anual ou peaxes en todas as autovías, suba do imposto dos plásticos, novo imposto aos billetes de avión, eliminación do beneficio fiscal aos plans de pensións, suba das bases máximas de cotización ou suba do imposto á renda das persoas físicas. Para recadar, ata se aprobou unha lei para impedir que non tributen as herdanzas en vida, como decidimos en Galicia de acordo coas nosas competencias e o noso dereito civil. E varias veces se amagou con harmonizar á alza sucesións e patrimonio, que, como saben, son dous tributos cedidos ás comunidades.



Este é o modelo do Goberno central actualmente, ben en vigor ou ben anunciado en diferentes documentos públicos —algúns deles remitidos á Unión Europea—. Quixera preguntarlles aos partidos da oposición se esta tamén é a súa proposta para Galicia. Se é así, diferimos.

É lexítimo empregar a política fiscal para impulsar o progreso de España. É lexítimo adaptar os tributos aos diferentes cambios sociais. É lexítimo avanzar cara á harmonización fiscal entre as comunidades, sempre que sexa á baixa. O que non é lexítimo é que o Goberno central pretenda construír a Arcadia coa que soñan os seus socios de coalición a través dunha suba masiva de impostos a todos. O que non é lexítimo é que, despois dunha crise económica e dunha pandemia, se pretenda apertar aínda máis unha cidadanía que xa sufriu dabondo. O que non é lexítimo é facer política curtopracista con cargo a unha débeda que deberán afrontar as vindeiras xeracións. Se a fórmula é «máis débeda e máis impostos», así goberna calquera. (*Aplausos.*)

Hai outro modelo, señorías. É o modelo galego, que non defendemos só con palabras, senón practicándoo. Nos últimos anos en Galicia sempre coincidiron tres circunstancias: máis investimento, menos débeda e menos impostos.

Investimos coa máxima intensidade e sempre estivemos na parte alta da táboa nacional no capítulo de investimento con cargo ao presuposto propio. A diferenza doutras comunidades, entendemos que este non é o momento de aspirar a superávit. Destinamos case o dobre que a media ao gasto que crea riqueza: o 13,5 % do gasto non financeiro en Galicia —a media é o 7,2 %—.

Segundo, pese a isto, vixiamos as nosas contas. Somos a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento dende o ano 2009, e a terceira de réxime común coa menor débeda pública.

E, terceiro, baixamos os impostos ao ritmo que se puido en cada momento. Logramos que a partir do ano 2009 os galegos dispuxesen de máis de 1.000 millóns de euros nos seus petos; págase menos IRPF —sobre todo as rendas máis baixas—; elimínouse o imposto de sucesións para o 99,9 %, a práctica totalidade, dos galegos; impostos cero para transmitir fincas no rural; baixamos o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados —en maior medida para mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade, e, nestes casos, eliminámolo completamente para mercar vivenda en zonas pouco poboadas—; baixamos impostos para quen aposta por investimentos verdes; menos IRPF e menos imposto de patrimonio para quen rehabilite en cascos históricos.

Ese é o modelo, señorías. E xa lles anuncio que o vai seguir sendo. As contas do próximo exercicio volverán incluír unha rebaixa de impostos aos galegos e ás galegas. (*Aplausos.*) Se este camiño é posible en Galicia, tamén pode selo para o conxunto de España.

Deixo para a parte final deste apartado de reflexións o referido ao sistema de financiamento autonómico, que o Goberno central se propón revisar proximamente. Porén, este asunto —xunto coa demografía— ocupa sen dúbida a primeira posición da nosa escala de preocupacións.



Ningunha política, ningunha medida, será completa se non ten respaldo económico suficiente. E, como saben, a principal vía de ingresos que temos as comunidades autónomas provén do sistema de financiamento —do IVE, do IRPF e da repartición do resto dos fondos—, de aí que nos xoguemos tanto nesta negociación. Tampouco esta é unha inqueda exclusiva de Galicia. O próximo 2 de novembro oito comunidades reuniremonos en Santiago para abordar distintas inquedanzas comúns, e especialmente esta. Galicia, por suposto, Asturias, Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha e A Rioxa daremos continuidade a un foro estable desde hai varios anos, e que agora se amplía con Cantabria e Estremadura. Son oito presidentes que pertencen a tres partidos políticos distintos, e un de cada catro españois estaremos representados nese encontro, o 62 % do territorio da nación española estará representado neste encontro. Quero dicirlles, antes de nada, que me sinto orgulloso de que a nosa terra sexa unha vez máis escenario da política que vale a pena. E tamén quero dicirlles que me sinto orgulloso de integrar unha alianza que non vai contra ninguén e que está aberta a todos. De feito, sen ir máis lonxe, a próxima semana mantereirei un encontro co presidente andaluz e tamén abordaremos xuntos as nosas respectivas visións do financiamento autonómico.

Señorías, adoita falarse de distintas fronteiras neste debate. En efecto, hainas, pero non como moitas veces se presentan. O enfrontamento non é entre as comunidades que teñen maior poboación e aquelas outras nas que, como é o caso de Galicia, pesan máis outros factores, como o avellentamento ou a dispersión. Todas estas comunidades entendémonos. Entendémonos e, sobre todo, estamos dispostas a debater e a chegar a un acordo. O enfrontamento real —e por tanto o problema verdadeiro co que imos atoparnos— radica entre os que queremos un diálogo multilateral e os que queren outro á súa medida.

Quero pedir con claridade —e agardo que co apoio de todos os partidos deste Parlamento, se é posible— que o financiamento autonómico non sexa decidido nunha mesa bilateral co único goberno autonómico que manifesta abertamente estar en contra da Nación. A gran pregunta é se as comunidades autónomas de España contaremos cun árbitro imparcial para ordenar este debate crucial ou se ese árbitro está hipotecado por un xogador, e que, ademais, non acata o regulamento. Tememos —e así o manifesto diante desta Cámara— que o mal chamado «diálogo» cos independentistas faga imposible calquera outro modelo de financiamento que non satisfaga plenamente os partidos independentistas. De acordo coas propostas que publicamente expoñen, non habería un modelo común de financiamento autonómico, senón outro con diferentes niveis á medida das demandas secesionistas. Alerto ademais de cales son as verdadeiras intencións desa negociación bilateral ao noso entender.

Tense dito que se está aplicando a parábola do fillo pródigo. Seguindo esa analoxía, os que nos opoñemos pecariamos de falta de xenerosidade, ou mesmo de ánimo de vinganza contra os independentistas. Pero é que estamos diante dunha versión incompleta da parábola. Neste caso, nin o fillo quere regresar á casa común —a España— nin mostra intención ningunha de reformar os seus obxectivos. Por tanto, as gratificacións que pode ofrecer o Goberno non teñen ningún afán de reconstruír nada; entre outras cousas porque, se algo ten o independentismo, é que, á hora de pedir contrapartidas, é insaciable. O único que se pretende realmente é o respaldo parlamentario a un executivo precario. Isto é todo. Ocorre, sen embargo, que os intereses do Estado non son os mesmos que os intereses do goberno central de turno. En consecuencia, o noso país non pode ser refén das debilidades parlamentarias do seu presidente. *(Aplausos.)*



Resulta evidente, señorías, que o diálogo bilateral entre cada comunidade autónoma e a Administración central é imprescindible en moitos aspectos. Nós mesmos témolo aberto e, de feito, agardo que nas próximas semanas se volva reunir a comisión bilateral logo da disposición manifestada polo Goberno central para axilizar as transferencias que cremos prioritarias, especialmente a xestión do dominio público terrestre ou a transferencia da titularidade da autoestrada do Atlántico. Sen embargo, o financiamento autonómico non é posible sen unha coherencia no modelo, que soamente se pode acadar entre todos.

Galicia non é allea ao que se poida acordar nun proceso opaco e, en consecuencia, fará valer os seus intereses se estes se ven preteridos ou prexudicados. Confío en interpretar neste punto o sentir da Cámara e pido respaldo para que o novo modelo conteña o peso que lle corresponde á dispersión e ao envellecemento. Do mesmo xeito, agardo tamén contar co seu apoio para que os presupostos do Goberno central non sexan aprobados á medida das posicións independentistas. Non sería comprensible que houbera partidos galegos que apoiasen este agravio comparativo. En todo caso, agardo que este punto poidamos comentalo máis a fondo esta tarde, tras unha primeira ollada ás contas que hoxe se están presentando en Madrid.

Señorías, avogar por unhas contas públicas ordenadas, transparentes e xustas é imprescindible para manter uns servizos públicos de calidade. É incompatible atribuírse a defensa da sanidade, da educación e dos servizos sociais públicos e, ao mesmo tempo, promover un financiamento que privilexie uns territorios sobre outros; é dicir, unhas persoas sobre outras.

Velaquí, nestes debates que acabo de mencionar, unha gran oportunidade para demostrar onde está cadaquén. Pódolles garantir onde estará a Xunta: na igualdade e nas mesmas oportunidades para todos os españois vivan onde vivan. *(Aplausos.)*

Tense dito nos últimos meses que a pandemia puxo ao descuberto a importancia dos servizos públicos. Non estou de acordo. Desde que comezou a pandemia, Galicia aumentou o seu orzamento social en 767 millóns de euros, un 10,4 %, moi por riba, por certo, da media das comunidades autónomas, que o fixeron nun 6,8 %. Pero é que xa desde 2009 o orzamento social da Xunta aumentou en 1.523 millóns de euros —é dicir, un 23 % máis—. E seguiremos na mesma liña. Os orzamentos do ano que vén volverán poñer no centro a sanidade, a educación e a política social. O peso destas áreas aumentará ata o 71 % do gasto total. Non, nós non necesitabamos unha pandemia, porque xa sabiamos que blindar os servizos públicos era unha prioridade antes, durante e despois dela. *(Aplausos.)*

Señorías, desde marzo de 2020 abordamos varias ondas que levaron o sistema sanitario ao límite, que tamén tensionaron os centros sociais e condicionaron as escolas. Con toda humildade, pero tamén con orgullo colectivo, debo afirmar que o sistema público foi capaz de dar resposta en todos os momentos críticos. Entendo que os resultados electorais de hai un ano sustentan esta afirmación, pero o máis importante é que tamén a avalan os datos. Somos a comunidade peninsular coa menor taxa de mortalidade por covid, case a metade da media de España. O impacto da covid nas residencias e nos centros de discapacidade tamén é menor en Galicia que no conxunto de España. Somos a comunidade peninsular con menor taxa de falecidos sobre o número de usuarios de residencias. Igualmente, a afección do coronavirus á comunidade educativa foi menor que na poboación xeral —3,7 % na comunidade educativa,



4,7 % na poboación xeral—. Galicia é a comunidade peninsular con menos contaxios por habitante. A media en España é un 52 % maior que a que tivemos aquí.

Este balance, señorías, pertence aos profesionais sanitarios e non sanitarios que coidaron os enfermos e á comunidade educativa, que seguiu os protocolos nas garderías, colexios, institutos e universidades. Pertence a todos os galegos que pecharon negocios e a todos os que cumpriron as normas. Sen ningunha dúbida, sen eles sería imposible. Debo engadir que tampouco o teriamos logrado sen persoas ás que poucas veces se lles reconece o seu labor, que son os que directa ou indirectamente xestionan a administración sanitaria.

Galicia adiantouse na compra de respiradores e adquiriu o material de protección do que o Goberno central apenas nos dotou. Elaboráronse protocolos para todas as actividades. Fomos pioneiros en moitas das fórmulas de diagnóstico que logo se consolidaron en todas partes; e tamén en crear residencias integradas para trasladar a elas pacientes contaxiados. Unha das primeiras comunidades en intervir residencias privadas foi Galicia. Somos líderes en número de cribados. Chegamos a facer cribados cada semana nas residencias ou a testar poboacións e concellos enteiros. ¿Poden imaxinar o esforzo loxístico que supuxo o proceso de vacinación na poboación máis dispersa de España e que máis núcleos de poboación ten? Pois fixémoslo cando había poucas vacinas, e abrimos centros de vacinación masivos cando as doses chegaron en maior medida. E somos a comunidade número 1 de España en vacinación nunha dose e en dobre dose. *(Aplausos.)*

Iniciamos dous debates imprescindibles: actualizar a lexislación sanitaria para xestionar unha pandemia e o de darlle valor ao certificado covid —dous asuntos, ademais, referendados polo Tribunal Constitucional e polo Tribunal Supremo, e recorridos polo Goberno de España—.

Demos resposta á crise social asociada á pandemia con medidas pioneiras como a Tarxeta Básica, que apoiou 60.000 usuarios —persoas en situación de necesidade—. Todo isto supuxo un esforzo titánico e temos o deber de valoralo neste hemiciclo.

Igualmente, señorías, chegamos á pandemia cun sistema de saúde reforzado. Todo sería moito máis difícil sen o sistema Telea, que levaba funcionando desde 2015 e que permitiu facer seguimento domiciliario a 100.000 contaxiados e 200.000 contactos estreitos. Todo sería máis difícil sen ferramentas como a hospitalización a domicilio, en pleno proceso de expansión a toda Galicia. Todo sería máis difícil sen a cita telefónica, dispoñible na atención primaria desde 2013. Ou sería moito máis difícil sen infraestruturas renovadas, como os dous grandes hospitais de Vigo e de Lugo. ¿Que ocorrería durante a pandemia no Hospital Xeral Calde ou no hospital do centro da cidade de Vigo? ¿Que ocorrería nas súas urxencias? ¿Que ocorrería nas súas UCI? ¿Como resolveríamos a pandemia nestas cidades? Todo sería máis difícil se non fixeramos un novo edificio de hospitalización en Ourense. Todo sería máis difícil se non estiveramos ampliando e reformando os hospitais comarcais. Todo sería máis difícil se non construíramos ou reformáramos 89 centros de saúde nos últimos anos.

Estas decisións non as tomei eu, señorías. Son froito dun traballo de xestión sanitaria no que participaron moitas persoas —a maioría delas, sanitarios—. Só o feito de que se adop-



tasen baixo un goberno determinado non xustifica que lles neguen a todos os que as fixeron posible o aplauso que merecen. (*Aplausos.*)

Por outro lado, recoñecer os acertos tamén forma parte do proceso de autoavaliación que é necesario afrontar para, a partir de aí, extraer leccións. Na Xunta é o que estamos facendo, tanto a curto como a medio prazo, na sanidade, na educación e nos servizos sociais. Quero confirmarlles, en primeiro lugar, que volveremos estar preparados para administrar a terceira dose da vacina con base nas decisións sobre a orde e o momento que fixen os expertos. Tamén estamos aumentando as nosas defensas contra a covid, estamos perfeccionando o sistema de alerta epidemiolóxica, con elementos como o *big data* ou o reforzo de sistemas de rastrexo, e tamén dotándonos de secuenciadores de última xeración para descifrar as novas variantes máis axilmente.

Outra das prioridades é completar o plan de recuperación da actividade asistencial ordinaria que se perdeu durante os meses de confinamento. Saben que a previsión é completar 230.000 actos asistenciais extraordinarios. E o certo é que, pese a que a terceira onda supuxo unha importante presión nos hospitais, fomos quen de cumprir a planificación no referente á actividade cirúrxica e de consultas. Isto xa se está a traducir na redución dos tempos de espera, respecto do ano pasado, en 40 días para probas, 30 para cirurxías e 23 para primeiras consultas. Tamén empezamos a recuperar a normalidade na atención primaria, sobre todo coa volta á presencialidade nos centros de saúde —xa por riba da atención telefónica—.

E, por suposto, estamos afrontando as secuelas da covid. A través das «unidades poscovid» case unha trintena de facultativos están prestando atención multidisciplinar ás persoas que superaron a enfermidade pero que teñen efectos máis graves. Xa se realizaron máis de 5.000 consultas. E tamén reforzamos os instrumentos para dar resposta a unha das peores consecuencias da pandemia, a afección á saúde mental, cun plan específico para os próximos catro anos dotado con 83 millóns de euros. A atención á saúde mental é un obxectivo de lexislatura, como tal o afrontamos e como tal o desenvolveremos.

En definitiva, señorías, seguimos respondendo ás exixencias sanitarias máis urxentes da pandemia pero sen esquecer que tamén nos convoca —como falamos na investidura— a unha revisión completa da folla de ruta dos servizos públicos a longo prazo. Permítanme que lles traslade a continuación algúns dos obxectivos.

Existe unha tarefa que é permanente e común a todos os servizos públicos: garantir unha dotación profesional suficiente e preparada. Nese obxectivo traballamos desde hai tempo. Desde 2009, Galicia incrementou o seu emprego público en máis de 2.000 prazas. Fomos unha das primeiras autonomías en retomar os procesos selectivos logo da pandemia cun protocolo de oposicións seguras. Esgotamos todos os anos a taxa de reposición que permite a Lei de presupostos xerais do Estado. E o último dato do Ministerio de Hacienda sitúa a Galicia coa menor taxa de temporalidade de toda España, 12 puntos por baixo da media. En todo caso, o obxectivo é seguir traballando para reducir a temporalidade ao 7 %, tal e como pactamos cos sindicatos.

Os resultados disto están á disposición de todos vostedes. O número de profesionais da sanidade pública está en máximos históricos. Seguimos as ser, xunto con Extremadura, a co-



munidade con mellor ratio de profesor/alumno na educación pública en toda España; e as residencias sociosanitarias públicas incrementaron nos últimos meses o 5,2 % a súa plantilla. Estes son os datos, señorías, esta é a realidade. *(Aplausos.)*

Isto non significa que non sexamos autocríticos alí onde hai marxe de actuación, e neste ámbito gustaríame determe en dúas áreas da sanidade pública que nos preocupan de xeito especial.

Primeiro, é imprescindible que o Goberno central elimine completamente a taxa de reposición existente. En varias categorías profesionais non podemos cubrir unicamente as xubilacións. E o pequeno incremento anunciado para o próximo ano é insuficiente. Fai falla eliminar calquera límite para que as comunidades poidamos obrar en consecuencia coa situación de cada unha. Isto permitiríanos, en primeiro lugar, reducir a temporalidade; e, en segundo lugar, ocupar prazas menos solicitadas. Estou pensando sobre todo nalgunhas especialidades médicas en hospitais comarcais.

Señorías, coa proposta que acaba de facer o Goberno central —un 120 % da taxa de reposición— en Galicia podemos convocar 1.200 prazas. E coa proposta da Xunta de Galicia poderíamos convocar 3.500 prazas na sanidade. Sinceramente, non comprendo a cerrazón e por iso volvo pedir ata a saciedade que o Goberno central levante o veto da taxa de reposición. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, débese abordar de forma específica o déficit de profesionais en atención primaria, e volvo reiterar a urxencia. En Galicia fixemos todo o posible dentro das nosas competencias. Impulsamos o contrato de continuidade, que foi clave para a contratación en pandemia e que outorga estabilidade ao persoal —de feito, o próximo ano máis de 80 médicos que se acolleron a esta figura serán convertidos en prazas estruturais—. Fomos pioneiros en introducir a categoría de enfermeira especialista en familiar e comunitaria, e hoxe hai preto xa de 100 profesionais desta categoría traballando no Sergas —a primeira comunidade autónoma do Estado—. E anúnciolles que nesta semana iniciaremos a tramitación dun decreto para desenvolver a parte que nos corresponde da formación sanitaria especializada en Galicia que outorgue máis apoio aos titores dos novos médicos.

Pero tamén neste tema a implicación real do Goberno central é indispensable, e quero valorar positivamente a reunión que convocou a ministra de Sanidade hai dúas semanas para abordar por fin todos xuntos no Consello Interterritorial de Saúde os problemas de atención primaria. Por fin o Goberno central se senta para intentar, no ámbito das súas competencias, poñer un pouco de luz ante un problema que estaba agochado no Ministerio. Seguimos reclamando que se aumenten de xeito extraordinario as prazas MIR, especialmente de médicos de familia e pediatras en atención primaria. E con este fin, para empezar neste mesmo mes, presentaremos un mínimo de 50 novas solicitudes de acreditación docente para ter máis unidades formativas de novos médicos. Agardamos que a flexibilidade comprometida por parte do Ministerio permita aceptalas.

Señorías, de xeito paralelo á dotación profesional, os servizos públicos tamén se ven sometidos a un novo paradigma que hai que afrontar. Voume referir brevemente aos aspectos que me parecen máis relevantes.



No caso da sanidade pública posiblemente enfrontemos os cambios máis disruptivos desde que esta área foi transferida ás comunidades autónomas. En Galicia xa estabamos inmersos antes da pandemia nun forte proceso de renovación para dar resposta á nosa propia realidade. Galicia está a desenvolver en paralelo a Estratexia de atención á cronicidade e o Plan de hospitalización a domicilio, co que renovamos o noso compromiso para chegar a toda Galicia. Para afrontar a cada vez maior proliferación de cancros establecemos vías rápidas ou cribados xerais para detectar tumores como o de mama —desde hai tempo—, o de colon ou o cancro de cérvix. Hai unha constante evolución de patoloxías e tamén de tratamentos que obrigan a actualizarnos, e xa lles adianto que o volveremos facer coa aprobación, o próximo ano, da nova estratexia de saúde en Galicia.

Igualmente, levamos feito un traballo inxente para modernizar a atención primaria co fin de que un centro de saúde non sexa só a porta de entrada ao sistema senón a principal influencia para fomentar a saúde pública da contorna. Estamos comprometidos cunha primaria máis áxil, máis útil e máis próxima, e este compromiso tamén se reflicte nos orzamentos. A atención primaria representa practicamente un terzo do total do gasto sanitario. Nunca na historia Galicia contou cunha atención primaria con tantos recursos humanos e orzamentarios á súa disposición. (*Aplausos.*) Con recursos precisos, da man dos profesionais e expertos deste ámbito sanitario e a través da creación dunha dirección xeral específica para abordar este tema, estamos en marcha. Froito deste traballo temos observado algúns resultados: a definición das carteiras de servizos que abranguen a atención primaria, que van dende a medicina de familia e a pediatría á fisioterapia ou á odontoloxía —isto permítenos avanzar nunha prestación equitativa en toda a comunidade e en todos os centros de saúde—; o impulso dos plans locais de saúde, que dotan de maior autonomía os centros para xestionar a demanda asistencial, a redistribución de tarefas e a mellora da relación entre a primaria, o hospital e os servizos sociais de ámbito comunitario; tamén avanzamos na redución da burocracia no traballo dos facultativos e na mellora das ferramentas do persoal administrativo e procederemos a abrir nos próximos días un proceso de consulta pública para recadar as opinións do sector sobre a renovación do decreto regulador da ordenación da atención primaria aprobado en 1993.

Outro dos cambios que supón un punto de inflexión no ámbito sanitario é a telemedicina. Non cabe dúbida de que ten un enorme potencial —como xa o estamos comprobando—. Non hai tanto era impensable que puideramos renovar receitas por teléfono, parecía ciencia ficción que un cirurxián puidese participar nunha intervención cirúrxica a varios quilómetros de onde se atopa o paciente, non se cría posible sacar o móbil e ter unha videoconsulta. Todo isto é posible hoxe en Galicia e temos que ser conscientes de que é un proceso que non ten volta a atrás. Por iso seguiremos avanzando na implantación da denominada «oitava área sanitaria», unha área de saúde dixital que axude non só no día a día senón a anticiparnos á enfermidade e a identificar patróns de comportamento das patoloxías. Trátase dun modelo de centro sanitario virtual, co uso de *big data*, intelixencia artificial e que, entre outras cousas, ofrece moitas opcións que Galicia está disposta a aproveitar. Pero o feito de que este sexa un modelo irreversible, a telemedicina tamén implica ser conscientes das obrigas que supón. E quero referirme a elas.

Cómpre un debate profundo para garantir o bo uso das posibilidades que ofrece a telemedicina, tanto por parte dos pacientes como dos profesionais. Un abuso ou un mal uso pode



facer que un instrumento útil para facer mellor sanidade pública se empregue para todo o contrario, para entorpecela. Iso non o podemos permitir. Por outra banda, a telemedicina debe levar aparelados novos pasos en materia de innovación, de procesos e de infraestruturas. Nos últimos meses Galicia colocouse á vangarda dos tratamentos innovadores. Incorporamos robots cirúrxicos Da Vinci —os de máxima precisión actualmente— nas sete áreas sanitarias. Convertémonos na primeira comunidade en contar con tecnoloxía HIFU para o tratamento do tremor esencial. Estamos iniciando terapias personalizadas contra o cancro empregando a tecnoloxía CAR-T. E seguimos traballando para incorporar a protonterapia, unha forma de radiación de cancro máis potente pero menos agresiva para os tecidos sans. Saben que agora mesmo só dous centros privados en España ofrecen esta terapia. Queremos que Galicia a teña.

Igualmente, a nosa aposta pola mellora das infraestruturas sanitarias tamén é continuada e irreversible. Non é suficiente que o 85 % dos galegos teña un hospital a menos de trinta minutos da súa casa, non é suficiente que xa actuásemos sobre todos os hospitais públicos da rede nin que levemos, no que vai de lexislatura —un ano— 17 centros de primaria novos ou renovados. Tampouco é suficiente que executásemos un plan de renovación e modernización de equipamento tecnolóxico cunha dotación de 60 millóns de euros. A sanidade pública galega sempre debe aspirar a máis. Por iso neste trimestre presentaremos o novo Plan de infraestruturas de atención primaria. Por iso están en marcha os novos hospitais da Coruña, de Pontevedra e de Ferrol. E xa iniciamos os trámites da ampliación do Hospital de Santiago e do de Ourense. Estes cinco grandes hospitais están en marcha; e os outros dous grandes hospitais, finalizados e en servizo. E por iso estamos a levar a cabo novas actuacións en todos os hospitais comarcais: en Valdeorras están en marcha as reformas de cirurxía maior ambulatoria, do hospital de día e farmacia; en Monforte hai obras rematadas desde este luns no hospital oncohematolóxico, e seguiremos traballando no plan director —15 millóns de euros—; dotaremos o Salnés dunha central de esterilización unha vez finalizada a súa ampliación tanto en urxencias como en hospitalización; no da Barbanza rematamos a ampliación das urxencias, comezaremos de inmediato as obras da área de endoscopias e xa temos o plan funcional para licitar a ampliación da área do hospital; na Mariña levamos investidos 15 millóns de euros na ampliación do hospital, dotaremos o hospital dun edificio anexo e reformaremos as áreas de cirurxía e de UCI; finalizaremos a ampliación das urxencias en Verín e acometeremos as obras de eficiencia enerxética concretadas; e este mes licitamos xa o proxecto de reforma de urxencias en Cee.

Señorías, os galegos levan anos escoitando aquí dende esta tribuna que a Xunta quere pechar os hospitais comarcais, pero a realidade é que os hospitais comarcais se renovan, se amplían e melloran os seus servizos ano a ano. *(Aplausos.)*

Fóra do capítulo sanitario, outra das áreas que estamos acometendo é unha transformación dos centros sociosanitarios. Ningún outro ámbito nos preocupa tanto en Galicia, e no mundo enteiro, como as residencias de maiores. E en ningún outro ámbito conseguimos aprender tanto sobre os camiños para seguir mellorando. A partir do ano 2022 Galicia comezará a implantar un novo modelo de residencias máis ambicioso e o máis vangardista de toda España. Comezando nun punto de partida que xa era sensiblemente superior ao da maioría das comunidades, lograremos situar as residencias galegas como líderes a nivel nacional no coi-



dado das persoas maiores. O Comité Asesor Sociosanitario está ultimando un traballo —na miña opinión, de calidade excepcional— que se entregará a este Parlamento nas vindeiras semanas.

Gustaríame avanzarlles algunhas das medidas que se farán realidade ao longo do vindeiro ano: crearanse as primeiras unidades de coidados intermedios da historia de Galicia, nas que se atenderá as persoas que, tras recibir unha alta no hospital, necesitan acompañamento social durante un tempo determinado antes de volver ás súas casas; lanzarase o primeiro plan de formación continuada do sector residencial na nosa comunidade para mellorar a capacitación dos profesionais neste novo paradigma; implantarase un cadro de mandos a nivel autonómico para seguir en tempo real a situación de todas as residencias de Galicia; e reformarase a normativa de modo que todas as residencias novas deberán estar divididas en unidades de convivencia de 25 persoas como máximo, que servirán como pequenos fogares dentro de cada centro.

Trátase dun esforzo de modernización sen precedentes. As residencias galegas avanzarán varias décadas e situaranse moi por diante dos centros que existen noutras partes de España. (Aplausos.) Quen queira ou teña que vivir nunha residencia contará cunha atención especializada adaptada ás súas necesidades. Pero quen prefira facerse maior na súa casa, no seu barrio ou na súa aldea non estará só, contará con todo o apoio, coma sempre e máis ca nunca: coma sempre, ofrecendo un servizo de axuda no fogar que é dos máis extensos de España, e máis ca nunca, porque tomaremos as medidas necesarias para que siga chegando a máis persoas durante toda esta lexislatura e para que a súa sustentabilidade quede blindada; coma sempre, apostando pola atención nas parroquias do rural a través das casas do maior, e máis ca nunca, porque neste ano quintuplicouse o número de centros abertos por toda Galicia ata chegar a preto de cen; coma sempre, achegando os servizos alí onde residen as persoas maiores, e máis ca nunca, porque no primeiro semestre do ano 2022 imos retomar o autobús de coidados porta a porta, levándoo a 200 concellos galegos; coma sempre, arroupando as persoas maiores que viven soas sen querelo, e máis ca nunca, porque no vindeiro ano imos despregar unha rede de apoio a todos estes fogares ao abeiro da Estratexia contra a soidade non desexada; coma sempre, fomentando o envellecemento activo, e máis ca nunca, dando luz verde antes de que remate este ano á primeira normativa de comunidade de vivendas para maiores; coma sempre, con servizos como «Xantar na casa», a teleasistencia ou a atención a centros de día, e máis ca nunca, porque non imos deixar de buscar vías para que cheguen cada vez a máis persoas e lles sexan de máis axuda.

Apostamos por estender os servizos pero tamén por axilizar o acceso a eles. Somos conscientes de que aínda hai moitas familias que esperan máis tempo do razoable para conseguir as axudas da dependencia. Para elas, nos vindeiros meses imos completar o despregamento que estamos a facer do plan de choque en dependencia, que nos permitirá reducir á metade o tempo que as familias pasan con trámites e ofrecerlles canto antes o servizo que prefiran os maiores.

Tras a sanidade e a política social, a pandemia tamén tivo un impacto decisivo na educación. Ademais das medidas para garantir a seguridade sanitaria, Galicia puxo en marcha plans que foron decisivos para garantir o dereito á educación e á atención ao alumnado, como o Plan de



ensino virtual, o Plan de atención ao alumnado vulnerable e o Plan de benestar emocional, para atallar as situacións de estrés e que non repercutan no desenvolvemento académico.

Igualmente, o noso sistema educativo tamén comezou a aplicar leccións moi importantes que tamén deixarán pegada no futuro e acelerarán moitos dos cambios que xa puxeramos en funcionamento. Así, aprobamos xa o primeiro Plan da nova arquitectura pedagóxica, cun investimento superior a 190 millóns de euros nesta lexislatura; impulsamos a transformación dixital do ensino coa estratexia EduDixital 2030, que avoga pola implantación de ensinanzas de intelixencia artificial, pola formación do profesorado e a dixitalización dos centros; ou crearase un centro especializado no ensino dixital e na innovación e investigación educativa, con sede no Edificio Fontán, da Cidade da Cultura, recentemente finalizado.

Pese á pandemia, Galicia vén de vivir a mellor época do seu sistema educativo: reducimos o abandono escolar á metade; acadamos os mellores resultados históricos en PISA; consolidamos o modelo baseado no plurilingüismo; mantivemos as taxas universitarias como as máis baixas de España; aumentamos máis ca nunca a oferta de formación profesional e logramos un modelo educativo que está á cabeza dos países europeos en equidade do alumnado. Estes resultados marcan o noso camiño para que a Galicia do 2030 poida volver dicir que a nosa educación é garantía de igualdade de oportunidades e de futuro. *(Aplausos.)*

Non quero rematar este repaso dos servizos públicos sen lembrar o magnífico esforzo que se realizou desde a xustiza neste tempo, sendo conscientes de que a pandemia tamén supuxo un tempo perdido —moi importante nesta área—. As vistas telemáticas no confinamento ou a aprobación dun plan de choque para recuperar a actividade retrasada permitiron paliar en parte esta situación. Por suposto, paralelamente, dende a Xunta cumprimos. Cumprimos o Plan de modernización tecnolóxica dos xulgados e cumprimos o Plan de infraestruturas, que permitiu abrir novas sedes xudiciais en Ourense, duplicar a de Pontevedra, ampliar a de Santiago, ampliar a de Ferrol e rehabilitar a Fábrica de Tabacos na Coruña, ao que se sumará a nova Cidade da Xustiza en Vigo, a cidade da xustiza máis importante do noroeste de España. Unha xustiza máis áxil, máis dixital e máis accesible é unha meta que nos atinxe a todos, por iso debemos recoñecer a todos os que traballan para lograla. *(Aplausos.)*

Señorías, do axeitado desenvolvemento de medidas como as que vimos de citar depende o noso Estado do benestar no futuro. Pero hai algo que nunca cambia nin cambiará: tamén está supeditado á economía, á súa evolución nos próximos anos e á súa capacidade para modernizarse.

Neste apartado, quero comezar poñendo en valor o novo contexto que tamén se abre, e que podemos resumir cos datos coñecidos a semana pasada respecto da recuperación laboral. Por fin Galicia ten menos paro e máis afiliacións á Seguridade Social que antes da pandemia. Debemos recoñecer o traballo colectivo que fixo posible volver á senda de recuperación. É un mérito daqueles sectores que foron capaces de crecer pese á pandemia: o sector agroalimentario, o do mar ou o tecnolóxico. Pero tamén dos que, tras verse fundamentalmente afectados, volveron abrir os negocios.

Quero destacar primeiramente a gran lección dada polo sector turístico e hostaleiro neste pasado verán. Foron moitas as voces que aproveitaron a pandemia para tentar minimizar o



papel do turismo na nosa economía, e tamén moitos os que cuestionaron a utilidade de ser restritivos no primeiro semestre deste ano co fin de chegar ao verán nas mellores condicións. Houbo quen chegou mesmo a cuestionar se debiamos ou non habilitar axudas para estes ámbitos. A Xunta foi a primeira en facelo e pouco a pouco as restantes administracións re-capacitaron en maior ou menor medida. E velaí os resultados: Galicia superou o 98 % da demanda turística prepandemia; fomos a segunda comunidade en recuperación de viaxeiros e pernoctas no conxunto do Estado; rexistrouse a segunda mellor demanda hostaleira de toda a historia —despois do verán de 2017—; os cámpings e apartamentos turísticos marcaron máximos históricos; alcanzamos o obxectivo de entregar 150.000 compostelas tres meses antes de rematar o ano —recuperaremos dúas de cada tres compostelas entregadas no verán récord de 2019—.

Pese a quen pese, Galicia foi percibida como destino seguro pola maioría dos españois. Pese a quen pese, o turismo é e seguirá sendo unha das nosas principais fortalezas e por iso o noso compromiso é aproveitalo con toda a forza, co impulso que ademais permite o primeiro xacobeo bienal da nosa historia. Señorías, xa antes da pandemia nos escoitaron dicir que o Xacobeo 2021 é máis ca un evento —ou tres, se contamos tamén os de 2027 e 2032—. Temos por diante unha década xacobeá para amosar todo o noso potencial, e agora tamén para recuperar a ilusión tras unha época certamente aciaga.

Desde a Xunta estamos traballando no Plan estratéxico do Xacobeo, que suma 247 millóns de euros, que garante uns camiños de Santiago acondicionados, unha rede de albergues máis forte —con 14 novos albergues—, un monte do Gozo revitalizado e as entradas en Santiago melloradas. E, por suposto, traballamos para poder desenvolver no próximo ano todos os eventos culturais e festivos que neste 2021 non foron posibles.

Agardo que tamén o Goberno central se sinta implicado. Quero recoñecer de forma expresa que amosase formalmente máis interese que o que houbo por parte do executivo estatal no anterior ano santo de 2010. Certamente non era algo difícil, como todos recordarán. Neste senso, do mesmo xeito que xa aceptou participar no financiamento do Plan de recuperación dos BIC do Camiño, pedímoslle que concrete outras participacións, como a extensión das desgravacións fiscais lóxicas ata decembro do ano 2023; unha maior implicación a nivel orzamentario e de planificación, tamén coa priorización do Camiño nas campañas de Turespaña no exterior; un plan de melloras no Camiño, que complete o esforzo que fixemos neste ámbito, e outras iniciativas como a programación que conxuntamente comprometemos o pasado 25 de xullo no Real Padroado da Cidade de Santiago. En presenza da Súa Maxestade El-Rei, o presidente do Goberno, o alcalde de Santiago e eu mesmo amosamos a intención de destinar case 300 millóns de euros nesta década, e hai que cumprilo.

Referinme, en primeiro lugar, ao sector turístico, pero é certo que a recuperación da economía está sendo común en case todos os sectores. Galegos da cultura, galegos do comercio, galegos da hostalaría, do ocio nocturno, do ocio infantil, das orquestras e de todo tipo de empresas en crise responderon e resistiron nunha situación sen precedentes, e lograron chegar ata aquí a maioría deles. En efecto, está aumentando a contratación a nivel xeral —un 16 %—, a indefinida —máis dun 22 %— e tamén a tempo completo —case un 13 %—. En consecuencia,



tamén se produce un descenso constante das persoas protexidas polos ERTE. Xa saíron máis do 94 % dos traballadores que tiveron que acollerse a esta figura en Galicia.

Ademais, a recuperación xeral da economía estase a producir en maior proporción que na media nacional. O PIB, as exportacións ou o índice de produción industrial, por poñer algúns exemplos, rexistraron un mellor comportamento que no conxunto de España —en boa medida porque tamén logramos conter mellor os efectos da pandemia—. Nada disto sería posible sen o esforzo conxunto que, como sociedade, fixemos para respaldar as áreas que se viron máis afectadas. Galegos foron rescatados por outros galegos (*Aplausos.*): con arredor de 600 millóns de euros do presuposto da Xunta de Galicia en plans de axuda directa aliviaron o sufrimento de case 73.000 familias; con vacacións fiscais ás que se acolleron nos peores momentos 1 de cada 5 contribuíntes de impostos autonómicos; ou con préstamos para empresas en dificultade por máis de 115 millóns de euros. Como pobo puxemos todo o que estaba na nosa man, fixemos todo o posible.

Debemos facer este recoñecemento con medida. Loxicamente hai consecuencias da pandemia ás que seguro que non chegamos, ou que foron irreversibles. Tamén son perfectamente consciente de que as comunidades non fomos capaces de convencer o Goberno central de abordar todas as medidas que considerabamos necesarias. Por exemplo, que rebaixase o IVE do sector turístico de forma temporal ou que rebaixase o IVE das perruquerías de forma temporal.

Agardo, en cambio, que si poidamos conseguir para os próximos meses un levantamento gradual das medidas de protección e non abrupto ata que se consolide a reactivación. Deste xeito específico solicitamos ao Goberno central que reforce os mecanismos de transición para os traballadores que seguen en ERTE. Por unha banda, con incentivos ás empresas para que poidan saír desta situación e, por outra, vinculando os ERTE a medidas de formación para fortalecer a preparación do noso capital humano.

No que respecta a Galicia, esa desescalada está garantida. En primeiro lugar, porque seguiremos axudando —como ata agora— os sectores que máis sufriron a crise. Nos vindeiros días lanzaremos unha nova convocatoria do plan de rescate que corrixa as deficiencias que padecemos as administracións e os afectados polas condicións que se marcaron en Madrid. Adicionalmente, impulsaremos un programa específico de apoio financeiro para empresas. A través del modificaremos o decreto de avais para flexibilizar as liñas de apoio ao tecido produtivo. Abriremos a liña de préstamos estratéxicos a máis sectores e actuacións. E, por primeira vez, haberá préstamos parcialmente reembolsables, de xeito que os emprendedores que se acollan a eles non terán que devolverlos completamente se materializan un investimento que xere riqueza e emprego. Trátase, en definitiva, de conter danos e acompañar a reactivación máis inmediata. Este é tamén o obxectivo prioritario e por iso estamos desenvolvendo catro liñas de actuación que lles resumo brevemente:

—Incentivar o consumo, como fixemos co Bono Comercio, o Bono Turístico ou, máis recentemente, co Bono Cultura —un modelo no que fomos pioneiros e que, como saben, agora parece que se vai replicar—.



—En segundo lugar, tentar atraer investimentos: manteremos as bonificacións para adquirir solo industrial —que aumentaron as vendas de forma moi importante—; acompañaremos os proxectos empresariais reforzando a achega de capital-risco; desenvolveremos un programa informático dotado con intelixencia artificial dispoñible en web que sirva de soporte ás pemes na busca de liñas de axuda que se axusten aos seus proxectos; incorporaremos asesoría directa ás pemes para que poidan recibir axuda na configuración dos seus proxectos; e, por suposto, seguen á disposición os mecanismos da Lei de simplificación.

—Terceira vía: volveremos recuperar a axenda internacional para manter o rumbo exportador das nosas empresas, co obxectivo de conquistar 8.000 empresas galegas exportadoras e un total de exportacións de 25.000 millóns de euros no ano 2025.

—Por último, entendemos que é necesario reforzar as capacidades dos traballadores galegos para mellorar a cantidade e calidade do emprego, especialmente pensando na Galicia moza. Señorías, a educación xa está sendo clave para este obxectivo, especialmente grazas á adaptación do mapa de titulacións universitarias e á modernización da formación profesional. Neste sentido, quero agradecer tanto a implicación das universidades —dos seus reitores e equipos de goberno— como das empresas para apoiar a FP dual e seguir incrementando as extraordinarias cifras de inserción laboral neste campo. A todo isto súmase a formación en materia laboral, que xa existía antes da pandemia e que, á vista dos datos, dan resultados. Por iso imos reforzala e replantexala coa modernización das oficinas de emprego; con formación dixital flexible, adaptada e continuada ao longo de toda a vida laboral dos traballadores; co deseño de laboratorios de emprendemento en cada comarca —porque cada unha ten necesidades e potencialidades diferentes— e traballando para ter unha formación actualizada, máis rápida e máis práctica.

Quixera determe neste punto con máis profundidade.

Señorías, todos comprobamos con frecuencia que existen ámbitos profesionais claramente infradotados, algo que podería estar xustificado con pleno emprego pero non habendo as taxas de paro que existen no conxunto de España. Os desempregados en xeral, e especialmente os mozos, teñen que saber que nesas áreas hai alternativas de vida ás que non debemos renunciar. E esa mensaxe debemos tentar transmitirlos todos xuntos. Anúnciolles que nas próximas semanas impulsaremos un gran pacto con todos os axentes que poden darlle forma á Axenda Galega de Capacidades e Necesidades Laborais, coas organizacións sindicais e patronal, por suposto, pero tamén cos autónomos, asociacións profesionais, cámaras de comercio, entidades do terceiro sector, entidades formadoras, clústeres e asociacións e universidades. En materia de emprego temos que estar todos a unha para cruzar oferta e demanda e ser capaces de adaptar a formación ás necesidades reais do mercado laboral.

Con todo, a maior achega que podemos facer á recuperación é ser capaces de aproveitar as oportunidades. Como antes lles dixen, o noso obxectivo non é só recuperar os indicadores macro que tiñamos antes do coronavirus, senón recuperar tamén o camiño no que estabamos cara a unha nova economía en Galicia máis innovadora e máis verde. *(Aplausos.)*

No que se refire á Galicia innovadora, xa somos a segunda autonomía con maior crecemento da produtividade na última década. Neste tempo a innovación creceu en Galicia máis do dobre da



media en España. Temos o investimento en I+D máis alto desde que hai datos. E hai máis persoas ca nunca traballando neste ámbito: máis de 10.000. Porén, non nos conformamos. Para isto, unha das claves é seguir retendo talento con máis intensidade. Anúnciolles que imos dar un paso certamente importante para conseguilo. Temos avanzado moito neste ámbito ao longo dos últimos anos, é certo, pero tamén o é que as condicións dos investigadores son diversas e moitas veces dependen do voluntarismo de cada centro. Iso, na medida do posible, non debe ser así. Para solucionalo, anúnciolles que ao longo do próximo ano aprobaremos a carreira investigadora para que os investigadores do ámbito público en Galicia dispoñan dun marco común ao que adherirse —se o desexan— que lles garanta maior profesionalización e maior estabilidade.

No ámbito da Galicia innovadora tamén queremos que a sociedade galega siga preparándose para os retos dixitais do futuro. Temos aprobadas dúas estratexias clave neste eido: a Estratexia Galicia Dixital 2030 —con máis de 4.000 millóns de euros mobilizados— e a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2021-2030 —con 330 millóns cos que pretendemos posicionar Galicia con forza neste ámbito—.

Cara ao futuro, tamén impulsaremos o polo de computación cuántica, unha tecnoloxía innovadora que será esencial para acelerar o desenvolvemento dos sectores estratéxicos, como a medicina, a aeronáutica, a automoción, a loxística ou as telecomunicacións.

Finalmente, innovar tamén significa ser capaces de modernizar o noso tecido produtivo, abrilo a procesos e mercados nos que non estaba. Isto implica conquistar áreas punteiras, como fixemos e estamos a facer co polo aeroespacial ou co polo biotecnolóxico, pero tamén renovar en xeral todos os sectores.

É innegable que o sector primario se modernizou notablemente nos últimos anos. A lonxa virtual no mundo do mar ou a tecnoloxía incorporada ao agro, por exemplo, dan mostra deste salto. O noso obxectivo é fortalecer este proceso con novas plataformas de venda dixital en mercados internacionais para todo o sector alimentario. Por suposto, tamén seguiremos apoiando as industrias de transformación que xurdiron no sector primario, que son especialmente importantes no lácteo.

Señorías, tamén estamos dando resposta ás novas necesidades na industria. Saben que a Xunta acompañou a industria nos últimos anos. E seguiremos facéndoo, para que complete a pertinente actualización, coa nova Axenda Industria 4.0, para unha industria máis intelixente e sostible, que dea o salto cualitativo dixital e ecolóxico que precisa en termos de competitividade, creación de emprego e responsabilidade medioambiental. E coméntolles algúns dos eixes máis relevantes: reforzaremos os apoios para avanzar na transformación dixital, con programas específicos para as pemes, comercio e tecido industrial; de xeito inmediato, aprobaremos un plan estratéxico para o sector TIC; deseñaremos un polo enerxético para a transformación da industria a través da introdución do hidróxeno verde na industria e o transporte, así como medidas vinculadas ao almacenamento enerxético; reforzaremos o Plan de eficiencia enerxética, para facilitar o aforro e a redución da enerxía na industria; integrarase a loxística como eixe fundamental de competitividade empresarial; igualmente, axudaremos ás pemes a medir o seu impacto ambiental ou impulsaremos a economía circular, tamén nas pemes, para a implantación de medidas que lles permitan integrarse no novo modelo económico máis sostible.



Señorías, como ven, nestas últimas medidas tamén continuamos a nosa aposta por unha economía máis verde. Fixemos o maior esforzo normativo dos corenta anos de autonomía para situarnos á vangarda da loita contra o cambio climático e da ordenación territorial. E tamén pasamos aos feitos —que é o máis importante—:

—Fixemos un pacto polo clima cos concellos, e 271, é dicir, o 80 % da poboación, xa se sumaron ao obxectivo común de reducir emisións.

—Incrementamos nun 81 % a capacidade de Sogama, e adiantamos a 2020 o «vertido cero», que a Unión Europea exige para 2035.

—Mentres o Goberno permitiu unha drástica baixada este verán nos encoros da súa competencia, desde a Xunta fixemos cumprir a normativa vixente nos que dependen da Administración autonómica.

—Somos o primeiro goberno que loita realmente contra o feísmo. Priorizamos a rehabilitación sobre as novas vivendas.

—Temos vixente desde este ano unha moratoria na plantación de eucaliptos.

—Contribuímos con recursos públicos respecto de vehículos e electrodomésticos máis eficientes.

—Levamos case 15 millóns —¡15 millóns!— de metros cadrados de zonas de marisqueo recuperados desde 2009. Somos conscientes de que o verde de Galicia nunca se poderá entender sen o azul do noso mar. E por iso imos desenvolver unha estratexia galega para a economía azul.

—Galicia foi o ano pasado a segunda comunidade que máis enerxía renovable xerou —co 75,6 % do total na de autoconsumo—. Podemos cubrir o cen por cento do noso consumo eléctrico a partir de tecnoloxías verdes.

Son exemplos dabondo de que para nós a economía verde non é un slogan, señorías, é un camiño que cómpre andar con responsabilidade para que nin o desenvolvemento destruce o noso potencial ambiental nin a loita contra o cambio climático impida o noso progreso como pobo. *(Aplausos.)*

Permítanme poñerlles algún exemplo.

Hai partidos políticos que din que Galicia debe deixar de ser unha potencia eólica en España. Curiosamente son os mesmos partidos que nos parques eólicos da súa competencia —refírome aos parques que xorden da Administración estatal— están a tramitar todas as novas instalacións sen límite. Moitas veces, vémonos a posteriori obrigados a paralizalas porque afectan a zonas do territorio onde non se poden ubicar eses parques eólicos. Nós, en cambio, estamos a favor de que Galicia manteña o seu liderado eólico, pero de que o faga con responsabilidade. Por iso xa actualmente o 75 % do territorio está blindado fronte a novos de-



senvolvementos eólicos, onde está prohibido calquera tipo de instalación. Esta é a diferenza entre só falar e falar facendo.

Señorías, con rigor e con responsabilidade o camiño cara á nova economía non ten volta atrás. E, neste senso, como antes falamos, un dos principais instrumentos que temos son os fondos Next Generation. Desde Galicia queremos aproveitálos coa máxima intensidade, e por iso xa temos presentada unha candidatura que permitiría a mobilización total de ata 20.000 millóns de euros. Soubemos desde o primeiro momento que este non é un tema só da Xunta de Galicia. E por iso a candidatura galega é o froito dunha ampla colaboración coa sociedade civil e cos expertos económicos, que quero agradecer unha vez máis.

Quero agradecerllo a todo o tecido produtivo que fixo as súas achegas e presentou os seus proxectos. Quero agradecerllo aos departamentos da Xunta que deseñaron os proxectos do sector público e están apoiando os de iniciativa privada a través da Oficina de Proxectos Tractores. Quero agradecerllo aos integrantes da sociedade Impulsa Galicia, que se está encargando de promover a fábrica de fibras téxtiles, e ao Centro de Economía Circular, entre outros. Quero agradecerllo á comisión de expertos económicos que durante a pandemia trasladou a súa visión tamén a este respecto e que o segue facendo. E, por suposto, tamén a todas as persoas que fixeron achegas construtivas na Comisión de Reactivación que abrimos no Parlamento.

Como xa referín anteriormente, no relativo aos fondos percíbese unha gran desorganización a nivel nacional, e o papel que se lles reserva ás comunidades —de momento— é un papel marxinal. Por poñer un exemplo, a marxe de actuación que temos en política industrial é cero, e a marxe de actuación que temos en política comercial é cero. Todos os fondos europeos en relación coa industria e co comercio resérvao de forma exclusiva a Administración estatal.

Á espera de que o executivo estatal achegue un pouco máis de luz, desde Galicia estamos tentando compensar esa inconcreción co establecemento das áreas que, cando menos nesta primeira fase, consideramos prioritarias. Segundo o propio enfoque do Goberno central —que limita a nosa priorización a un máximo de tres proxectos— entendemos que os ámbitos que lles vou comentar se poderían dar por confirmados na estratexia nacional.

En primeiro lugar, está o sector forestal. Xa está en marcha o proceso para deseñar a primeira fábrica de fibras téxtiles procedentes da madeira en toda España. É unha gran aposta desde o punto de vista económico —máis de 800 millóns de investimento—. Tamén o é desde o punto de vista laboral, con máis de 1.500 novos postos de traballo, e tamén estratéxico, xa que permitiría pechar o ciclo de produción de madeira en Galicia.

A segunda prioridade é o sector agroalimentario. Tamén se está traballando da man dun sector que aglutina 86.000 empregos. O global das iniciativas que presentou o sector agroalimentario supera os 1.000 millóns de euros, e poderían xerar máis de 4.000 postos de traballo novos, tanto no agro como no vinculado á transformación do sector pesqueiro.

A terceira prioridade radica na automoción. Xunto coa industria deste sector, estratéxico para Galicia, temos a firme vontade de que saia reforzada no novo escenario. Para iso, hai deseñado



un programa de investimentos de máis de 1.300 millóns de euros en tres anos —programa de investimentos feito polo sector da automoción en colaboración co Goberno galego—. Agradamos que o Goberno central sexa sensible ao proxecto AutoAncora, do sector da automoción galega, porque non se comprendería que no único PERTE que se coñece ata agora quede fóra unha das comunidades referentes da automoción en Europa.

En cuarto lugar, priorizamos os proxectos en materia de enerxía, porque queremos que Galicia se consolide como un polo enerxético innovador e posicionar Galicia no eido da xeración de hidróxeno verde e do almacenamento enerxético, sempre intentando vencellar os proxectos ás zonas de Transición Xusta, é dicir, ás Pontes e Meirama, para impulsar a súa reindustrialización e o emprego. Prevedemos o impulso dun centro de investigación enfocado ao desenvolvemento de enerxías renovables innovadoras, con especial incidencia no desenvolvemento da enerxía eólica mariña e tecnoloxías de almacenamento. Debemos aproveitar as oportunidades que ofrece esta enerxía renovable e farémolo sempre con diálogo co sector do mar e a industria a través do Observatorio da Eólica Mariña. Neste senso, precisamente, vimos de impulsar a creación dun clúster da eólica *offshore* xunto con Asturias e Cantabria. Con estas dúas comunidades autónomas estamos traballando, ademais, nun corredor verde para a implantación de electrolineiras que faciliten unha mobilidade sostible na cornixa cantábrica.

Finalmente, tamén estamos traballando nunha candidatura conxunta no ámbito da medicina personalizada. Galicia conta cun importante potencial en áreas como a medicina xenómica, o descubrimento de fármacos ou a investigación ecolóxica. Ademais, tamén o proxecto Zendal, centrado nunha fábrica de vacinas, ten un importante efecto tractor para posicionar a Galicia neste ámbito.

Creo, señorías, que a madurez e o rigor dos proxectos galegos merecen o apoio do Goberno central. Sería, sen dúbida, o mellor piar para a completa transformación da nosa economía, un camiño que —insisto— para nós é un feito porque sabemos que é un acerto. Porén, véxome na obriga de volver alertar sobre o risco e os efectos de que a transición económica se faga de xeito abrupto, sen dar tempo ás empresas para a súa adaptación, e sen reparar se deixa tras de si ou non un regueiro de destrución económica e de emprego. Creo que é o que, de momento, está pasando.

Señorías, a política enerxética que está promovendo o Goberno central está xerando un desmantelamento do noso tecido industrial. O problema do prezo da enerxía ameaza 5.000 empregos nas empresas electrointensivas. Especialmente urxente é solventar o problema de Alcoa. A falta de entendemento entre o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Ministerio de Industria vai levar por diante ata 2.000 empregos entre Meirama, As Pontes e as fábricas de pas nas Somozas e Viveiro. Hai 5.200 familias que viven da madeira pendentes do futuro de Ence. Os cambios na normativa de costas poñen en risco arredor de 5.000 empregos en Galicia. Os compromisos de carga de traballo en Navantia e de modernización do estaleiro están retrasados e, nalgúns casos, anulados. Resultado: case 17.000 empregos en perigo de extinción.

Isto non é unha transición xusta, señorías. É toda unha reconversión industrial, unha reconversión industrial feita ás bravas mediante decisións equivocadas e insensibles. Tres factores inciden sobre a crise que está a sufrir unha parte da industria galega: os custos



enerxéticos, que están desbocados; unha transición ecolóxica apresurada e centralista; e unha ecoloxía interpretada como oposición radical e infundada a calquera proxecto.

Sobre os custos enerxéticos temos asistido a diversos tipos de escapismo que finalmente acabaron en nada, e que hoxe en día están poñendo en risco a viabilidade de moitas pemes e autónomos, ademais de abocar á pobreza enerxética os consumidores mais vulnerables. Non só non se afrontou o problema das grandes empresas consumidoras —como estaba comprometido— senón que estamos na maior crise enerxética da nosa historia.

En canto á transición ecolóxica, non hai tal. O que hai é unha ruptura abrupta que impide a progresiva adaptación de instalacións industriais que non teñen unha substitución doada. Non se atende á experiencia da maioría dos Estados europeos, que están sabendo acompañar o ritmo desa transición ás necesidades dos territorios dependentes da industria en cuestión. A reactivación da térmica das Pontes non vén máis que a confirmar que tiñamos razón. Non existe unha verdadeira transición nin se teñen en conta as peculiaridades de Galicia. Como ocorre noutras temáticas, o proclamado impulso federalizante convértese agora, á hora da verdade, nun centralismo que nin entende nin escoita nin comprende.

Todos vostedes saben que nalgún caso estamos a falar do futuro de comarcas enteiras. Non merecen nin a nosa desunión nin que partidos galegos se sumen a unha ecoloxía interpretada como oposición radical e infundada a calquera proxecto. Moitas veces dise que non sen coñecer o proxecto, mesmo antes de calquera análise técnica e ambiental. Iso non é defender a Galicia verde, é exactamente o contrario: buscar a desaparición da nosa industria e do noso futuro. *(Aplausos.)*

Solicito o apoio dos grupos desta Cámara contra o ataque continuado que está a recibir a Galicia industrial. Neste sentido, quero facerlles tres propostas concretas.

No caso de Ferrolterra, saben que propuxemos un pacto de Estado que involucre a todas as administracións públicas. Pedimos ao Goberno central un interlocutor, que por agora nin designou. Quero garantir que, con independencia disto, o que depende da Xunta farase nos prazos comprometidos. Por ese obxectivo vai velar a nova delegación da Xunta en Ferrol que imos crear proximamente. *(Aplausos.)* Pídolles o seu apoio para que o resto das administracións cumpran tamén a súa parte, así como para que o Goberno central cree unha zona franca en Ferrol. Repito, unha zona franca en Ferrol, como levamos demandando desde hai anos. *(Aplausos.)*

No caso de Lugo, seguimos a defender unha —xa inevitablemente— intervención temporal da planta de Alcoa por parte do Goberno central, así como unha solución que impida o peche de Vestas. Anúnciolles, ademais, que o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, propondrá que, se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na provincia de Lugo. *(Aplausos.)*

Finalmente, señorías, no caso de Pontevedra, a Xunta deu traslado esta semana ao Consello Consultivo da proposta dos traballadores de Ence para que os terreos da fábrica queden adheridos ao porto de Marín e así garantir a continuidade da fábrica. Propoño que todos os partidos nesta Cámara acatemos a conclusión deste órgano, sexa cal sexa.



Señorías, non merecemos a mesma consideración os que defendemos claramente o noso emprego e os nosos traballadores e aqueles que falan dunha Galicia industrial pero que, ao mesmo tempo, combaten boa parte das industrias —ou que se laian de falta de emprego industrial nun sitio e expulsan ese emprego noutro—. Iso é un engano que os galegos non merecen. Os partidos políticos que aplauden frivolamente peches evitables deben asumir con valentía os efectos catastróficos sobre o emprego en comarcas ou sectores enteiros. Nós non estamos aí.

Por outro lado, se cabe, todo é máis inxusto tendo en conta que moitas das decisións se fan para unha suposta transición verde da que, honradamente, en Galicia non podemos admitir leccións. Desde 1990 Galicia reduciu as súas emisións un 23,8 %, e no conxunto de España as emisións subiron un 8,5 %. Despois deste esforzo, ¿é lóxico que as consecuencias de que España estea incrementando as súas emisións e Galicia reducíndoas máis dun 23 % as paguemos os galegos?

Señorías, existe unha consecuencia do sectarismo que, na nosa opinión, está a dirixir a política económica en España nos últimos anos. Parece querer concentrar a vida en determinados ámbitos e converter os restantes nunha especie de sitios de recreo sen actividade nin vida. Só desde ese punto de vista se comprende a negativa do Goberno central a transferir a xestión do noso litoral para que, por exemplo, as edificacións abandonadas con valor arquitectónico poidan ter algún uso sostible para o noso país; ou para que poidamos decidir —sendo a comunidade autónoma con máis quilómetros de costa de España— o que se pode facer na costa, con, por suposto, obriga de cumprir a lexislación básica do Estado.

Non creo nun despotismo ecolóxico —máis ou menos ilustrado— que dita medidas dende a distancia e dende a desinformación. Cando se incorre en erros tan grandes como os referidos á protección do lobo —fáceis de evitar escoitando simplemente a nosa xente—, dámonos conta da soberbia coa que algúns nos queren gobernar. Algo parecido sucede con algunhas ocorrencias incluídas na Lei de protección animal. Todo conflúe en decisións que penalizan aos que realmente sosteñen e defenden a vida rural. ¿Como pode entón falarse de loitar contra a España baleira e despois aprobar estes sensentidos? Para nós a prioridade absoluta da Galicia rural son os que viven nela, son eles os que merecen a maior protección, á diferenza deste novo centralismo que practica políticas medioambientais nas que parece que o que sobran son os seres humanos. Nós queremos que haxa vida no noso rural. *(Aplausos.)*

Precisamente por iso estamos desenvolvendo, ao máximo das nosas capacidades, a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia —xurdida do consenso—, para diminuír o grao de parcelamento do territorio galego e poñendo á disposición de todos aqueles agricultores e gandeiros que así o demanden terra produtiva. Os primeiros polígonos agroforestais ou o elevado interese polas aldeas modelo son a proba de que, fronte a dogmas sen sustento real, o desenvolvemento é perfectamente compatible —e ás veces imprescindible— coa protección do medio ambiente.

Igualmente, señorías, temos trazada unha folla de ruta que non renuncia a que o rural teña servizos similares aos das zonas urbanas, como cando logramos que a práctica totalidade dos galegos dispoñan de cobertura 4G e cando seguimos mellorando as redes; cando desti-



namos máis de 1.100 millóns de euros para que os galegos teñan un servizo de auga e de depuración en condicións; cando logramos que 8 de cada 10 galegos vivan a menos de quince minutos dunha estrada de altas prestacións; ou como cando propoñemos solucións para que haxa caixeiros nos concellos sen oficinas bancarias. Estamos predicando co exemplo para que a Galicia única á que aspiramos estea máis próxima.

Señorías, neste obxectivo a mobilidade é clave. E por iso traballamos e seguiremos traballando para conseguir unha Galicia vertebrada e accesible para todos. O transporte público é a chave que garante o dereito dos galegos aos servizos esenciais e unha arma eficaz contra o despoboamento do rural. Cando a pandemia baleirou os avións, os trens e os autobuses, houbo quen viu a escusa perfecta para suprimir servizos que continúan aínda hoxe sen recuperarse plenamente. Neste mesmo contexto, a Xunta atopou razóns para reforzar a súa aposta sen precedentes polo transporte público. Culminamos a renovación de todo o transporte interurbano adaptando concesións obsoletas, deseñadas a mediados do século pasado, ás necesidades da Galicia actual —dos hospitais, dos polígonos, das empresas e das universidades—.

Igualmente, fomos pioneiros en darlle unha perspectiva social á mobilidade. Somos a única administración de España que ofrece autobús gratuito á súa mocidade. Non o fan o resto de comunidades, e tampouco o Goberno central no transporte da súa competencia nin tampouco os concellos que teñen transporte urbano —pídlles que recapaciten—.

Tamén abarataremos o transporte nas contornas das grandes cidades mediante o Plan de transporte metropolitano. Dende a súa posta en marcha, os galegos aforran cada ano máis de 11 millóns de euros nos seus desprazamentos cotiáns. Nos vindeiros meses poremos en marcha a «área única de transporte de Galicia», un modelo único de mobilidade interurbana e con tarifas igualitarias para os usuarios de bus dos trescentos trece concellos galegos. Tamén facilitaremos máis descontos e transbordos gratuítos, coa previsión de bonificar case 18 millóns de desprazamentos en transporte público cada ano.

Igualmente, temos as autoestradas máis baratas de España, e sobre elas aplicamos desde hai anos descontos para usuarios recorrentes e para as viaxes nocturnas. E desde este verán máis de 26.000 familias numerosas en Galicia poden desfrutar da viaxe de volta gratis nas autoestradas que conectan A Coruña con Carballo e Vigo con Baiona. Do mesmo xeito, estamos a traballar para que, nos vindeiros meses os descontos para familias numerosas funcionen en todas as liñas de transporte público. Poderán desfrutar de descontos adicionais de entre o 20 % e o 50 % nas súas viaxes en autobús.

Garantir o dereito á mobilidade require ofrecer servizos de calidade e tarifas sociais, pero tamén actuar no eido das infraestruturas para proporcionar o factor fundamental da nova mobilidade, que é a intermodalidade no transporte. O Goberno iniciou hai anos un traballo intenso para dotar as principais cidades galegas de estacións intermodais que conecten de modo máis áxil, sinxelo e seguro os servizos de autobús e ferrocarril, para facilitar o transporte público e sacar o máximo rendemento á chegada do AVE. Grazas a ese esforzo autonómico, hoxe Galicia xa está incorporada ao mapa da mobilidade, e temos en funcionamento novas estacións intermodais en Santiago e en Ourense. A de Pontevedra agardamos que estea nos vindeiros meses. Este mesmo ano remataremos tamén as obras da nova estación de Vigo; licitaremos as da nova es-



tación intermodal da Coruña —unha vez asinado co concello o convenio no reparto das responsabilidades—; e concluiremos o proxecto de Lugo. Tamén agardamos unha resposta favorable do Goberno de España para sacar adiante a proposta que formulamos para Ferrol.

As estacións intermodais son proxectos complexos que teñen o traballo e o investimento da Xunta garantidos, pero nos que cómpre que se cumpran os compromisos adquiridos pola Administración xeral do Estado para a reforma das terminais ferroviarias e así poder facer as estacións intermodais completas.

De forma compatible con isto, continuamos na execución dos eixes de comunicación que vertebran o territorio e reforzan a nosa competitividade como país. Iso obriga a traballar nunha dobre dirección: actuando nas nosas competencias e exercendo unha reivindicación eficaz das infraestruturas de responsabilidade da Administración xeral do Estado. A Xunta, os galegos, aumentamos a lonxitude da rede galega de vías de altas prestacións en 214 novos quilómetros, un 70 % máis do que recibimos no ano 2009 —por suposto, sen que se impuxese nin unha soa peaxe nova—. Continuaremos. Puxemos en marcha a construción do primeiro treito da autovía Nadela-Sarria, e antes de que remate o ano licitaremos a redacción do proxecto que debe completar o seu trazado. Igualmente, seguiremos as obras da Vía Ártabra, as da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, ou os proxectos doutros eixes, como a prolongación da autovía da Estrada, a da Costa da Morte ou a da vía de altas prestacións da costa norte.

No que respecta ao Goberno central, pódese acreditar que na última década a Xunta exerceu unha defensa leal e construtiva das infraestruturas pendentes en Galicia, con independencia do signo político do Goberno de España. As bonificacións que veñen de poñerse en servizo na AP-9 son froito dun continuo traballo de reivindicación e propostas deste Parlamento e do Goberno, que presentamos coa mesma insistencia ante o ex-ministro Íñigo de la Serna que ante o ministro José Luís Ábalos. Igual que traballamos, defendemos e insistimos ante o Goberno de España para que se aplicasen dunha vez as bonificacións da AP-9 comprometidas en outubro do pasado ano —hai un ano— para paliar o impacto nas familias e na competitividade do noso país; e igual que seguiremos defendendo e traballando pola súa transferencia á Comunidade de acordo coa unanimidade desta Cámara.

Estaremos expectantes tamén sobre os argumentos que esgrima o Goberno central ante a Comisión Europea polas prórrogas da concesión e tamén ante a posible decisión que adopte o Goberno de España ante o informe do Consello Galego da Competencia, que considera excesivo o sistema de compensación establecido polas obras de ampliación realizadas nesta autoestrada que están pagando todos os galegos a través da peaxe. Defenderemos tamén que o Goberno central aplique na outra autoestrada estatal, a que vertebra o interior de Galicia, a AP-53, bonificacións similares ás da AP-9. Refírome á autoestrada Santiago-Lalín.

E, por suposto, señorías, seguiremos vixiantes para que a entrada do AVE en Galicia, prevista para decembro deste ano, se faga nas condicións axeitadas; é dicir, garantindo os tempos de conexión das cidades coa Meseta. Neste sentido, resulta preocupante a previsión anunciada por Renfe de que empezará a prestar servizo coa frota de trens actuais e non cos trens AVRIL, comprometidos dende hai anos. Iso supón que os galegos non teremos alta velocidade



completa senón unha redución dos tempos de viaxe entre Galicia e Madrid por mor da mellora da vía do treito Pedralba-Taboadela.

Vólvese aprazar a alta velocidade en todo o territorio —como mínimo ata o verán do ano 2022—. Unha vez máis dixemos a verdade e unha vez máis —e xa van demasiadas— non nos din a verdade. (*Aplausos.*) Señorías, a infraestrutura dos trens de alta velocidade supoñen vías, catenarias e material rodante. É probable que teñamos vías e catenarias, pero non temos material rodante, e, por iso, entendemos a negativa do Goberno a informar sobre o material rodante.

Coa mesma tenacidade que ata agora, seguiremos perseguindo o AVE como un obxectivo de país, e continuaremos igualmente reclamando que continúe a modernización da rede ferroviaria na comunidade, entendendo e estendendo os beneficios da alta velocidade a Lugo, a Ferrol e a Vigo. O empeño que nos levou a conseguir, nunha alianza de éxito con Asturias e Castela e León, que o noroeste peninsular se incorporase ao trazado do corredor atlántico seguirá a movernos para demandar un esforzo para dotar o noso país dunha rede ferroviaria realmente competitiva. As conexións ferroviarias do porto exterior da Coruña e da terminal de Bouzas en Vigo, xunto coa liña de alta velocidade a Portugal, son prioridades que perseguiremos sen descanso; do mesmo xeito que seguiremos reivindicando que se activen as autovías esenciais de Galicia: o remate da conexión da autovía Santiago-Lugo —varios anos aprazado—; o avance da autovía entre Lugo e Ourense —nin se coñece sequera o calendario—; a circunvalación de Pontevedra —obra que segue e prosegue sen coñecer o seu final—; a conexión de Ourense e Ponferrada —tantas veces comprometida e tantas veces non iniciada—; a nova autovía Vigo-O Porriño —que estaba comprometida polo Goberno anterior e eliminada polo Goberno actual—; ou a autovía da Mariña —tantas veces comprometida e nunca comezada—.

Señorías, remato xa.

Entre as competencias que a Constitución e o Estatuto lle outorgan á Comunidade galega, hai unha que non se expresa formalmente pero que está no ADN da política útil, unha competencia especialmente necesaria nos tempos de hoxe: temos competencia para dotar o noso país de estabilidade. Exercida con responsabilidade, dá os froitos que puidemos ver nos últimos anos e que os galegos referendaron nas urnas. Pero non podemos caer en equívocos. A estabilidade pasada e presente non asegura estabilidade eterna. É un compromiso que debemos renovar día tras día. Síntome orgulloso de poder estar aquí en representación dunha terra que leva moito tempo escollendo a normalidade e o reformismo, pese a formar parte dunha España que non o consegue desde hai varios anos.

O proxecto de orzamentos do Estado volveuse presentar este ano fóra do prazo —non pasa nada—, como ocorreu o pasado exercicio e despois de dous anos coas contas prorrogadas. O reparto dos fondos europeos habilitados para a reconstrución tras a pandemia están a facerse con criterios arbitrarios e cambiantes. Non existe unha única opinión governamental sobre asuntos transcendentais para o país. Sempre hai que agardar a que se resolva o duelo entre socios, que carecen dun proxecto común —como tamén vivimos en Galicia en pasadas experiencias—.



Na práctica, señorías —e lamento ter que dicilo—, segue vivo o espírito do Pacto do Tinell, que impide o acordo entre os dous grandes partidos democráticos en España mentres constantemente se somete o futuro colectivo ás exixencias —cando non ás chantaxes— dos partidos minoritarios.

Todo isto ocorre desde hai demasiado tempo en España, con efectos lamentables para todos. Cando o fin prioritario non é gobernar senón sumar 176 escanos custe o que custe, o resultado é que son máis sonoros os problemas que xera a política que as solucións que ofrece. E, lamentablemente, debemos aceptar que nin a pandemia que vivimos desde marzo do pasado ano foi capaz de mudar esta situación no conxunto de España. Todo o que veño relatando segue pasando coa mesma ou similar intensidade.

Por iso, despois de todo o vivido, de todo o sufrido, de todo o perdido nos últimos meses, é lóxico que a xente se faga preguntas: ¿Que máis ten que pasarnos para que a clase política desaprenda a inestabilidade, a frivolidade e o sectarismo que se incorporou á vida pública española nos últimos anos? ¿Onde atopar un contrapunto, unha esperanza? Pois ben, unha resposta está, e vai seguir estando, en Galicia e na moderación galega. (*Aplausos.*) Gustaríame que fósemos capaces de demostralo comezando neste debate.

Hai tres claves para a moderación, señorías: o político moderado non inicia a súa xornada pensando no que pode facer para fragmentar a sociedade, senón no que pode aportar para unila; a segunda clave é a linguaxe que se utiliza, porque o político moderado non precisa ferir para explicar con claridade o que pretende, o que defende; e a terceira é ter presente que non hai verdades indiscutibles nin tampouco solucións máxicas para os problemas da xente.

Moderación non é actuar con tibieza. É ser comedidos cando toca e audaces cando se necesita. Galicia demostrou esta contundencia cando se trata de atender as persoas que peor o están a pasar. O vendaval da pandemia deixou detrás de si unhas estatísticas demoledoras, que nos preocupan e conmoven porque significan que no noso país aínda hai demasiada xente que sofre. Pero o camiño para a inclusión social non pasa polo populismo. Pasa por dar axudas de emerxencia ás persoas que están nunha situación límite, pasa por reformar o mapa de prestacións sociais —como estamos a facer a través dunha nova lei—, pasa por garantir a recuperación do emprego —con cifras que en Galicia xa son mellores que antes da pandemia, como dixen—. Isto, señorías, tamén é moderación, como tamén o é non venderlle á xente paraísos que non existen, porque, unha vez que isto queda ao descuberto, xera unha gran frustración. ¿Como poden sentirse os cidadáns aos que determinados partidos lles prometeron que se acabaría a pobreza con eles? ¿Como poden sentirse os que oíron non hai tanto tempo que a enerxía se podía baixar no tempo que dura un suspiro? ¿Como poden sentirse cando reciben a factura da luz e comprobaban subas estratosféricas?

A xente precisa e merece a verdade. E por iso nin lle deben facer falsas promesas nin tampouco hiperbolizar os problemas porque interese nun momento determinado.

Permítanme que ilustre isto cun tema de enorme importancia, co que convén non frivolar.



Señorías, para dicir que queda camiño para alcanzar a igualdade plena non é preciso ocultar o moitísimo que temos avanzando. Podemos e debemos sinalar que os problemas que aínda teñen as mulleres de hoxe son diferentes e menores aos que tiñan as mulleres de hai anos. Temos problemas dabondo, temos problemas dabondo que solucionar neste ámbito —especialmente a violencia machista, que debemos seguir combatendo, ou a violencia virtual nas xeracións máis novas— como para seguir falando dos que xa se superaron, como para pretender soluciónalos retorcendo a linguaxe sen sentido ou como para comparalos con outros moito máis graves noutras partes do mundo. Porque, non, señorías, a maioría dos problemas das mulleres de Afganistán, afortunadamente, as mulleres galegas non os teñen. Facer semellante comparación é un insulto que a poboación galega non merece.

Señorías, en todos os temas que podemos comentar neste debate son máis útiles as medidas que o ruído. Pídlles que ao longo desta tarde obremos en consecuencia. Son máis produtivos os termos medios que os maximalismos, que só serven para destruír, para separar —como se está vendo en debates de gran actualidade—. É compatible defender o dereito á vivenda co dereito á propiedade e coa loita contra a *okupación*. Fáganme caso, é compatible. Nin un extremo nin outro, en Galicia sempre nos atopamos na centralidade, como fixeron os galegos de hai corenta anos con éxito demostrado.

Este é o noso xeito de ser, e así o temos demostrando desde sempre na maioría dos asuntos. Tamén nun dos nosos bens máis prezados, que é a lingua. Amar o galego é posible sen deixar de lado o español, sen pecharnos a outras linguas. É posible para a maioría da nosa xente. Defender que a nosa xente aprenda inglés para saír ao mundo non impide seguir traballando para que o galego se fortaleza, sobre todo entre os máis novos, ou se abra a todos os ámbitos, como ao dixital a través dun dos proxectos máis importantes dende que temos competencias en materia de lingua, o Proxecto Nós. Non fai falla pechar Galicia e impoñer para loitar por que a nosa fala chegue a todas partes, tamén á Internet. É necesario ese concurso.

Señorías, a autonomía nace para dar resposta a unha demanda secular do noso pobo e tamén para unilo arredor das súas institucións. Ambos propósitos cumpríronse, e este logro merece ser subliñado no que é un dos momentos máis destacados da nosa vida parlamentaria.

Todos podemos coincidir en que este período marca un gran éxito colectivo visible no desenvolvemento material, na recuperación do noso orgullo de país e no fortalecemento da unidade. Non hai, na longa historia de Galicia, un período máis fecundo que estes corenta anos de autogoberno. (*Aplausos.*) Por primeira vez Galicia dirixe o seu destino, e faino ben. Como en todas as democracias do mundo, houbo crises, alternancias e circunstancias difíciles que puxeron á proba as institucións. Son avatares propios dun réxime de liberdades. Todas as formacións presentes nesta Cámara foron goberno e oposición, todas as formacións presentes nesta Cámara están gobernando en Galicia —nos concellos, nas deputacións, no Parlamento autonómico, na Xunta de Galicia— despois de procesos de cambio político que se realizaron con plena normalidade. Mesmo tiveron lugar procesos electorais en medio de circunstancias anómalas, nas que o pobo galego exhibiu un talante democrático admirable.

Máis alá de gobernos concretos, estes corenta anos de autonomía dan forma a un modelo político galego plural, estable, participativo e aberto a todos; un modelo apto para diferentes



proxectos políticos; un modelo que lle proporciona a Galicia un peso importante no conxunto de España e no concerto europeo; un modelo, sobre todo, dinámico que nos permite adaptar a nosa sociedade e a nosa economía a tempos cambiantes que requiren novas respostas.

Vivimos nunha nova encrucillada marcada por unha pandemia mundial que estamos dobre-gando, e por unha recuperación na que Galicia ten que marcar as súas prioridades sociais e económicas. Propono, señorías, unha recuperación á galega, unha recuperación xusta de verdade, que achegue os nosos valores e perspectivas aos cambios que se están a producir e que incorpore plenamente a Galicia aos camiños do progreso sensato. *(Aplausos.)*

Para o galeguista Valentín Paz-Andrade Galicia era unha tarefa. Así a vía tamén o compañeiro de todos, Valeriano Martínez: unha tarefa sempre inacabada para a que todos os esforzos son necesarios, para a que nunca un esforzo é excesivo. As mellores liñas da historia da nosa terra escribíronas persoas coma el, mulleres e homes que nunca perderon de vista que todo o que facemos é un legado para os galegos que virán tras de nós.

Valeriano Martínez era un servidor público. Valeriano Martínez era servizo público. Regaloulle a súa intelixencia á nosa comunidade ata o último día. Deixounos pensando nesta terra, na da súa nenez, na do seu traballo e na que foi feliz. Sentimos a tristura pola súa perda. Sen embargo, esa perda non impide que a pegada da súa entrega siga viva. Doulle as grazas neste Parlamento, que naceu cos mesmos soños que tivo o finado conselleiro de Facenda e Administración Pública. Oxalá que nos inspiren nos próximos pasos que ten que dar Galicia.

Moitísimas grazas. Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Suspéndese a sesión ata as 16:00 horas.

Suspéndese a sesión ás doce e quince minutos do mediodía e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión coa rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos co Grupo Parlamentario Socialista. Para iso ten a palabra o seu portavoz, don Gonzalo Caballero Miguez.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente.

Señor presidente da Xunta, señorías, autoridades presentes hoxe na Cámara, galegas e galegos que nos seguen dende as súas casas a través dos medios públicos, quero comezar a miña intervención cunha mención ao conselleiro Valeriano Martínez e trasladando, unha vez máis, o noso pésame a familiares, amigos, e ao Goberno de Galicia, así como a todo o Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)* Recoñecemos a súa traxectoria de servizo público. E así como lle teño trasladado ao presidente do Goberno de Galicia, ao voceiro do grupo par-



lamentario e tamén á súa familia, todo o Grupo Parlamentario Socialista lamenta esta situación tan complexa, este falecemento inesperado.

Quero tamén que as miñas primeiras palabras dende esta tribuna sirvan como recordo das vítimas da pandemia agora que coa Estratexia de vacinación estamos superando o máis complexo da crise sanitaria e acoutando o nivel de incidencia da covid.

Así mesmo, quero facer un recoñecemento ao conxunto da cidadanía galega, que fixo fronte a esta pandemia con responsabilidade e, dende logo, con vocación de superación.

Abordo o debate do estado da Autonomía cun claro compromiso con Galicia, porque Galicia é a nosa causa, porque servir os galegos e as galegas é a nosa razón e a nosa paixón. O noso norte é a procura do benestar da cidadanía galega, agora no presente, así como a apertura dun horizonte de oportunidades para o futuro. E por iso afronto este debate dende un galeguismo reflexivo e consciente —como diría Ramón Piñeiro— que nos inspira para comprender o que pasa en Galicia e tamén para comprender o que non pasa e para facer propostas para poder transformar a realidade para mellor.

Señoras e señores deputados, se 2020 foi o ano da chegada da covid, 2021 é o ano da vacinación. A vacinación é a gran nova, o grande avance do ano, o grande acontecemento, porque permite cambiar o escenario e abordar un novo tempo cara ao mundo poscovid. Por iso, quero tamén felicitar os galegos e as galegas pola próxima saída da emerxencia sanitaria, que non é outra cousa que o reflexo do éxito total da Estratexia española de vacinación marcada a carón da Unión Europea.

As vacinas funcionan, as vacinas son a solución, e España lidera o ritmo de vacinación entre os grandes países europeos e entres os grandes países do mundo. En España chégase ao 80 % da pauta completa e todas as comunidades conseguen niveis de vacinación moi importantes que nos permiten a todos poder entrar nunha era poscovid. É por iso que a Estratexia española de vacinación foi unha estratexia común a nivel europeo, unha estratexia solidaria entre todas as comunidades de España e unha estratexia compartida que implicou a todos os niveis do Estado, deixando á marxe os protagonismos políticos de certos representantes.

Hoxe, o señor Feijóo, o presidente da Xunta, anuncia que Galicia sairá da emerxencia sanitaria, pero esquecese tamén de recoñecer os seus erros en relación coa Estratexia de vacinación, porque a Estratexia de vacinación nos ten convertido nun país máis seguro contra a covid, pero vostede, señor Feijóo, hai agora un ano, dicía que a Estratexia de vacinación do Goberno de España era un anuncio grandilocuente e que non habería vacinas ata o segundo trimestre deste ano, un momento no que máis do 50 % da cidadanía galega xa estaba vacinada.

Pois ben, comezamos a vacinar desde os últimos días do ano pasado, xusto despois de que vostede negase a chegada da vacina. E agora, despois dun ano no que vostede buscou tamén conflito coa Estratexia de vacinación, criticando a falla de vacinas, implicando incluso declaracións do estilo da vinculación entre a vacinación e as eleccións catalás, e que mesmo este propio verán o propio conselleiro tamén denunciaba que non había vacinas, que se lle quitaban a Galicia —pero logo tiña que rectificar—, recoñezamos que a Estratexia de vaci-



nación foi un éxito e que os profesionais sanitarios en Galicia traballaron arreo tamén para colocar todas esas vacinas e permitírnos entrar nunha nova etapa. A vostede, señor Feijóo, parece que lle vale calquera tipo de cuestión para facer oposición ao Goberno de Madrid.

Hoxe non atopamos ao presidente da Xunta centrado en dar respostas aos problemas dos galegos e das galegas, nin o vimos moderado á hora de reflexionar sobre a Galicia que temos e sobre como mellorar a Galicia na que vivimos. Atopámonos un presidente da Xunta marcando unha estratexia análoga á do señor Casado, unha estratexia de confrontación na que Feijóo foi máis Casado *bis* que o presidente da Xunta de Galicia; (*Aplausos.*) unha estratexia de conflito que non leva a ningures, simplemente nunha escalada de tensión política que a dereita, a carón da ultradereita, quere enmarcar tamén dende os gobernos autonómicos para intentar sacar a un goberno de España lexitimamente constituído.

Eu quérolle dicir, señor Feijóo, que vostede xestionou a pandemia ao servizo do seu partido, porque vostede está máis preocupado por ser un líder opositor que por ser o presidente de Galicia, e por iso pon a Galicia ao servizo dos intereses do PP en vez de poñer o seu partido ao servizo dos intereses de Galicia.

Hoxe, señor Feijóo, o seu discurso non estivo á altura do que Galicia necesita, porque nos traslada vostede unha Galicia que vive nunha arcadia feliz na que se olvida dos problemas de tantos cidadáns que día a día non chegan a fin de mes, de tantos cidadáns que non atopan emprego, de tantos galegos e galegas que ven que no medio rural teñen menos servizos públicos, que se pechan sedes bancarias, de tantos galegos e galegas que non conseguen unha cita en atención primaria o máis urxente posible, de tantos galegos e galegas que están con problemas industriais e con problemas económicos. Vostede, señor Feijóo, hoxe non lles falou aos galegos e ás galegas, nin lles deu unha resposta nin un proxecto de país. (*Aplausos.*) Vostede, señor Feijóo, hoxe preferiu falarlle ao Partido Popular; preferiu falarlle a un Partido Popular que está nunha estratexia de conflito para conseguir acadar o Goberno de España. E por aí van mal, vai mal o Partido Popular, porque non lles van facer ningún favor nin aos galegos nin ás galegas. É o momento de poñer altura de miras e de entender o momento político, económico e social que estamos vivindo. Vivimos nun momento no que temos que entrar nunha nova era poscovid que é fundamental para o conxunto do país.

É por iso que temos que estar á altura, porque nós sabemos que as vellas receitas de sempre do Partido Popular non funcionan, que temos un goberno detido no tempo, nunha sorte de Día da marmota no que se suceden os recortes no eido do benestar e no baleiro nas áreas económicas. Iso si, cada día temos un gran anuncio que serve para un titular de louvanza para o señor Feijóo, pero na realidade as cousas de tantas familias e de tantos galegos e galegas non melloran.

De feito, tantos aspectos en sanidade, en escolas, amosan as dificultades que hai no país. E voulle enumerar algunha das realidades que os galegos e galegas coñecen e que vostede nega. Se miramos para a sanidade pública, ao longo destes meses e deste verán, faise evidente que en Galicia existen listas de espera estruturais en atención primaria: nalgunhas áreas sanitarias deste verán, ata 26 días de espera para conseguir unha cita co médico ou médica de cabeceira; que hai saturación na atención primaria; que ata o Colexio Oficial de



Médicos de Pontevedra presentou unha denuncia polo nivel de saturación —vostedes utilizan a atención telefónica para agochar as listas de espera—; que optan pola non presencialidade como un mecanismo para case todo, evitando recoñecer os problemas que hai para os que non teñen resposta; que o propio conselleiro recoñecía que agora hai que esperar 18 días máis para entrar no quirófano, 8 días máis para especialistas e que son necesarios dous anos para volver á situación precovid na sanidade pública galega, porque falta persoal, porque non se cobren baixas nin vacacións, porque desaparecen pediatras e porque cada verán pechan 600 camas hospitalarias. E iso sábeno ben os galegos e galegas, que están en cada área sanitaria do noso país mobilizándose para reclamar unha sanidade pública de primeira.

O orzamento sanitario per cápita en Galicia antes da chegada da covid era de 1.474 euros — o Consello de Contas—, por debaixo de sete comunidades análogas en condicións á galega, por debaixo de Euskadi, Asturias, Navarra, Estremadura, Aragón, Cantabria e Castela-León. En Asturias, o investimento en sanidade é de 250 euros máis por habitante, e o índice de temporalidade dos profesionais sanitarios en Galicia está no 44 % en atención especializada e no 28 % en atención primaria.

Vostede, señor Feijóo, fala moito de sanidade, pero o seu discurso non se corresponde coa realidade, e cada vez que vostede nega as dificultades que hai en Galicia, estalles negando a verdade aos galegos e ás galegas. E os galegos e as galegas merecen un presidente que lles diga a verdade (*Aplausos.*), porque cando pedimos cita, cando entramos na páxina do Sergas para pedir cita en cada unha das bisbarras de Galicia, non se consegue unha cita en atención primaria en 2, 3, 4, 5, 6 ou 14 días, e vostede está enganando a eses galegos e lles está faltando ao respecto, porque teñen que esperar para conseguir unha cita no médico de cabeceira pola falla de xestión que vostede fixo e pola falla de investimento ao longo de doce anos.

Pero se, dende logo, a sanidade pública adolece de problemas, temos que falar tamén da educación, onde vostede inicia o curso escolar despedindo centos de profesores de reforzo, onde vostede se nega a volver a un sistema de libros de texto gratuíto que funcionou ben, onde vostede se nega a establecer primeiras matrículas gratúitas na universidade, que sería unha gran medida, e onde, por certo, dende que vostede é presidente da Xunta de Galicia, o alumnado en graos e másteres universitarios caeu en Galicia nun 20 % dende o ano 2009. En España caeu un 6 %. E ningunha das universidades galegas recuperou aínda os niveis de financiamento previos ao ano 2009.

Parécenos ben, señor Feijóo, que avancen medidas e, dende logo, respaldamos o anuncio que vostede fixo hoxe de facer gratúitas as escolas infantís, tal e como o Partido Socialista de Galicia propuxo no programa electoral (*Aplausos.*) e tal e como eu lle plantexei no debate electoral e ao que vostede dicía que non. Cando rectifique, empece a acertar.

Pero se nos preocupan os servizos públicos en sanidade e en educación, tamén nos preocupan en política social, porque en Galicia o gasto en sanidade, en educación e en servizos sociais representaba no ano 2009 o 66 % do orzamento da Xunta, segundo o último estudo da Asociación Estatal de Dirixentes e Xerentes de Servizos Sociais. En 2009, o 66 %; en 2020, o ano da pandemia, ese gasto representaba un 62,5 %; 3,9 puntos porcentuais menos de sensibilidade social, de compoñente social na súa forma de entender o país.



En Asturias, a tendencia foi xusto a contraria. En 2009, representaba un 63 % e no 2020 representaba tres puntos máis. E, polo tanto, hai que dicir que se poden facer as cousas doutra maneira e que Galicia está á cola en profesionais e en servizos sociais. En Galicia hai un profesional en servizos sociais por cada 2.500 persoas. En España hai un por cada 1.875. Galicia está á cola nas comunidades en investimento por persoa dependente e, polo tanto, hai recortes contra os que non podemos deixar de facer cousas. O informe Foessa sinalou recentemente que en Galicia hai 320.000 persoas en situación de pobreza severa, e os datos do Instituto Galego de Estatística amosan que máis de medio millón de galegos non chegan con facilidade a fin de mes.

En Galicia hai só 1,2 prazas residenciais de financiamento público por cada 100 persoas maiores; no conxunto de España é do 2,69, o dobre. En Galicia, a cobertura dos servizos de axuda no fogar recíbena 3,3 de cada 100 persoas maiores de 65 anos. A media estatal está no 4,9, moi por riba da galega. Pero, se vemos a teleasistencia, aquí chega ao 2,3 % dos maiores de 65 anos; no conxunto de España, ao 10 %, catro veces máis. Esa é a falla de políticas sociais que vemos en tantos ámbitos, por exemplo, tamén para as persoas con discapacidade, os sectores de maior vulnerabilidade. En Galicia, hai 1,2 prazas residenciais por cada 100 persoas con discapacidade; a media estatal é superior, é de 1,6. En Galicia, podemos ver en moitas cuestións como os datos en servizos sociais están por detrás, e non pode ser. En Galicia, hai 6,3 prazas de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero cunha orde de protección; a media estatal é de 9,5. O seu compromiso coa igualdade necesita unha actuación e decisións. *(Aplausos.)*

E, dende logo, señor Feijóo, paréceme lamentable que no seu discurso de hoxe sobre o estado da Autonomía vostede se centre en sinalar que, en materia de igualdade e de loita contra a violencia machista, estamos mellor que hai moitas décadas, ou que as mulleres galegas están mellor que as mulleres de Afganistán. É unha falla de respecto á realidade e a mostra de que vostede non se compromete nin toma as medidas necesarias. *(Aplausos.)*

Vostede, señor presidente, acaba hoxe de anunciar unha vez máis un novo modelo de residencias para os nosos maiores, e cremos que é algo fundamental. Pero non pode ser simplemente un novo titular, un novo golpe de efecto cosmético co que maquillar os fracasos —fracasos amosados en tantas circunstancias—. Xa o dicía tamén o Consello de Contas, que aquí nin se vixiaba nin había servizos de inspección suficiente nas residencias; polo tanto, a situación de debilidade ante a pandemia foi maior. E por iso, señor Feijóo, pedímoslle que traballe e que saque adiante non soamente un novo modelo de residencias —dende logo, estaremos dispostos a contribuír para que se poida facer o mellor posible—, senón tamén que busque modelos de atención non residencial para os nosos maiores. Porque a protección dos maiores nunha Galicia con tanta xente maior é unha cuestión de país, unha cuestión de todos e de todas, e temos que darlles dignidade a aqueles galegos e galegas de idade avanzada que necesitan do respaldo do público e do benestar.

Vostede, señor Feijóo, plantexa distintas visións da realidade que non se corresponden co noso país, porque no eido económico vostede leva doce anos á fronte da Xunta de Galicia e a súa única estratexia consiste en atopar alguén a quen botarlle a culpa do deserto industrial, da falla de aumento da poboación ocupada e das dificultades da economía na que vostede



está convertendo a Galicia. Se vemos a evolución económica do noso país, podemos concluír que hai cuestións que avanza e outras que teñen máis dificultades. Pero se nós temos que analizar cal é a política económica da Xunta, en que medida a Xunta de Galicia contribúe a aquilo que vai ben, o folio en branco é a resposta. Non hai política económica, non hai estratexia económica, non hai modelo económico para a Galicia poscovid. Vostede amosa hoxe un discurso deslabazado de medidas inconexas co que non saben cara a onde queren avanzar, e o problema de carecer de modelo de estratexia e de compromiso de medidas é que os efectos os acaban sufrindo os galegos e as galegas.

Vostede converte Galicia nun almacén de desastres industriais. Pecharon empresas de referencia como a antiga Pescanova, como Caramelo, Alfajeme, Pórtico... Segue habendo problemas de forma continua en compañías como ENCE, Ferroatlántica, Alcoa, Barreras, Vestas, na Mariña lucense... (*Murmurios.*) ¡Claro que si! Xa sei que no Partido Popular, cando lle falan das súas responsabilidades, se poñen nerviosos, porque aquí non hai goberno, hai simplemente unha escusa de buscar responsables en España ou nos concellos de Galicia, (*Aplausos.*) pero nin hai xestión nin hai materia económica nin industrial.

Se nós vemos, señores do Partido Popular, a súa estratexia conservadora ante esta crise, concluímos que fallan o impulso, a estratexia, os obxectivos e as medidas. Escoitamos hoxe con atención un presidente da Xunta de Galicia dedicado a confrontar co Goberno de España, intentando evitar ser consciente de que ten todas as competencias en materia económica e industrial de acordo coas normas estatutarias do país e que é responsable do que se fai. Pero vostede cando fala, señor Feijóo, fai unha mestura estraña entre o escapismo, entre o conflito co Goberno de España e os lugares comúns, sen tomar medidas. Un presidente de Galicia ten que ter resposta e compromiso ante os problemas industriais do noso país. Un presidente de Galicia non pode estar escapando das súas responsabilidades, botando culpas cara a outros, como se aquí ninguén estivese á fronte do temón. (*Aplausos.*) E cando hai tantos problemas no país, é necesario tomar medidas. (*Aplausos.*)

Hoxe o Goberno da Xunta carece de visión, de ambición e de compromiso. E é a Estratexia de vacinación o que permite que Galicia avance e que entremos nunha nova fase. Pero vemos en moitos ámbitos esas eivas: se falamos de mocidade, vostede careceu de políticas de mocidade, tamén en materia de vivenda ou de xeración de emprego...; en moitos ámbitos. As súas políticas públicas de vivenda para a mocidade, por exemplo, son un burato negro, simplemente ridículas. Pero se o Goberno central propón un plan para axudar a que os máis novos poidan acceder a unha vivenda en alugueiro, vostede pon o grito no ceo, non o respalda, porque está na estratexia do Partido Popular, en vez de estar na estratexia de axudar a mocidade galega ante momentos de complicación. (*Aplausos.*)

Nun momento no que España vai contar con miles de millóns de euros para construír un novo futuro, nun momento no que a Galicia chegaron o ano pasado máis de 700 millóns extraordinarios aos orzamentos polo Fondo covid e no que este ano chegan máis de 1.100 millóns, podemos transformar a recuperación da crise nunha oportunidade para todos, e especialmente para os mozos e as mozas. Porque para iso son tamén os fondos europeos, para facer que o futuro da nosa mocidade poida construírse en Galicia con emprego de calidade e políticas de acceso á vivenda. Señor Feijóo, aproveite a oportunidade dos fondos



Next Generation e non faga vostede que as próximas xeracións de galegos e galegas teñan que estar no fondo.

E vostede ten que recoñecer que a súa xestión en materia de fondos europeos é manifestamente mellorable. Porque, mire, en Galicia, no día de hoxe, déixanse sen executar 4 de cada 10 euros que se orzan de fondos europeos, e só se paga no exercicio a metade do orzamento. O Goberno da Xunta de Galicia, malia toda a opacidade en tantos aspectos desas cuestións, ten a dubidosa honra de ser o primeiro Goberno autonómico que tivo que devolver fondos da política agraria común, fondos dos labregos e gandeiros galegos; 55 millóns de euros por non ser quen de executalos en prazo en 2015. *(Aplausos.)* É por iso que vostedes carecen tamén de boa xestión.

Pero se vemos a calidade institucional do país, por exemplo, conforme o prestixioso índice sobre a calidade dos gobernos subnacionais financiado pola Comisión e elaborado polo Instituto de Calidade de Goberno de Gotemburgo, veremos que Galicia suspende nos tres indicadores clave: calidade dos servizos, imparcialidade e percepción da corrupción. Obtemos o posto 14 das 17 comunidades. Resulta, cando menos, curioso que en 2010 ocupamos o posto número 2, coa mellor percepción cidadá en materia de calidade de servizos, de imparcialidade e de integridade pública e ausencia de corrupción, só por debaixo do País Vasco, e agora esteamos na cola.

Señor Feijóo, estamos nun tempo de reactivación, e pensamos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que é o momento de poñerse a gobernar e de deixar de estar na estratexia de conflito, que é o momento de buscar respostas aos problemas dos galegos e das galegas. Ao longo de toda esta pandemia, vostede aproveitou para combater e bater contra o Goberno de España en toda clave, en todas as dimensións. Nos peores momentos da pandemia, nos momentos das distintas ondas, nos momentos de conseguir o material, vostede sempre utilizou todos os instrumentos da Xunta para buscar conflito e para tensionar. *(Aplausos.)* E fíxoo, ademais, utilizando a canle dos medios públicos, esta Televisión de Galicia, que hoxe retransmite este Pleno do Parlamento de Galicia e que debería ser un instrumento permanente de imparcialidade, de representación da opinión. *(Murmurios.)* E, dende logo, os galegos e galegas que nos seguen na TVG poderían seguir todos os plenos que se desenvolven neste hemiciclo, porque sería un gran servizo público. *(Aplausos.)* Pero vostede, señor Feijóo, quere converter a televisión pública galega na televisión de Feijóo, en «Telefeijóo». E temos que dicirlle, señor Feijóo, que iso non é tampouco nin calidade institucional nin avance democrático, e que, dende logo, seguimos respaldando os traballadores da canle pública que cada venres sinalan a cor negra que vostede lles mete aos medios públicos. *(Aplausos.)*

Hai poucos día, señor Feijóo —hai pouco tempo—, lía un artigo dun analista que xeralmente fala razoablemente ben de vostede e que dicía que mentres Fraga creou a Galicia que pensaba, vostede tan só administrou o que lle deixaron, pero que non creou nada; que cando se vaia, o seu legado será baleiro. Agora, señor Feijóo, é o momento de crear unha Galicia pos-covid, de vangarda, de emprendemento, con ideas, unha Galicia que poida ser competitiva e que poida dar futuro aos galegos e ás galegas. Necesitamos un momento para facer o mellor proxecto para a Galicia do futuro, para a xente que pense unha Galicia alternativa á que temos e non soamente para administradores de contas sen implicación na política nin na



construción dun novo modelo económico. É o momento para xerar ideas con compromiso, é o momento para referentes con ideas e con ideoloxía. E vostede, señor Feijóo, ten ideoloxía, ten a ideoloxía conservadora do Partido Popular, pero carece de propostas e de ideas para sacar a adiante Galicia despois da crise máis profunda. Ten unha ideoloxía que o leva a pensar que Galicia se constrúe dende os poderosos, dende as grandes empresas, dende os macroproxectos que a maioría das veces non chegan nunca, que se crea a través das grandes noticias nos medios de comunicación, pero sen chegar a construír unha nova fase e unha nova etapa.

Galicia, señor Feijóo, constrúese cos galegos e coas galegas, cos grandes e cos pequenos, coa xente do país. E para saír desta crise hai dous grandes modelos, hai dúas grandes formas de facer unha saída desta crise, e vostede está errado. Cando esta mañá, señor Feijóo, facía referencia ao Goberno do Partido Popular en tempos da gran recesión, o seu subconsciente amosaba a competencia e a incapacidade da dereita para facer fronte ás grandes crises económicas. Porque, ante a gran recesión, as políticas de recortes e de austeridade que os conservadores en Europa e aquí en España aplicaron, tamén co seu beneplácito, amosaron como se podía meter o país e a actividade económica nun letargo máis lento, nunha dificultade máis complexa para saír, cunha maior ralentización da xeración de emprego. Pero agora nesta crise cambiou o paradigma e vostedes aplican e xestionan os fondos que chegan a Galicia sen entender o que implica unha política económica expansiva, sen ter o compromiso co país de utilizar os fondos públicos para redimensionar a capacidade produtiva, para loitar contra a desigualdade social, para xerar emprego.

O Goberno da Xunta de Galicia estivo desbordado con tantos fondos públicos que non souberon xestionar, que non souberon a que dedicar en momentos de pandemia. E por iso os enfoques progresistas da esquerda ante crises coma esta permiten unha saída distinta. E é por iso que houbo un novo paradigma en Europa que permitiu políticas expansivas, políticas keynesianas que chegan a toda Europa e que chegan tamén a Galicia a través dos orzamentos da Xunta. Galicia —como dicía— recibiu 735 millóns de euros extra en 2020 e máis de 1.100 millóns de euros extra en 2021. Pero o Partido Popular, o goberno conservador de Galicia, non sabe xestionalos, porque esa capacidade de gasto público, no fondo, é unha emenda á totalidade daquilo que vostedes pensan, daquilo que vostedes teñen feito e daquilo que vostedes agora saberían facer.

Cando vostede plantexa como gran medida de política económica baixar impostos —anunciárono onte, dixérono hoxe—, nin concreta en que, nin mide os efectos na progresividade, nin a implicación que ten para as arcas públicas. Porque vostedes teñen cartos dende a Xunta; o Goberno da Xunta dispón cartos porque hai un goberno en España que fai políticas expansivas e pon cartos nas mans dun Goberno da Xunta para protexer a sanidade pública, para protexer a educación pública e para facer políticas sociais. *(Aplausos.)*

A súa filosofía desta crise é perigosa porque vostedes seguirían aplicando as políticas dos recortes, as políticas de facer máis pequeno o público, as políticas de desigualdade e as políticas sen recursos públicos para conseguir financiar aquilo que é máis necesario. E se algo deberían ter aprendido nesta crise económica, social e sanitaria é que en momentos de maior conflito e de maiores problemas, o público hai que defendelo por riba de todo. Hai que po-



ñerse a gobernar pensando en fortalecer os servizos públicos, defendendo o Estado de benestar, permitindo a loita contra a desigualdade social. E iso hai que facelo cos fondos públicos que os gobernos progresistas permiten que existan e que vostedes nin queren nin fan por telos. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, a reactivación ten que ir a carón de tres grandes cuestións: necesitamos unha reactivación que fortaleza os servizos públicos, en primeiro lugar, e máis sanidade pública, máis educación pública e máis políticas sociais. É o mellor escudo protector para protexer os galegos e as galegas en situación máis vulnerable, para que dunha crise tan profunda coma esta non saiamos cunha sociedade cunha enorme fenda de desigualdade e con maior exclusión.

En segundo lugar, temos que apostar pola modernización da economía galega; é aí onde atopo un goberno ausente e sen modelo. Temos que facer fronte á dobre transición, á transición ecolóxica e á transición dixital. E temos que aportar tamén e apostar por un modelo de I+D+i que permita unha economía máis vangardista, tecnoloxicamente máis avanzada, máis competitiva, con maior produtividade.

E se o fortalecemento dos servizos públicos é un eixo fundamental, se a modernización da economía é un segundo eixo fundamental, a xeración de emprego é a cuestión clave para medir os efectos da reactivación. E a economía galega ten unha dificultade intrínseca á hora de xerar emprego. En termos de poboación ocupada, vostede sabe que dende que chegou a poboación ocupada caeu en Galicia de forma importante e que en Galicia hai cada vez menos traballadores no conxunto do país. Vostede pode edulcorar os datos como queira, pero calquera estudante de Economía sabe que cando vostede dá todos eses datos terxiversados, parciais, para confundir, non teñen ningunha veracidade.

Si, señores do Partido Popular, en Galicia hai menos poboación ocupada. Mentres en España crecía, aquí hai menos. O Partido Popular fala moito de xeración de empregos, pero o señor Feijóo é o mellor exemplo do fracaso da xeración de emprego en Galicia. Temos que potenciar esa reactivación con eses tres ámbitos, á vez que temos un discurso distinto, porque temos un proxecto distinto ao da dereita en Galicia, xa que nós estamos na esquerda, con plantexamentos progresistas, para sacar o país da crise con políticas expansivas. Dende logo, volvemos tender a man. E volverán vostedes decidir se queren construír o futuro con acordos de país ou se queren seguir ancorados nun rodillo do Partido Popular que non serve e que non dá solucións.

Ofrecemos tender a man para fortalecer os servizos públicos, para modernizar a economía e para aproveitar os fondos Next Generation naqueles proxectos que sexan os máis importantes e os de maior dinamización para a economía galega e, sen dúbida, para xerar emprego, emprego de calidade. Porque, ademais, hai que advertir sempre que, detrás dos datos do emprego, hai un crecemento, non soamente da temporalidade, senón dos contratos a tempo parcial que fan que a caída do emprego en Galicia sexa aínda máis evidente se a medimos en número de horas empregadas no noso país.

Señores do Partido Popular, non podemos perder o tren da transición e temos que loitar contra a desigualdade. Vostede e Galicia tiveron unha oposición responsable ao longo de toda



a pandemia, unha oposición que non cuestionou nunca as medidas que tomou o Goberno para frear a expansión do virus. Puxémonos a carón de vostedes incluso en momentos en que houbo erros como a estratexia de salvar o Nadal. Pero eu sei que xestionar a pandemia dende o Goberno de Galicia —como dende calquera outro goberno— non foi nada sinxelo e que lles tocou a vostedes facer un exercicio de responsabilidade no que, dende logo, nós, tendo posicións distintas, queremos tamén concordar no seu esforzo.

Vostedes, ao longo deste tempo, non entenderon a colaboración, pensaron basearse sempre na confrontación, en confrontar co Goberno de España, en confrontar coa oposición, en confrontar cos concellos de Galicia, e cremos que é un erro. A clave está en que nós pertencemos a Galicia e non en que Galicia nos pertenza a cada un, a un sector ou a un bando, como deixou escrito Lorenzo Varela. (*Aplausos.*) Pero tristemente vostedes non o acabaron de entender.

Claro que propoñemos cuestións. Propoñemos cuestións para mellorar Galicia, e esa é a nosa materia e esa é a nosa referencia. Podemos promover unha reactivación que protexa a sanidade pública, que permita sacar a concurso prazas novas na sanidade pública, pero cando llo plantexamos ao Partido Popular, non quixo e non soubo facer os contratos adecuados.

Podemos darlle estabilidade a todo o persoal sanitario que tivo contratos eventuais de máis de 300 días acumulados nos últimos dous anos, pero o PP dixo que non. Podemos aprobar un plan contra a pobreza e a desigualdade, pero o PP dixo que non. Podemos incrementar o persoal en servizos sociais, pero o PP dixo que non. Podíamos manter este curso o profesorado de reforzo contratado o curso anterior, pero o PP dixo que non. Podemos apostar pola igualdade con máis CIM, co Plan galego de conciliación e corresponsabilidade para que as mulleres non saian máis rezagadas desta crise, pero o PP di que non. É necesaria unha mesa para a reindustrialización de Galicia en comarcas como Ferrolterra, como A Mariña, para que a Xunta cumpra coa política industrial, que é a súa tarefa, pero o Partido Popular di que non. Prefiren anunciar grandes titulares e non facer política industrial. Podemos elevar o investimento en I+D+i ata o 1,5 % do PIB, pero a estratexia do PP é distinta. Podemos contratar 2.000 novos investigadores e investigadoras nesta lexislatura —hai fondos—, pero o Partido Popular non quere. Queremos elevar o investimento en cultura ata o 1 % dos orzamentos da Xunta, pero o PP di que non.

O Partido Popular di non aos plantexamentos que fai un país con máis e máis fortes servizos sociais, cunha reactivación cun escudo protector. Das nosas 300 propostas na Comisión de Reactivación, o PP aceptou o 15 % e rexeitou o 85 %. Iso é unilateralidade, escaseza de miras, falla de vocación de diálogo e de encontro. Podemos tender a man de forma continua e imos seguir tendéndo, porque sabemos que por diante virán momentos con máis ou menos dificultades e porque Galicia necesita de todos e de todas.

Queremos traballar por esa Galicia mellor, e estamos decepcionados porque o Goberno conservador de Galicia non entende que a cogobernanza conxunta é aceptar propostas de fortalecemento dos servizos públicos, de xeración de emprego, de transición ecolóxica e de tantos aspectos.

Déixeme dicirlle tamén, señor Feijóo, que vostede se olvidou ao longo de todo este tempo dos concellos de Galicia, que cando máis diñeiro recibiu a Xunta dende o Goberno do Estado



vostede pasou competencias aos concellos e non lles deu financiamento. Vostede atacou de forma constante o municipalismo galego recortando fondos e recortando compromisos. E a Galicia do día a día sabe que os concellos do noso país estiveron dende o primeiro momento traballando fronte á crise e buscando a mellor reactivación para todo o país. *(Aplausos.)*

Claro que hai propostas que poden facer unha Galicia mellor, e para xerar emprego hai que facer tamén discriminación e impulsos dende os ámbitos públicos para que aqueles sectores que poden estar máis afectados pola crise, como os parados de longa duración, como as mulleres ou como os mozos e mozas, poidan ter plans de emprego que permitan fomentar a xeración de emprego neses colectivos importantes. Así o plantexamos tamén na Comisión de Reactivación, propoñendo 13 millóns de euros para xerar neste ano que remata 3.000 postos de traballo para mozos e mozas en Galicia; unha xeración tan preocupada, unha xuventude que non sabe que vai ser do seu futuro.

Pero cando máis cartos hai na Xunta, temos á Xunta máis ausente e con menos empatía en tantos ámbitos nos que é necesario gobernar, e é por iso que lle pedimos ese compromiso dunha nova etapa nas políticas públicas. Tamén en materia medioambiental, porque o pedimos no ámbito social, no ámbito económico, pero tamén no medio ambiente é necesario un impulso, despois da falla de compromiso medioambiental dos gobernos conservadores de Galicia.

Cómpre asinar un gran pacto galego verde con todos os axentes económicos e sociais para poder impulsar en moitas cuestións aspectos que están pendentes, como a Declaración de emerxencia climática que está xa en marcha en outros moitos lugares, para poder apostar por un ecoloxismo real, e non por ese ecoloxismo radical ao que vostede fai referencia para pór de manifesto a súa falla de compromiso para loitar contra o cambio climático, para coidar a biodiversidade e para coidar a sustentabilidade.

Necesitamos rexenerar integralmente rías e ríos, pero a súa única política sobre a auga é a suba encuberta do recibo, que pretende a través da nova Lei do ciclo da auga, que non pacta cos concellos e coas deputacións de Galicia. *(Aplausos.)* Temos que apostar polas enerxías renovables, pero temos que facelo con equilibrio e con sentido de país. Vai todo o impulso ás enerxías renovables, todo o respaldo, pero, sen dúbida, buscando equilibrios coa paisaxe, coas comunidades locais, co territorio, coa xente, e que tamén eses rendementos poidan quedar en Galicia ante os retos do futuro. E temos que apostar tamén por unha economía circular, porque a media de reciclaxe en Galicia non acada o 20 %, a pesar de que o obxectivo europeo para este ano era do 50 %. E vostede segue apostando pola incineración, en contra do que son as novas modas e as novas directivas europeas.

É necesario afondar no proceso de coidar o noso medio natural, a través da Rede Natura, a través do coidado das especies e flora ameazadas; en definitiva, buscando medidas importantes para o bosque autóctono e para coidar tamén os parques naturais. E temos que facelo con equilibrio para defender tamén un medio rural ao que vostede lle deu a espalda ao longo de todos estes anos. Decía vostede que a lexislatura pasada ía ser a lexislatura do rural. ¡Menedura lexislatura do rural!, pechando servizos financeiros, recortando en sanidade pública no rural ou recortando en educación pública. Ese é o seu balance. E cando lles quitamos de-



reito aos galegos e galegas que viven no rural e reducimos a igualdade de oportunidades para cada galego con independencia de onde naza, temos unha Galicia peor.

E por iso é necesario tamén unha política de vertebración territorial, unha política que impulse a Galicia máis dinámica, máis vangardista, a Galicia urbana, a Galicia atlántica, pero á vez tamén unha Galicia que apoie o medio rural, que apoie a Galicia interior, a Galicia dos pequenos concellos, onde vostede amosou unha falla de compromiso meridiano. E, polo tanto, ante os retos de Galicia, temos que dar grandes respostas.

É necesario tamén, señor Feijóo, que a medida que pase o escenario dos peores momentos da crise construíamos as mellores institucións para servir os galegos e as galegas. E iso non o podemos facer nin desde as posicións dunha dereita conservadora que non asumiu novas competencias en doce anos de goberno da Xunta de Galicia, nin tampouco dende posicións que non queiran asumir o avance estatutario e o compromiso do Estado das autonomías.

O Partido Socialista de Galicia foi un partido fundamental para o modelo de estatuto que temos dende o ano 1981; un modelo estatutario no que as posicións máis extremistas non estiveron. E a moderación é tamén apoiar a mellor política, a mellor política que fixeron hai corenta anos os deputados e deputadas a carón da cidadanía que se manifestou en contra do «Estatuto da aldraxe». Polo tanto, porque cremos nunha España plural, nun modelo federal, nun modelo autonómico con distintos niveis de goberno e cunha estrutura de gobernanza multinivel, cremos que tamén, ao longo desta lexislatura, cando se superen os peores momentos da pandemia, haberá que construír e adaptar o Estatuto de Galicia aos novos tempos, para blindar dereitos e liberdades da cidadanía, (*Aplausos.*) para poñer o Estatuto ao servizo da xente e para que incorpore unha carta da cidadanía galega que sexa a mellor garantía para ter dereitos en pé de igualdade en sanidade, en educación e en servizos públicos en todo o territorio.

Fixérono xa moitas comunidades, e os tempos tamén importan en política, sabémolo ben en Galicia, porque cando se construíu o modelo constitucional do 1978 o feito de que Galicia aprobase xa un estatuto da etapa da República permitiunos tamén remarcar constitucionalmente o noso feito como nacionalidade histórica. E é por iso, porque os tempos importan, polo que temos tamén que poñer a tarefa de conseguir ter a mellor estrutura de gobernanza pensando nos galegos e nas galegas. Cando queremos adaptar e actualizar o Estatuto de Autonomía de Galicia, queremos facer para protexer os galegos e as galegas en situación máis vulnerable, para incorporar doses de igualdade e de feminismo na construción dunha nova Galicia, para darlles dereitos de cidadanía en tempos novos, como o dereito a unha vellez digna e tamén a unha morte digna, fronte ao que queren facer os conservadores.

Eu, señor Feijóo, sei que vostede tentou gobernar o mellor posible ao longo desta pandemia, e hai momentos en que, dende logo, a ninguén lle gustaría estar gobernando. Polo tanto, sei que ante todas estas dificultades temos que construír a Galicia mellor.

Do que vostede nos ten dito esta mañá, señor Feijóo, hai cousas que vemos ben. Vemos ben, señor Feijóo, que vostede anuncie agora que todas as escolas infantís en Galicia, especial-



mente aquelas que teñen un compoñente público, pasen a ser 100 % gratuítas e que todos os nenos e nenas poidan acceder a elas. Cremos que é unha medida na boa dirección.

Creemos tamén, señor Feijóo, que hai que buscar un modelo de financiamento autonómico no que as cuestións de avellentamento e de dispersión teñan un elemento diferencial para poder ponderar o custo de prestación dos servizos públicos. Aí estaremos tamén traballando para que Galicia teña o mellor financiamento, e, dende logo, cremos que a mellor estrutura para configurar a España plural que queremos é unha estrutura dunha España multilateral na que as distintas comunidades poidan falar e na que as que somos comunidades autónomas históricas, como Galicia, País Vasco e Cataluña, manteñamos sempre un nivel compe-tencial máximo. Por iso imos tamén traballar.

Non nos gusta, señor Feijóo, ningún modelo de independentismo en ningún tipo de plante-xamentos dentro da estrutura do Estado no que nós vivimos. Cremos que ese tipo de alianzas non traen nada bo para Galicia nin son axeitadas nin no fondo nin na forma. Pero si cremos que traballar dunha forma transversal por actualizar o Estatuto é un mecanismo útil no que temos que construír a Galicia do futuro.

E quero plantexarlles aos grupos da Cámara, ao Partido Popular, ao grupo maioritario, tamén ao Bloque Nacionalista Galego, que se poñan tamén a traballar para conseguir actualizar o Estatuto de autonomía, para ter o mellor marco estatutario para defender os galegos e as galegas na era poscovid, e facelo cun carácter transversal no que todos poidamos estar cómodos e no que o que nos une poida estar por riba daquilo que nos diferencia.

E, dende logo, señor Feijóo, seguirá tendo tamén a lealdade ante calquera evolución da pan-demia e das medidas sanitarias.

Do que vostede nos dixo esta mañá, señor Feijóo, hai cuestións que nos preocupan, porque, dende logo, compartimos a súa análise da gravidade da situación demográfica, pero que a estas alturas da película alguén crea que a Lei de impulso demográfico do Goberno da Xunta de Galicia vale para algo é estar vivindo nos mundos de Yupi. (*Aplausos.*) Non hai un galego ou galega que lle dea ningunha forza, nin viabilidade, nin credibilidade a unha lei que é unha carta aos Reis Magos, que non implica nada concreto nin dá ningunha solución. Se queremos xerar unha Galicia mellor, fagamos a mellor política económica, creemos emprego e apoie-mos os servizos públicos, porque alí onde hai emprego, servizos públicos e vivenda accesible, alí a xente está disposta a vivir e a poder convivir e a rexenerar demograficamente o noso país.

Nós compartimos tamén unha posición claramente europeísta; unha posición europeísta pero dende o progresismo, dende a esquerda. Nós cremos en Europa, na mellor Europa para dar respostas, que é a Europa que se está facendo ante esta crise. Pero non podemos, dende logo, caer nese discurso que vostede plantexa con total cinismo cando vostede lle bota en cara ao Goberno de España que cambiara o ministro de Sanidade na pandemia cando vostede cambiou o seu conselleiro de Sanidade para poñelo de presidente da Autoridade Portuaria de Vigo. (*Aplausos.*) Son inconsistencias evidentes que soamente se poden dicir mirándose no espello.



Nesa liña, señor Feijóo, hai un modelo económico fracasado tras a súa xestión. Vostede fai ese discurso de: máis investimento, menos débeda, menos impostos; un plantexamento errado que non responde nin ás necesidades do país, nin ás grandes claves. Cando vostede fixo a última reforma do imposto de patrimonio, amosou que ten como aliadas as rendas altas de Galicia e que é un aliado dos millonarios do noso país, e nós queremos un sistema impositivo progresivo que recade das persoas máis acaudaladas para conseguir poder fortalecer aquilo que nos iguala: a sanidade pública, a educación pública e os servizos públicos. *(Aplausos.)*

Está ben, señor Feijóo, que vostede anuncie esas baixadas de impostos, que vostede diga todo ese tipo de cuestións. No fondo, o sistema é o seguinte: o señor Feijóo vén ao Parlamento de Galicia a anunciar que el invita, pero quen paga é o Goberno central. Vostede anuncia moitas cousas boas, pero quen pon os cartos é o sistema impositivo do Estado, o fondo e o plantexamento que ten o Goberno de España. ¡E menos mal que houbo un goberno progresista ao longo desta pandemia! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. ¡Menos mal, señores do Partido Popular! Porque cun goberno do Partido Popular en España, o sistema de desigualdade que xerarían tería implicacións terribles para o noso país. Xa o fixeron cando gobernaron a gran recesión. Xa o fixo o señor Rajoy. ¿Acórdanse vostedes de todos os grandes referentes do Partido Popular? Bueno, o milagre económico chamábase Rato, e mire onde acabou o milagre económico. *(Aplausos.)* E despois do milagre económico de Rato, chegou o tempo de todos estes xenios que tiveron na política económica e que levaron o país á ralentización e a unha situación terrible. Así que, olvídense de dar grandes leccións de economía, porque nin entenden a economía, nin teñen plantexamentos para facelo.

Eu, dende logo, vou manter todo o meu traballo e o meu compromiso con Galicia. Cando vostede queira facer unha nova política industrial para Galicia, teranos ao seu carón. Pero vostede non dá nin unha soa proposta, nin un só plantexamento. Anuncia cuestións que non lle competen para non ter que dicir que vai facer naquilo que ten competencias. E claro que se poden conseguir cousas, claro que hai que traballar e hai avances. E cando hai que reclamar para Galicia, alí estaremos; estaremos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señores do PP, porque a realidade desmente todo o cinismo do Partido Popular de forma constante. Voulles poñer un exemplo, xa que vostedes están... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pódolles poñer varios exemplos. Miren, pódolles poñer un exemplo que se chama AP-9, que poden explicar como a prorrogaron vinte e cinco anos máis, como a privatizaron aos amigos do PP, como lles deron os fondos e como nunca rebaixaron as peaxes en todos os anos. *(Aplausos.)* E pódolles explicar como outros, cando chegou o Goberno progresista a España, nos xuntamos co ministro e plantexamos unha estratexia que permite unha rebaixa histórica das peaxes da AP-9.

Pódolle recordar tamén, señor Tellado, como había un ministro de Defensa que tiña as fragatas de Ferrol escondidas no caixón por intereses espurios con empresas do sector. *(Aplausos.)* Chámase PP, ¡chámase PP!

Porque, se queren falar de máis cuestións, tamén podemos falar do AVE a Galicia, cando era ministra unha señora galega e cando durante tres anos os investimentos do AVE estiveron conxelados sen accións nin compromiso. Tivo que chegar un goberno progresista a España



para que non se atrasase a chegada ao AVE nin un segundo por culpa do Goberno progresista, despois de tres anos no caixón do PP.

Dende logo, señor Feijóo, que xa sabemos todo o que fai falla para esas cuestións: fan falla vías, fan falla catenarias e fai falla material rodante. Pero con vostedes, nin vías, nin catenarias, nin material rodante. Esa é a diferenza do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Falan de máis, pero claro que tivo que chegar un goberno progresista a España para volver subir as pensións, para facer política social, para protexer a xente máis desfavorecida e para recuperar Meirás para o público, despois da conivencia da dereita coa familia Franco durante tantos anos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Así que, señor Feijóo, como a vostede lle gusta falar de España, pois falamos tamén do que fai o Goberno de España.

Por certo, vexa vostede nos orzamentos xerais do Estado como incrementan nun 30 % o investimento para Galicia, para cumprir coas infraestruturas de Galicia. Tome nota tamén do que hoxe está aquí. *(Aplausos.)*

Pero isto ía porque vostede o sacou, pero do que vostede ten que falar é do que fai vostede; do que fan outros xa lle toca a outros. *(Murmurios.)* Vostede goberna Galicia. Vostede ten unha maioría absoluta que nos enche a Cámara de aplausos e demais. Goberne en Galicia, pónase a traballar polos galegos e polas galegas, *(Murmurios.)* que para iso xestionan 12.000 millóns de euros e non se sabe que o fan. Saquen os cartos do colchón...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...fagan boa eficiencia, protexan a xente, e déixense de estar nese rodillo, porque, a pesar de que teñen votedes unha oposición que nada ten que ver coa deslealdade do señor Casado e do PP no Goberno de España *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*... Non; non o recoñecen, que é o peor. Ao non mirarse ao espello, é o problema...

O señor PRESIDENTE: Remate. Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Ese é o problema...

En todo caso, seguimos tendendo a man para...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...construír unha Galicia mellor dende a esquerda fronte...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CABALLERO MIGUEZ: ...ao retroceso do PP.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señoras e señores. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a súa portavoz, a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi boa tarde a todos e a todas e, moi especialmente, á cidadanía galega que nos está seguindo a través dos medios públicos ou das redes sociais.

Eu quixera que as miñas primeiras palabras fosen de lembranza, de reiteración do traslado das nosas condolencias á familia do conselleiro de Facenda, a Valeriano Martínez, a todas as súas amizades e tamén ao Partido Popular. Máis alá das nosas diferenzas, foi un servidor público e botarémolo de menos neste hemiciclo.

Señor Feijóo, este é o primeiro debate do estado da Nación desde que a pandemia marcou un antes e un despois nas nosas vidas. Todo, desde o máis grande ao máis pequeno, quedou trastocado polo virus.

A covid puxo en evidencia a nosa debilidade e vulnerabilidade, e, non debemos esquecerlo, nun tempo que invita a actuar desde a humildade e poñendo luces longas para pensar o futuro.

Foron meses de sufrimento, de angustia, de perdas no persoal e no colectivo, pero tamén foron meses onde a cidadanía demostrou a súa coraxe, a súa xenerosidade e a súa capacidade para saír adiante nos momentos máis duros.

Por iso, señor Feijóo, resulta doloroso que, unha vez máis, veña a esta Cámara a presumir de cifras de falecementos na pandemia; resulta terriblemente doloroso. *(Aplausos.)* E tamén causa vergoña allea que utilice este debate para atribuírse un mérito que non lle corresponde. ¿Sabe quen merece todo o mérito, señor Feijóo?: os galegos e as galegas, incluída a mocidade, á que tentou culpa para tapar os seus erros. *(Aplausos.)*

O mérito é da xente traballadora, dos milleiros de persoas que estiveron a pé de obra sen desfalecer; moitas delas mulleres precarizadas.

O mérito é das e dos profesionais da sanidade pública, cunha entrega total, mesmo arriscando a súa saúde para coidar da nosa.

O mérito é do persoal de enfermería e de todo o persoal de apoio, que fixo posible a vacinación masiva e que superou o caos da súa improvisación.



O mérito é do sector da hostalería, da cultura e de tantos outros, que asumiron o peche do seu medio de vida, mentres esperaban por unhas axudas tardías e insuficientes.

De verdade, ¿como pode vir aquí mentir dicindo que foron os primeiros en dar axudas cando o Goberno galego foi dos últimos? *(Aplausos.)*

O mérito é do persoal educativo, que, sen apenas medios, logrou sacar adiante o curso escolar e a formación dos nosos nenos e nenas.

O mérito é das familias, que fixeron malabarismos para conciliar —en particular, as mulleres—, moitas veces sen máis alternativa que ter un ollo no ordenador e outro nos fillos e fillas.

O mérito é, en definitiva, do conxunto dos galegos e das galegas, que arrimaron o ombro para saír adiante, mesmo quen soportou as situacións persoais máis dolorosas.

Nunca me escoitaría a min dicir que era fácil xestionar unha pandemia, nunca. E por iso non podo pasarlle por alto que veña aquí colgarse medallas que non lle corresponden. Porque todas temos ben presente o seu «salvemnos o nadal»; todas temos presente o seu empeño en botar balóns fora; temos presente a súa utilización propagandística da crise; e temos presente que o seu Goberno —igual que o Goberno do Estado— foi por detrás do virus.

Señor Feijóo, non se empeñe en borrar os seus erros con propaganda. Aprenda as leccións que nos deixa esta pandemia e actúe en consecuencia. Aprenda que a sanidade pública salva vidas e reverta doce anos de recortes e de privatizacións. *(Aplausos.)*

¿De verdade pensa que os profesionais da saúde que están neste momento ao límite o que están esperando é un monumento? O que están esperando é que vostede convoque as 6.000 prazas vacantes no Sergas. *(Aplausos.)*

Aprenda que a atención primaria é o corazón do sistema e deixe de desmantela. É que non se pode vir aquí mentir descaradamente, como fixo esta mañá. O seu Goberno non está entre os que máis invisten en atención primaria; é que é o cuarto pola cola de todo o Estado, e estamos por debaixo da media, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Pedímoslle que lle devolva á cidadanía o dereito ás consultas presenciais en tempo e forma.

Aprenda tamén que o coidado das persoas maiores non pode seguir nin en mans de ordes relixiosas, nin en mans de fondos de investimento que fan negocio coa vellez. Hai que avanzar nun modelo de xestión pública. É que nunha Galiza envellecida, en doce anos —doce anos; non un, nin dous, nin tres; doce anos, señor Feijóo— non puxo en marcha nin unha soa residencia pública. ¡Nin unha! ¿Pero é que non lle cae a cara de vergoña? *(Aplausos.)*

Estas son, señor Feijóo, algunhas das leccións que nos deixa a pandemia, e responder con propaganda e con vellas receitas fracasadas é un exercicio inútil para Galiza.

Estamos nun momento de grandes cambios e transformacións, nun momento onde temos moitos desafíos por diante que non nacen hoxe, pero é evidente que a pandemia acelerou e



deixou en evidencia un modelo esgotado que nos obriga a construír o futuro sobre novas bases. E neste momento de cambios e transformacións necesitamos máis que nunca pensar Galiza en grande.

A política leva demasiado tempo desvirtuada, sen darlles solucións ás maiorías sociais, e nós apostamos por recuperar o verdadeiro significado da política, que é esa que fai posible o necesario. E se algo é necesario neste momento, é superar o curtopracismo e pensar Galiza en grande.

Eu non podo ocultar a preocupación que sinto cada vez que o escoito reducindo a Galiza a un simple satélite de Madrid; quere diluírnos na rexión noroeste. E mire, Galiza non é un slogan electoral, Galiza non é un arma do pim-pam-pum bipartidista; Galiza é unha nación con historia, pero, sobre todo, unha nación que ten que mirar cara ao futuro. *(Aplausos.)*

Eu, cando miro Galiza, vexo un gran país con riqueza, con talento, con recursos, con sectores económicos de gran potencial e con xente creativa e traballadora. E por iso, a pregunta do millón é: ¿por que retrocedemos?, ¿por que estamos quedando atrás?, ¿por que perdemos poboación?, ¿por que emigra a xente nova?, ¿por que se fuga o noso talento?, ¿por que estamos nunha crise industrial perpetua? Señor Feijóo, ¿por que, se temos todo para avanzar, estamos retrocedendo? É evidente que non hai unha única causa, pero si hai un elemento central que explica este declive: un goberno sen ambición e sen proxecto de país. E ese é o seu goberno, señor Feijóo.

Leva doce anos improvisando, e nesta crise víronselle as costuras. Nun momento decisivo que vai marcar a Galiza das próximas décadas non se pode improvisar. Vostede, señor Feijóo, pensa Galiza en pequeno, xusto cando máis necesitamos un goberno que pense Galiza en grande. É un freo para Galiza; vostede é o presidente que veta todo o que signifique a defensa de Galiza: veta a tarifa eléctrica galega, *(Murmurios.)* veta usar os recursos do país para crear emprego e riqueza aquí, veta un sistema de financiamento para ter a chave dos nosos cartos, veta reforzar a atención primaria, veta un pacto pola ciencia, veta un sistema de residencias públicas, veta máis competencias. Vostede só lle di si a Casado, ao centralismo e aos *lobbys* económicos amigos do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E ser o presidente dos vetos ten consecuencias porque nos conduce á irrelevancia política e fai Galiza cada vez máis pequena. Vostede fai Galiza máis pequena na industria. Nestes anos non houbo nin unha soa empresa en crise que o seu goberno fora capaz de salvar, nin unha, ¡todas a pique! ¡Pero é que se nin tan sequera vén hoxe aquí a este debate e dá un paso adiante anunciando que a Xunta vai participar na intervención pública de Alcoa! E, mire, ¿quere salvar Vestas? Pois é moi fácil: vincule os novos parques eólicos á permanencia da empresa, *(Aplausos.)* verá como cambian as cousas. *(Aplausos.)*

Déixanos como balance industrial 14.700 empregos destruídos e un índice de produción industrial inferior ao de hai doce anos, e estamos perdendo competitividade. Con este panorama é normal que teñamos na rúa a miles de traballadores e traballadoras que reclaman solucións; solucións para Alcoa, para Vestas, para Vulcano, para Barreras, para As Pontes...



Señor Feijóo, deixe de buscar culpables e empece a buscar solucións, verá como cambia a situación da nosa industria. *(Aplausos.)*

Vostede fai Galiza máis pequena en innovación. En 2019 o investimento en I+D+i foi dun 0,97 %. Este é inferior ao que tiñamos no ano 2008, máis baixo que a media estatal e a unha distancia, bueno, sideral da media europea, que está no 2,2 %. Este dato explica por que co seu goberno desapareceron a metade das empresas innovadoras e por que se fuga o talento. E hai escasos días liamos un titular que é moi elocuente *(A señora Pontón Mondelo amosa unha noticia de prensa.)*: «Perdemos medio millón de euros en cada investigador ou en cada investigadora que se vai ao estranxeiro». É que a fuga de talento é un drama para o país.

Vostede fai Galiza máis pequena nos sectores produtivos. En 2008 había 13.349 explotacións lácteas. ¿Sabe cantas hai hoxe? 6.768. É dicir, pecharon a metade, e perdéronse 17.400 empregos. O sector pesqueiro ten menos cotas, sae tocado do *Brexit*, e isto tradúcese na perda de 6.200 postos de traballo, que, mire, xusto cando a nivel mundial se está dando un gran debate sobre a soberanía alimentaria, vostede achica o noso sector pesqueiro e gandeiro. ¡É, desde logo, un visionario, señor Feijóo! *(Aplausos.)*

E con este balance vén aquí falarnos pola mañá da súa preocupación no rural, ¡pero se o está desmantelando vostede con falta de servizos e de apoio aos nosos sectores produtivos!

Fai Galiza máis pequena nos servizos públicos. En educación: pechou 138 centros de ensino público, 1 de cada 10; recortou un 4,5 % do profesorado na pública, mentres incrementou un 5,5 % o profesorado na privada, e á universidade tampouco lle vai moito mellor, porque desde a súa chegada acumulan un recorte de 826 millóns de euros, arrastrando un déficit crónico de financiamento que non quere corrixir. E mentres vostede recorta na pública, ¿que fai?, apadriña unha universidade privada para ricos impulsada por un banco ao que previamente lle permitiu dar un pelotazo coas caixas de aforros.

En sanidade leva máis dunha década de recortes e privatizacións que son especialmente evidentes en atención primaria, que está ao bordo do colapso. As e os profesionais están exhaustos porque o seu goberno converteu en práctica habitual non cubrir as baixas, non cubrir vacacións e non cubrir xubilacións. E así, por primeira vez na historia, vemos listas de espera que chegan até as tres semanas para poder ter unha cita coa túa médica de cabeceira.

Señor Feijóo, temos que dicirlle unha cousa moi clara: non faltan profesionais, o que está sucedendo é que escapan da súa precariedade, *(Aplausos.)* ou dimiten en bloque, como fixeron os seus xefes e xefas de servizo de Vigo. Convoque as prazas vacantes no Sergas e poña fin á precariedade e tamén á caótica xestión que ten en atención primaria. *(Aplausos.)* ¡Recupere as xerencias de atención primaria! *(Aplausos.)*

E o colmo é que vén aquí presumir do seu apoio aos hospitais comarcais. Si, saia á rúa, e dígallo a «Verín non se pecha», dígallo á veciñanza da Mariña, que agora, para cambiar a pila do marcapasos, ten que ir a Lugo, ou preguntello á veciñanza de Valdeorras, despois de que suprimira Uroloxía, CardioloXía, DermatoloXía ou Medicina Preventiva. *(Aplausos.)*



¿E que dicir do coidado das persoas maiores despois de todo o drama vivido nas residencias? Se hai algún asunto onde sobra a súa propaganda, é, precisamente, no coidado dos nosos maiores. Eu teño aquí unha nota de prensa oficial que enviou estes días: «Avances tecnolóxicos nas residencias». Isto queda moi ben nunha nota de prensa, pero é que non vale para nada cando temos un sistema absolutamente privatizado. O 85 % das residencias son privadas ou de xestión privada e fan negocio coa vellez, e iso, señor Feijóo, non se soluciona con notas de prensa, soluciónase apostando por un modelo de xestión pública, empezando por recuperar as concesións a medida que venzan e apostando pola xestión directa de todas as novas residencias. *(Aplausos.)* ¡Debémolles o dereito a unha vellez diga aos nosos maiores! *(Aplausos.)*

Vostede fai Galiza máis pequena no financeiro. Abanca custounos 9.000 millóns de euros. ¿Cal é a situación hoxe? Pecharon máis da metade das oficinas bancarias, destruíronse 5.000 postos de traballo e naceu un novo fenómeno, que é a exclusión financeira; hoxe xa temos a máis de 42.000 persoas que nin tan sequera teñen un caixeiro para acceder aos seus cartos. E aumenta tamén o espolio do aforro, máis de 27.000 millóns de euros invístense fóra de Galiza en vez de usarse para financiar a creación de empresas e de emprego aquí. ¿E cal é a súa resposta? Pois é darlle 3 millóns de euros a Abanca para que poña caixeiros onde antes había caixeiros e oficinas. *(Aplausos.)* ¡Xa vemos para quen goberna! *(Aplausos.)*

Fai máis pequena a nosa lingua e a nosa cultura. Para empezar, confunde cultura con enterrar cartos no Gaiás, e non aproveitou o Xacobeo —nin parece que o vaia aproveitar— para darlles un impulso aos nosos creadores e creadoras. O galego segue en retroceso. É a única lingua de todo o Estado que perde falantes, sobre todo, entre a xente máis nova. E isto non é casualidade, é o resultado da súa política lingüística; e non llo digo eu, dillo a Real Academia Galega, porque o «decreto da vergoña» está sendo letal para o galego. A súa estratexia de acoso e derribo vai vento en popa, e o resultado é que vostede está estragando a maior riqueza que temos como pobo. *(Aplausos.)* ¡Que triste esa herdanza, señor Feijóo! *(Aplausos.)*

Vostede tamén fai Galiza máis pequena en igualdade social. Aumentan os galegos e galegas en risco de pobreza. Xa son máis de 600.000; no último ano a pobreza severa medrou un 20 %. E hai unha realidade que me preocupa especialmente: temos o maior número de pensionistas en pobreza severa de todo o Estado, son 170.000, e a inmensa maioría son mulleres. E con esta realidade o seu partido vota en contra de mellorar as pensións. ¿É que tanto lle parece ao Partido Popular que as pensións medren como mínimo o IPC? *(Aplausos.)*

Vostede fai Galiza máis pequena porque cada vez somos menos. Esta mañá deu uns datos demográficos que creo recordar que os cualificou como demoledores. E eu estou de acordo, jé que son demoledores! Pero, claro, a cuestión é que vostede non pasaba por aquí, porque o seu partido leva trinta anos gobernando Galiza e vostede leva doce sendo presidente. *(Aplausos.)* Polo tanto, a crise demográfica é o retrato do fracaso do Partido Popular e da súa incapacidade para darlle un futuro digno a este país. *(Aplausos.)*

E as súas políticas natalistas é que ten que recoñecer que son un fiasco. Dá igual que as poña nunha caixa que que as poña nunha lei, son un auténtico fracaso. É como poñerlle unha tiritita á sangría de mozos e mozas que temos na emigración, porque ese é un grave problema



para Galiza. Emigra a xente que estaría en idade de criar fillos, e vostede non ten ningunha alternativa.

Señor Feijóo, ten que recapacitar. Fai Galiza máis pequena en poboación, en industria, nos sectores produtivos, nos servizos públicos; máis pequena na lingua e na cultura, máis pequena en igualdade social. Pero hai algo que si fixo máis grande, tres veces máis grande: a débeda pública. Multiplicou por tres a débeda pública que está neste momento no seu máximo histórico e que suma 14.515 millóns de euros, o 19,5 % do PIB. Así incrementou vostede a débeda pública deste país. *(A señora Pontón Mondelo mostra unha gráfica.)*

E eu pregúntome, claro, vendo o balance, ¿en que gastou todos estes cartos? Porque ¡menuda herdanza lle vai deixar á mocidade! Unha mocidade que é imprescindible para construír a Galiza do futuro pero que está emigrando ante a falta de oportunidades. Desde que vostede chegou á Xunta, perdemos 218.000 persoas entre 16 e 34... Si, si, é demoledor, señor Feijóo, ¡unha desfeita demográfica! E ¿quere saber que nos din eses mozos e mozas que están fóra?: «Non me propoño regresar nun futuro próximo», «Aquí podo vivir do meu salario, pagar a hipoteca e aforrar», «Nin con dous salarios podería acceder a unha vivenda e formar unha familia», «Traballo o mesmo, pero teño unha calidade de vida que nunca tiven», «Oxalá puidera volver, pero, tal e como está o panorama, pinta mal». Estas non son palabras miñas, son palabras da xente que marchou e que vostede pode consultar nos medios de comunicación. É o responsable dunha xigantesca onda migratoria desde a «xeración millennial» á xeración Z, mocidade preparada que escapa da precariedade e dos baixos salarios. En definitiva, unha xuventude estafada por un goberno que non lle dá oportunidades.

¿Cando foi a última vez que tivo algún tipo de iniciativa a favor da mocidade? ¿Onde está o seu plan de emprego para a xuventude? ¿Onde as medidas para evitar a emigración? ¿Onde as políticas de vivenda que faciliten a emancipación? Voulle dar un dato: ¿saben cantas vivendas de promoción pública entregou en 2019 este goberno *(A señora Pontón Mondelo sinala coa man as bancadas do Goberno.)*? Catro, ¡catro! A este ritmo, vostede necesitaría máis de corenta anos para cumprir os anuncios propagandísticos desta mañá. *(Aplausos.)* Hai moito tempo que vostede lle deu as costas á mocidade e por iso a mocidade lle está dando as costas a vostede.

Señor Feijóo, Galiza precisa un presidente que confíe no país. Porque aínda que vostede pense en pequeno, Galiza é grande. Somos un gran país con riqueza, con potencial e con xente honesta e traballadora. E esta Galiza grande merece moito máis que un presidente que se move entre a submisión e a confrontación. Submisión e servilismo a Casado; confrontación estéril co Goberno de Sánchez, utilizando Galiza como arma partidista a favor dos intereses do PP e dos *lobbys* económicos amigos do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E, fíxense, esta mañá o señor Feijóo veu darnos unha clase de moderación xusto cando estamos ante o Partido Popular máis ultra da historia. Isto deixáronnolo moi claro nesa convención de rearme ideolóxico na que din cousas interesantes, porque, ao final, o resultado é que son o PP que nos di que o importante non é votar en liberdade, senón votar ben; o PP que despreza o Estado da autonomía —imaxinen o que pode dicir dun Estado plurinacional—; o PP que defende unha España monolítica e monárquica, cunha casa real corrupta; o



PP que ten como referentes ideolóxicos a políticos condenados por corrupción; o PP que nega a nosa lingua porque non acepta o plurilingüismo... En definitiva, un Partido Popular profundamente antigalego, porque cuestiona o noso autogoberno, o noso idioma e aposta por un centralismo que é letal para Galiza; o PP máis ultra, máis centralista e máis antigalego que vostede abraza. (*Aplausos.*)

Porque hai que admitir que foi un adiantado nese camiño ultra que agora recorren xa sen complexos. Foi pioneiro no ataque ao galego, recortou axudas a vítimas de violencia machista e ten o triste récord de ser o único presidente que non conseguiu nin unha soa transferencia en doce anos; foi un avanzado na manipulación dos medios públicos de comunicación e un adiantado na estratexia de anular o Parlamento a través da bronca, da mentira e da crispación.

E os feitos falan por vostede, porque en política, como na vida, hai que posicionarse, e a súa acción de goberno deixa moi claro de que lado está, señor Feijóo: do lado dos *lobbys* económicos amigos do Partido Popular; *lobbys* económicos privados ou privatizados, pero xenerosamente regados con recursos públicos, que para iso teñen as portas xiratorias.

E co prezo da luz a 300 euros megavatio/hora —unha estafa en toda regra para Galiza, para as empresas e para as familias—, é pertinente recordar algúns dos nomes que cruzaron esas portas xiratorias nunha lista que encabezan, por méritos propios, os expresidentes González e Aznar. Pero é que hai moitos máis ilustres: Fátima Báñez, Iberdrola; Isabel García Tejerina, Iberdrola; Ana Palacios, Enagás; Ángel Acebes, Iberdrola; Elena Salgado, Endesa; Gonzalo Solana, Enagás; José Folgado, Red Eléctrica; Josep Borrell, Abengoa; Luis Carlos Croissier, Repsol; Manuel Marín, Iberdrola; Pedro Solbes, Enel; Pío Cabanillas, Endesa; Luis María Atienza, Red Eléctrica; José Montilla, Enagás; José Blanco, Enagás; Isabel Tocino, Ence e Enagás; Beatriz Corredor, Red Eléctrica; Cristina Garmendia, Naturgy; Arsenio Fernández de Mesa, Red Eléctrica; Ramón de Miguel, Iberdrola; Santiago Lanzuela, Red Eléctrica; Antonio Miguel Carmona, Iberdrola; Carlos del Álamo, Ence; Beatriz Mato, Greenalia... Exministras, exministros, expresidentes do Congreso, un expresidente do Tribunal da Defensa da Competencia e unha exconselleira do seu goberno. Quizais vostede en 2024 tamén aspire a cruzar algunha destas portas xiratorias. Isto explicaría moitas das súas decisións; (*Aplausos.*) explicaría por que veta unha tarifa eléctrica galega, a súa negativa a unha empresa pública de electricidade ou por que está en marcha un *boom* eólico depredador que non respecta nin o medio rural nin o medio ambiente.

¿Até cando vai seguir abrazando as eléctricas, señor Feijóo? Porque ese abrazo retrata a súa forma de gobernar en contra da maioría social, mesmo en cuestións que son esenciais para a vida das persoas.

E esa forma de gobernar vémolaa coas eléctricas, pero tamén con Ence, con Audasa ou con DomusVi. Aí está Ence como un exemplo de como pon por diante os intereses dos *lobbys* económicos amigos, e, ademais, saltando a lei cunha prórroga declarada ilegal pola Audiencia Nacional. E agora ten que elixir se persiste nunha prórroga ilegal, arriscando os postos de traballo, ou se se pon mans á obra para trasladar a fábrica e salvar o emprego. Ten que escoller, señor Feijóo: ou está co Consello de Administración de Ence ou está con Galiza. Escolla. (*Aplausos.*)



Pero temos máis exemplos: a AP-9. Unha AP-9 cuxas ampliacións das concesións foron declaradas ilegais pola Comisión Europea, o que significa que os galegos e galegas pagaron 1.091 millóns de euros en peaxes ilegais desde 2013. ¿Non ten nada que dicir? *(A señora Pontón Mondelo diríxese ao señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo.)* É normal que non teña nada que dicir nin que me poida mirar, porque é vergonzoso o que fan coa AP-9. *(Aplausos.)*

Pero a min paréceme, señor Feijóo, que debería preocuparlle que o adxectivo «ilegal» aparece tantas veces ao lado da xestión do Partido Popular. *(Aplausos.)* Miren, a última desas ampliacións por vinte e cinco anos foi un agasallo do señor Aznar, a quen tamén lle debemos a privatización da AP-9 mentres vostede era o flamante conselleiro de Política Territorial. Supoño que aquí tampouco ten nada que dicir, á parte de atribuírse o mérito das rebaixas negociadas polo BNG na AP-9, que, a verdade, hai que ter cara, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

A AP-9 é un exemplo de capitalismo de amiguetes, igual que DomusVi, principal xestora de residencias en Galiza, propiedade de fondos de investimento que operan desde paraísos fiscais. En doce anos como presidente do Goberno non puxo en marcha nin unha soa residencia pública. Iso si, nada máis chegar, privatizou o 49 % de Sogaser e vai darlles 74 millóns de euros ao sector privado das residencias, do que DomusVi queda cunha parte substancial do pastel.

Como ve, sobran exemplos de como vostede goberna a favor dos *lobbys* económicos do Partido Popular e en contra dos intereses de Galiza.

E moito tememos que todo isto vai rodear o futuro dos fondos Next Generation. O perigo que temos é que eses fondos queden en mans dun puñado de multinacionais —ao mellor, ata as eléctricas que nos están estafando agora— e que sexan unha oportunidade perdida; *(Aplausos.)* unha oportunidade perdida para os sectores produtivos, para as pemes, para os servizos públicos e para sentar as bases dun novo modelo económico.

E resulta moi revelador que lle oculte ao Parlamento e ao conxunto da sociedade galega a que empresas quere vostede entregarlles estes cartos. ¿Que é o que ten que esconder, señor Feijóo? ¿Ten aquí algo que aportar, ademais de facer o que fixo hoxe pola mañá, que é recoñecer a súa incompetencia para defender os intereses de Galiza? Desde logo, é preocupante o seu escurantismo.

En definitiva, señor Feijóo, deixa vostede unha Galiza máis pequena porque goberna para ser útil a Casado e ás elites económicas. E urxe un cambio de rumbo, *(Aplausos.)* poñer Galiza por diante porque nos esperan debates de gran transcendencia.

E para abordar estes debates é clave decidir aquí e poñer en cuestión o centralismo, que está servindo para concentrar riqueza, recursos e poboación en Madrid, mentres Galiza perde esa riqueza, eses recursos e esa poboación. Hai que facer valer os intereses de Galiza, e para iso ten que deixar de pensar en pequeno e empezar a pensar Galiza en grande.

E con ese obxectivo, o de construír Galiza en grande, traemos un decálogo con propostas en obxectivos estratéxicos.



O primeiro obxectivo estratéxico é o autogoberno. Necesitamos gañar máis peso político e capacidade para decidir sobre o noso. Non pode seguir freando o autogoberno galego. Xa lle anuncio que imos traer a este debate unha dobre proposta: en primeiro lugar, poñer en marcha a Comisión de Transferencias para solicitar todas as competencias pendentes, e, segundo, activar unha ponencia no Parlamento para poñer sobre a mesa o debate sobre un novo status político onde nós temos moi claro e cremos que o lóxico é que avancemos para que se nos recoñeza como o que somos: unha nación onde as decisións máis relevantes estean en mans da cidadanía galega.

O segundo obxectivo estratéxico é como financiamos a recuperación económica. E, nese ámbito, é clave ter a chave dos nosos cartos, porque é evidente que sen autonomía financeira non hai autonomía política. Eu, señor Feijóo, estou absolutamente segura de que vostede prefere xestionar directamente o seu salario a que llo xestione un terceiro a 600 quilómetros. E a pregunta é: ¿por que lle nega a Galiza o que quere para vostede? Este é un debate que hai que dar, e pídolle que a ideoloxía centralista non o cegue.

O actual modelo de financiamento leva caducado desde 2014 e é prexudicial para Galiza, que aporta máis do que recibe. A proposta do BNG é moi clara: queremos un concerto económico como o que teñen Euskadi ou Navarra, que nos dea a chave dos nosos cartos.

Eu tamén son consciente de que o señor Casado nunca lle permitiría defender esta opción. Así que, polo menos, o que lle pedimos é que defenda unha maior autonomía fiscal e financeira para Galiza. E o BNG tamén ten propostas nesta liña que van máis alá do que vostede propuxo hoxe pola mañá. Hai que ampliar a porcentaxe de impostos cedidos até o 90 %, reclamar para Galiza a cesión do imposto de sociedades, que tributen aquí as empresas que teñen actividade produtiva aquí. As Iberdrola, as Naturgy, as Endesas e tantas outras deben pagar impostos aquí porque explotan os nosos recursos naturais. E avanzar nunha fiscalidade verde. *(Aplausos.)*

E para consensuar esa posición de país propoñemos unha Comisión de estudo no Parlamento para abordar un modelo de financiamento xusto para Galiza, porque o que non pode ser é que a política fiscal do seu goberno se reduza a rebaixas de impostos aos que máis teñen.

Neste segundo obxectivo estratéxico tamén son importantes os fondos Next Generation. Nós temos moi claro que estes fondos non son a panacea. Tamén nos preocupa que traian na cara b novos recortes sociais, pero é evidente que son os únicos fondos extraordinarios que imos ter para a recuperación económica. E aquí, claro, é que non sabemos cal é a súa proposta. Só sabemos que vén aquí queixarse do centralismo, pero, logo, cando o BNG propoñía a descentralización, vostede votaba en contra.

E é curioso que critique o escurantismo que practica en Galiza. En fin, a ver se polo menos neste tema podemos avanzar. En todo caso, formularemos unha estratexia con catro puntos: bilateralidade, cunha comisión Xunta-Estado para reclamar 12.600 millóns de euros dos fondos europeos. Transparencia. Envíe ao Parlamento todos os proxectos remitidos a Madrid. Capilaridade, para que os fondos cheguen ao tecido produtivo, ás pemes e aos servizos pú-



blicos. E codecisión co Parlamento, para que elixamos aquí os proxectos tractores e como se priorizan.

O terceiro obxectivo estratéxico é levantar o noso sector industrial. Para iso, hai que empezar freando deslocalizacións e peche de empresas e rescatando sectores estratéxicos: Alcoa, Alu Ibérica ou o sector naval. E, neste ámbito, sería importante que tiveramos un Instituto Galego de Crédito, que nos daría unha ferramenta moi potente para poder actuar.

Hai que potenciar un tecido industrial de pequenas e medianas empresas orientadas á innovación, á creación de valor engadido e ao emprego de calidade. Temos sectores onde podemos facelo: a automoción, o naval, o aeroespacial, a robótica, o químico-farmacéutico, o forestal, a agroindustria ou o mar-industria. E, ¿como se pode? Pois nós propoñemos un plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial, co obxectivo de que elevemos o PIB da industria até o 25 % en 2030.

E en relación co sector industrial, a estafa da luz demostra a importancia do sector enerxético en termos sociais e económicos. Este é un asunto que merece un debate en profundidade. Por iso, propoñemos unha mesa para un pacto galego pola enerxía que aborde varios elementos: como compensar a Galiza pola súa función produtora; unha transición enerxética xusta; o impulso dun centro de almacenamento de enerxía; un novo modelo eólico que respecte o medio ambiente, que respecte o medio rural, que se vincule a proxectos industrias e con participación pública nos beneficios; e, por último, impulsar cambios para acabar cos beneficios caídos do ceo e recuperar as concesións que van caducando a través dunha empresa pública de enerxía.

O cuarto obxectivo estratéxico son as infraestruturas. E non quero deixar de mencionar a AP-9 como un eixo vertebral e de anunciarlles que traeremos a proposta de rescatar a concesión da AP-9, aproveitando a declaración da Comisión Europea, para poñer fin a unhas peaxes abusivas.

En materia de mobilidade, tamén propoñemos un plan para facer competitivos os nosos portos e aeroportos, empezando por reclamarlle ao Estado que asuma a débeda do porto da Coruña, como fixo con Valencia, e impulsar o papel do porto de Vigo como gran motor económico e o Corredor Atlántico de Transporte de Mercadorías. Para nós as relacións con Portugal deben ser estratéxicas, máis alá do que significan as infraestruturas, porque son unha oportunidade económica para Galiza. Pero é que vostede mira tanto para Madrid que non ve a potencia atlántica. *(Aplausos.)*

O quinto obxectivo estratéxico é reforzar os servizos públicos. O máis urxente é sacar o sistema público de saúde da UCI. E iso pasa por reverter os recortes e as privatizacións. Propoñémolles un plan de choque de 200 millóns de euros en atención primaria, reforzar e contratar máis persoal en todas as categorías e acadar o obxectivo de que o 25 % do orzamento do Sergas se destine á atención primaria ao final da lexislatura.

En segundo lugar, nós apostamos por que haxa un plan de saúde mental, pero é que xa nolo anunciou o ano pasado e o que fixo foi consignar un millón de euros. Polo tanto, pedimos



que tome en serio o problema, tendo en conta que o suicidio é xa a segunda causa de falecementos entre a xente moza no noso país.

E tamén quero anunciar que imos facer da defensa dun novo modelo de residencias de xestión pública un elemento central, porque hai que garantir un dereito fundamental a unha vellez digna e a que iso non se converta nun negocio. Sabemos que reverter as cousas non se fai en dous días, pero xa lles digo que para o BNG vai ser un obxectivo irrenunciable. *(Aplausos.)*

O sexto obxectivo estratéxico é a ciencia, por iso propoñemos un pacto galego pola ciencia que inclúa que a medio prazo academos un investimento do 2,5 % do PIB e que apostemos pola retención e captación de talento con medidas como o Innogal, porque sen científicas non hai ciencia e sen ciencia non hai futuro. *(Aplausos.)*

O sétimo obxectivo estratéxico é a emerxencia climática. E, entre as prioridades, ten que figurar a elaboración dunha lei galega contra o cambio climático; unha lei que ten que abordar cuestións como os incendios, os residuos, a axenda urbana, a preservación do medio ambiente ou a xestión da auga. E, neste ámbito, quero dicirlle que para nada se pode manter o sablazo ao recibo da auga que prepara o seu goberno; ten que ir xustamente na dirección contraria. *(Aplausos.)*

Falounos esta mañá de despotismo ecolóxico. Teño que dicirlle que a nós o que nos preocupa é o despotismo eléctrico, ese polo que o seu amigo de Iberdrola se forra mentres Galiza paga os custos ambientais e a cidadanía a estafa da factura da luz. *(Aplausos.)* Contra ese tamén temos que loitar.

O oitavo obxectivo estratéxico é a igualdade. E aquí permítanme facer unha reflexión sobre a importancia de illar a quen difunde un discurso de odio, de intolerancia, de LGTBIFobia, machista e negacionista da violencia contra as mulleres. A mecha da intolerancia e do odio é moi fácil de prender, pero non é tan fácil de apagar. Todas temos na mente episodios trágicos como o asasinato de Samuel. Temos que construír unha sociedade na que ninguén se sinta discriminada, nin ameazada pola súas crenzas, polos seus sentimentos ou pola súa maneira de amar.

Señor Feijóo, pídlle que o Partido Popular se sume ao cordón sanitario contra a extrema dereita, para que esa mecha non prenda. *(Aplausos.)*

Na loita das mulleres pola igualdade queda moito por facer e necesitamos ir máis rápido. Por iso seguimos defendendo medidas legais contra a brecha salarial, políticas reais de conciliación e corresponsabilidade, e, como non, que se destine á loita contra a violencia machista 1 de cada 100 euros que ten a Xunta de Galiza, 1 de cada 100 euros a favor da igualdade e da liberdade das mulleres.

O noveno obxectivo estratéxico é a lingua e a cultura. Apostar pola nosa lingua e a cultura é unha cuestión de orgullo de país, pero tamén é unha cuestión importante na creación de emprego e de riqueza. Propoñemos destinar o 2 % dos fondos Next Generation á cultura,



crear o Instituto Rosalía de Castro para a súa internacionalización e promover a creación audiovisual como unha cuestión estratéxica.

No referente á lingua, urxe derrogar o «decreto da vergoña» e devolverlle o galego ao ensino como lingua vehicular. (*Aplausos.*)

E completa este decálogo de obxectivos a defensa da democracia. Temos unha democracia de baixa calidade, na que os poderes económicos fan e desfán sen presentarse ás eleccións. Unha democracia de baixa calidade porque ten vampirizada a TVG; unha democracia de baixa calidade porque usa a súa maioría absoluta de xeito absolutista para amordazar este Parlamento; unha democracia de baixa calidade trufada de abusos bancarios, portas xiratorias e fraude fiscal, na que —hai que dicilo— o emérito fugado simboliza como poucos que neste Estado non todos somos iguais ante a lei. (*Aplausos.*) Temos que acabar con isto se queremos unha democracia plena.

E remato, señor presidente.

Estas son cuestións estratéxicas do BNG para pensar Galiza en grande, porque, señor Feijóo, pese ao seu balance de doce anos de destrución, de desconstrución e de demolición do país, no BNG somos optimistas. Somos optimistas co futuro de Galiza, optimistas tanto da intelixencia como da vontade, optimistas irredentas co futuro de Galiza. Porque Galiza é un gran país. Cada día, en cada lugar, miles de galegos e galegas levantan as persianas para sacar adiante os seus negocios contra vento e marea.

Cada día as familias afrontan o reto de conciliar vida persoal e laboral, sobre todo as mulleres, sen renderse.

Cada día coñecemos pequenas e medianas empresas que son punteiras.

Cada día temos exemplos do talento creativo da nosa xente da cultura, en todos os eidos, sen renderse ante as montañas que teñan que subir ou os desertos que teñan que cruzar.

Cada día, en cada aldea, en cada pequeno pobo do rural ou da costa, vemos exemplos en defensa desa maneira de vivir e de habitar o territorio. Son a resistencia contra o abandono e o despoboamento.

Cada día, a nosa mocidade dá exemplo da súa capacidade para emprender e buscarse a vida.

Cada día, miles de traballadoras e traballadoras demostran que temos un tecido produtivo de primeiro nivel e que temos riqueza para ser referentes no sector agrario, na pesca, na industria.

Cada día podemos ver a solidariedade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a coraxe, a xenerosidade e o empuxe dunha cidadanía viva e activa, que foi un exemplo nesta pandemia.



Por todo isto, e moito máis, Galiza é un gran país e non merece un presidente que pensa e actúa en pequeno. Desde o BNG queremos construír unha nova Galiza, unha Galiza en grande. E, nese empeño, seguiremos traballando, desde o optimismo da intelixencia e da vontade, man a man, cos galegos e coas galegas.

Moitas grazas. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Boa tarde, señor presidente.

Moitas grazas.

Invitados, señorías.

Poucas veces na historia desta Cámara tivo lugar este debate sobre a política xeral da comunidade autónoma nun momento tan excepcional; nun momento no que tantas familias galegas choran aos seus pais, nais, irmáns, amigos e amigas..., en definitiva, aos 2.643 falecidos como consecuencia da primeira pandemia que vive a humanidade desde o último século e no que 500 galegos e galegas aínda seguen sufrindo a enfermidade, 44 deles hospitalizados. A todos eles queremos mandar os nosos ánimos e a nosa aperta máis sentida. Nun momento no que moitas persoas, moitos dos nosos veciños, están a sufrir os efectos que a pandemia e as decisións que houbo que adoptar para minimizar a súa expansión deixaron nos seus empregos, nas súas condicións de vida e mesmo na súa saúde física e mental. Unha crise, igual que todas as pasadas, que introduciu na nosa sociedade novas desigualdades que unha sociedade solidaria como a galega non debe aturar. Nun momento no que a pandemia e os seus efectos se acumulan diante dunha sociedade que comezaba a recuperarse da gran crise financeira da década pasada e trataba de afrontar, nesta ocasión histórica, a vangarda das transformacións e os retos tamén globais que representan para todas as sociedades e nacións do mundo a revolución dixital, cos seus efectos na produción e no emprego, e o cambio climático, cos seus efectos no benestar.

Poucas veces, en fin, foi tan necesario pararse, reflexionar con carácter xeral, como se pretende coa institucionalización anual deste debate, e explicitar cal é a posición dos distintos representantes democráticos nestes momentos de transformacións históricas sobre onde estamos, onde imos e, como sociedade politicamente organizada, cara a onde queremos ir.

Sobre como estamos, porque a esencia deste debate, en primeiro lugar, é a rendición de contas diante da sociedade, rendición de contas do Goberno, que, a través do seu presidente, esta mañá expuxo todo o feito nos últimos meses, pero tamén rendición de contas do Parlamento e dos grupos nel representados. E sobre cara a onde queremos ir, en que dirección e con que accións e instrumentos pretendemos actuar para mellorar a convivencia e o be-



nestar do noso pobo. Porque o segundo elemento esencial deste debate non pode ser outro que o de fixar as prioridades da acción política autonómica do futuro, que ademais tiveron como punto de partida a ampla exposición do presidente desta mañá.

Hai un ano, na sesión de investidura, houbo unha única coincidencia entre os portavoces dos grupos: todos nos reafirmamos no noso compromiso de dar o mellor de nós mesmos, de traballar conxuntamente e, de ser posible, de forma consensuada para superar a crise pandémica, cada un desde a súa posición, loxicamente: a maioría asumindo a responsabilidade de goberno e a oposición dialogando, criticando e ofrecendo alternativas cando ao seu xuízo o Goberno erraba, e mesmo, de ser o caso —cosa que non se produciu—, apoiando o Goberno cando estimaba que acertase.

Aquel debate de investidura tivo xa lugar nun contexto excepcional e específico: a pandemia acababa de irromper a marcha normal das nosas vidas, a primeira onda acababa de remitir, e aínda nos agardaban catro vagas máis, tres delas, por certo, moito máis intensas en número de persoas contaxiadas. Ao fío do impacto emocional da primeira vaga, tanto en España como no resto do mundo desenvolvido, acentuouse a visibilidade dos grupos que ameazaban a democracia liberal coa que tantos países temos prosperado tanto nas últimas décadas. Os movementos negacionistas e, nomeadamente, os antivacinas aproveitaron as incertezas que xeraba o novo virus para expandir as teses máis desatinadas e acientíficas, tanto sobre a orixe do virus como sobre as presuntas conspiracións subxacentes á súa expansión global, que eran, polo visto, unha forma de controlar a poboación desde instancias de poder escuro.

Como recorda o filósofo francés Bernard-Henri Lévy, proliferaron movementos extremistas, esquecendo o carácter natural dos virus, que nos teñen acompañado desde que o home pisa a Terra e con efectos moito máis demoledores que a covid-19, como ten, por certo, demostrado o profesor Martín Aceña no seu *La guerra eterna*. Extremismos dunha e doutra caste que constataban que o virus era ou ben a reacción da nai Terra, que se protexía da acción dos humanos, ou ben un castigo divino, que, ao igual que no antigo testamento, deberíamos aceptar con resignado arrepentimento. Di Lévy: «a vella lúa marxista da crise do final do capitalismo mesturada con colapsoloxía». Porque houbo quen predixo o comunismo na estela dun confinamento visto como a arela totalitaria máis brutal feita realidade, como Žižek, ou a aparición de gobernos autoritarios, «coronaditaduras» —como dixo Sloterdijk—. E outros analistas máis posibles acertaron cando nos advertiron de que, ao igual que o propio virus con relación ás persoas aqueixadas de problemas previos, a ameaza aos sistemas democráticos era máis grave naquelas sociedades nas que o malestar social e a frustración daban ás aos populistas.

Un ano despois podemos confirmar que o mundo nin camiñou cara ao comunismo nin proliferaron nel as coronaditaduras. Mesmo hai indicios —como os resultados das eleccións nos Estados Unidos, en Alemaña ou nas recentes municipais de Portugal— de que se camiña en dirección contraria, como en certo modo tamén se anticipou nas eleccións autonómicas galegas de hai un ano. Pero tamén os hai da persistencia deses riscos e liberais se nos fixamos no que está a ocorrer en Polonia ou en Hungría; riscos de estabilidade nos países democráticos se non somos quen de atallar o malestar e o retroceso social derivado da pandemia.



Por iso, un ano despois daquela investidura, creo que podemos sentirnos todos satisfeitos como Parlamento, como colectivo parlamentario, da normalidade democrática e a estabilidade política que lle temos dado ao país no último ano; normalidade democrática da que este debate é un proba máis.

Porque o Parlamento ten traballado moito no último ano —e creo que é de xustiza recordalo hoxe—. Seguimos a ser o Parlamento con máis horas de debate en pleno de todos os parlamentos autonómicos. No último ano temos aprobado 15 textos lexislativos (9 proxectos remitidos polo Goberno e 6 proposicións de lei —3 do grupo maioritario, 2 do Bloque e 1 que reformaba o Regulamento precisamente para facilitar o traballo da Cámara na pandemia asinada polos tres grupos—). E creo que é un bo resultado lexislativo.

Como non podía ser doutra maneira, a actividade lexislativa centrouse na loita contra a pandemia, coa aprobación de normas tan importantes como a da reforma da Lei de saúde e a Lei de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia, para aproveitar mellor os fondos europeos, pero sen deixar de lado outros problemas sobre os que urxía legislar, como a primeira lei aprobada en España para o impulso demográfico, a Lei de ordenación do territorio, a Lei de residuos e solos contaminados ou a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Reformamos ademais por unanimidade as leis de igualdade entre homes e mulleres, para garantila no ámbito da investigación, e a Lei de prevención e tratamento da violencia de xénero, para incorporar a violencia vicaria.

E temos cumprido loxicamente coa función orzamentaria, coa tramitación e aprobación á marxe das vacacións parlamentarias da vixente Lei de orzamentos para o 2021, e como cumprimos tamén para reducir incertezas e favorecer a recuperación coa Lei de orzamentos para o 2022.

E o Parlamento tamén ten controlado o Executivo, como o demostra a presenza media diaria no que vai de lexislatura de dous membros do Goberno entre estas paredes para comparecer e contestar preguntas e interpelacións. Temos cumprido coa función de impulso, aprobando preto de trescentas proposicións non de lei en pleno e comisión e aproximadamente a metade delas de forma unánime, e tres cuartas partes das iniciativas que tramitamos sono por iniciativa dunha oposición, que con estas cifras pouco argumento ten para falar e soste o mantra do rulo da maioría, como tamén para soste o mantra e o rulo de que a maioría non actúa sobre os temas aos que acabo de referirme.

Esta cámara cumpriu, con independencia do posicionamento que cada grupo tivese nos temas abordados, coas súas obrigas democráticas. E creo que todos debemos de congratularnos por iso, porque contribúe a reforzar as nosas institucións e a alonxar os riscos de involución democrática presentes noutros lugares e mesmo afástanos do acontecido noutras cámaras representativas que son tamén nosas, como ocorre co Congreso dos Deputados.

Polo que ao Grupo Popular se refire, eu quero deixar como portavoz constancia do meu agradecemento ao esforzo desenvolto polos deputados e deputadas que o conforman.



Certamente, unha actividade intensa por parte dos poderes executivos e lexislativos non garante bos resultados, polo que cómpre tamén facer balance, e todo balance comeza —mesmo os contables— polo balance de situación.

E como corresponde aos tempos que vivimos, falemos, en primeiro lugar, de sanidade, porque —como todos sabemos— a superación sanitaria da pandemia causada polo virus era o requisito imprescindible para recuperar a normalidade social e a actividade económica, porque a crítica situación económica que atravesamos ao longo dos últimos meses ten a súa causa no parón social que a pandemia impuxo. E tamén é certo que un mellor comportamento no ámbito sanitario permite afrontar a recuperación económica antes, como, por certo, estamos tamén a comprobar en Galicia.

Os resultados da xestión sanitaria están á vista e todos debemos de sentirnos agradecidos a quen os fixo posible. Certamente, en primeiro lugar, aos profesionais da sanidade pública, pero, por suposto, tamén aos xestores. Porque Galicia estivo sempre ao longo das sucesivas vagas en mellor situación que a media de España, medida en termos de incidencia acumulada a catorce días, que foi o dato que condicionou a adopción de decisións. Como consecuencia —como o confirman os datos feitos públicos polo Ministerio de Sanidade—, Galicia é a comunidade peninsular con menor número de falecidos por millón de habitantes —a metade da media española— pese ao envellecemento dunha poboación galega, que fai particularmente tráxico o efecto que ten sobre esa poboación a infección do coronavirus.

Señora Pontón, despois de todo o que escoitamos aquí con algún desgraciado falecemento, por exemplo o que aconteceu na Estrada, que motivou que vostedes crearan unha comisión de investigación, escoitala hoxe falar de que cando defendemos os resultados da xestión da pandemia en termos de que resistimos moito mellor e salvamos vidas resulta francamente patético. (*Aplausos.*)

Galicia é a comunidade autónoma que ten a maior porcentaxe de persoas vacinadas coa pauta completa sobre a poboación total a vacinar, o 92,5 %. Estamos a falar dunha comunidade autónoma que forma parte do Estado, da Unión Europea, que está á cabeza no proceso de vacinación. Hoxe a incidencia acumulada a catorce días sitúanos como a segunda comunidade en situación de risco máis baixo, e en sete días, como a primeira.

E, certamente, haberá quen poida atribuír todas estas cifras á casualidade, ao azar ou mesmo —como afirmaba un coñecido profesor articulista hai uns meses nun xornal— á man protectora do apóstolo Santiago. Pero mesmo tendo en conta todos estes factores —que cada un de vostedes valorará como estime oportuno— algo deberon de influír, por unha banda, o estado previo do Servizo público Galego de Saúde —que foi sometido a unha proba de estrés sen parangón— e, por outra banda, as medidas adoptadas polas autoridades autonómicas para protexer o dereito á saúde e, en última instancia, a vida de toda a poboación; e, particularmente, tras o final da primeira vaga, cando o Goberno presidido polo señor Sánchez delegou a xestión completa da pandemia nas comunidades autónomas.

E eu comprendo que, cando se leva anos negando a mellora da nosa sanidade pública e se volve hoxe, unha vez máis, insistir en que levamos doce anos destruindo os servizos públicos



e, nomeadamente, a sanidade pública, debe resultar moi difícil ter que asumir que a atención primaria puido facerse cargo do seguimento de máis de 100.000 persoas que superaron a covid nos seus domicilios con asistencia sanitaria a través de recursos tecnolóxicos incorporados ao Sergas que vostedes criticaron cando se implantaron. Eu comprendo tamén que debe ser difícil asumir que eses hospitais que levan anos dicindo que non funcionan axeitadamente foron quen de resistir picos de máis de 250 pacientes covid en unidades de críticos e máis de 1.200 en hospitalización. E esas infraestruturas sanitarias que vostedes demonizaron, como, por exemplo, o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, fixeron posible non só que se atenderan os pacientes da súa área sanitaria, senón recibir tamén pacientes doutras áreas e mesmo ofertar espazo para pacientes portugueses, no caso de precisalo.

Tamén debe ser difícil asumir que este mesmo ano, despois de dicir no verán na Deputación Permanente que solicitaron, que iamos levar ao colapso sanitario a Galicia como consecuencia do peche de camas, resulta que, estando abertas —o 90 % das camas estaban operativas—, a atención, pese a que houbo unha vaga de virus, foi do 72 %, co que quedaba claro que, a pesar de ter que facer fronte a unha nova vaga, as previsións da Xunta eran correctas.

Ou, por exemplo, con respecto ao proceso de vacinación, ao longo deste ano tivemos que debater iniciativas como a que presentou o Bloque no mes de abril, que pedía máis información ao Parlamento e poñía en dúbida a capacidade de vacinación da Xunta. A señora Pontón reclamaba entón un plan operativo as vinte e catro horas do día e máis contratacións porque se non non se ía poder vacinar. E de xeito semellante pronunciouse o señor Caballero.

Á semana seguinte o conselleiro daba aquí as explicacións de como se ía estender o plan de vacinación ao conxunto da poboación. Instaurouse unha páxina web onde se informaba a toda a poboación en xeral. E culminou cun proceso de vacinación masiva que tivo un altísimo grao de satisfacción entre as persoas usuarias tanto pola organización como pola axilidade e polo trato recibido.

Aquelas perigosas colas interminables que implicaban un risco claro para as persoas maiores, que son un dos colectivos máis vulnerables —das que falaba a señora Pontón—, ao comezo do proceso de vacinación, quedaron no esquecemento, pero hoxe son unha mostra máis do que cada un fixo e dixo, desde o Goberno ou desde a oposición, durante a pandemia. Afortunadamente, a cidadanía non deu creto ao alarmismo e participou con exemplaridade no proceso de vacinación.

Quedan tamén no recordo as denuncias do señor Caballero sobre os milleiros de vacinas que a Xunta tiña na neveira, cando Galicia estivo sempre entre as mellores comunidades en porcentaxe de vacinas administradas sobre vacinas entregadas. Ou tamén se dixo que non se dispensaban por falla de persoal, cando en realidade se produciu ás veces o contrario, tivemos o persoal agardando durante días a que chegasen máis vacinas para poder poñelas.

O noso peor momento, sen dúbida —como aquí se dixo—, foi a terceira onda, despois do Nadal. A oposición criticou, basicamente a posteriori, as medidas adoptadas por entón, aínda que foron bastante máis estritas das que propoñía o Goberno central. Todo o mundo pode equivocarse nas súas previsións, pero o certo é que a virulencia desta terceira onda sorpren-



deu os gobernos de todas as cores. Pero se as medidas adoptadas en decembro foron para o PSdeG unha estratexia de salvar o Nadal, ¿como chamamos as do Goberno de España, que eran moito máis laxas?, ¿como poderíamos chamalas?

O caso é que incluso no peor momento de incidencia acumulada da covid nesa onda foi inferior en Galicia que no resto de España. E, se cadra, este dato tamén lle resulta sorprendente a un Bloque que entón propugnaba un confinamento domiciliario e peche total durante quince días no mes de xaneiro, cando a mediados de febreiro as medidas que tomou a Xunta entón conseguiran reducir en só vinte días o 80 % da incidencia do virus no noso país.

Vostedes tamén pasaron meses estendendo dúbidas sobre a central de seguimento de contactos. Pediron os expedientes de contratacións de emerxencia, déronselles; a partir de que os recibiron, morreu o tema, morreu o conto. Era un problema sospeitoso, tenebroso..., coma sempre: amigos, *lobbys* —o mantra do Bloque—. E, por certo, ese servizo xa non está contratado por Emerxencias, xa se resolveu un concurso público e está na páxina web da Xunta con todos os pregos, actas, etc. E —o que é máis importante— o servizo de rastrexo da Xunta fai que, de acordo coas cifras do ministerio, a trazabilidade do virus estea en Galicia no 71 %, cando só cinco comunidades superan o 70 %. O sistema de rastrexo, ese do que tanto tivemos que oír por parte de vostedes, funciona mellor en Galicia que na meirande parte das comunidades.

E non podemos deixar a sanidade sen facer referencia á Lei de saúde, unha iniciativa impulsada polo Goberno da maioría nesta cámara, unha vez constatada a persistencia que ata hoxe é mantida polo Goberno de España de non legislar para casos de pandemia e sen ter que declarar o estado de alarma. Unha petición que non só lle fixeron a Comunidade Autónoma de Galicia e moitas outras, como por exemplo o País Vasco, senón que tamén foi unha petición que lle fixeron o Consello de Estado e o propio Tribunal Supremo ao Goberno de España; ao Tribunal Supremo, que lle pasaron a papeleta de decidir sobre as medidas administrativas de contención dos contaxios no que algún ten chamado unha nova colexislación xudicial.

Galicia tivo que tomar a iniciativa e elaborar a súa propia lexislación aprobada no Parlamento. Cando se trouxo a debate esta proposición de lei, a oposición dixo aquí cousas como as seguintes: que esta lei era un delirio bolivariano do señor Feijóo, que esta lei era a deriva autoritaria do PP, que esta lei quería implantar un estado de alarma permanente ou que era unha lei que restrinxía os dereitos e liberdades dos galegos.

Cando finalmente aprobamos a lei, o Goberno central si que actuou con rapidez. Puxo un recurso de inconstitucionalidade, exercendo a prerrogativa constitucional de suspendela de forma automática; sen unha chamada, sen unha comunicación previa, sen nada. Pediu de xeito urxente ao Consello de Estado o ditame para recorrer varios artigos desa lei. E o Consello de Estado díxolle que non entendía a urxencia e que cinco dos seis artigos que quería recorrer eran plenamente constitucionais. Pese a iso, o Goberno levou ao Tribunal Constitucional ese artigo, enteiro, todos os seus preceptos, argumentando que eran gravísimos e inconstitucionais. Pouco despois o Goberno autonómico do PSOE nas Illas Baleares copiou e pegou literalmente todas as epígrafes, agás unha, dese artigo recorrido. No verán o Tribunal Constitucional levantou a suspensión de todos os apartados, agás un. E o Goberno central,



para deixar de facer algo que era estraño, nun asunto no que cada vez tiña menos argumentos, decidiu retirar o recurso e falar. E falando chegouse a un acordo nese único apartado que causaba dúbidas.

Vou ler un extracto do que eu mesmo dixen no debate da toma en consideración desa lei: «A vacina non é obrigatoria e, polo tanto, tampouco esta lei a pon obrigatoria. ¿Pero que pasaría se o Estado a pon obrigatoria? Pois se o Estado declara que é obrigatoria a vacina, esta lei prevé a situación de como vacinar cando sexa obrigatoria e mentres tanto, evidentemente, a obrigatoriedade non funciona e non existe».

O resultado final da negociación co Goberno, o resultado final ao que chega o Goberno do Estado, é un acordo que di máis ou menos o mesmo que dixen o portavoz do Grupo Popular nesta cámara. Creo que é un gran logro do Partido Socialista; empezaron rexeitando a totalidade da lei e acabaron conseguindo que un acordo modifique o apartado dun artigo poñendo o que dicía o portavoz do Partido Popular, e que o resto dos apartados e o resto dos artigos os copiaran os socialistas doutras comunidades autónomas. Afortunadamente, o importante é que temos unha lei que permite á Xunta actuar unha vez levantado o estado de emerxencia sanitaria e, neste caso, a pesar do dito pola oposición e non grazas á súa colaboración.

A Xunta tamén segue a traballar na mellora da sanidade pública á marxe da pandemia. E tamén por iso quero recoñecer o esforzo que está a realizar a consellaría. Neste ano avanzou naquilo ao que se comprometeu na Cámara: impulsou a recuperación da actividade asistencial, reducindo os tempos medios de espera; recuperou a presencialidade en atención primaria e reforzouna pese aos problemas estruturais existentes como a carencia de profesionais; creou as unidades poscovid, que comezaron a funcionar en abril e xa realizaron un total de cinco mil consultas cunha atención máis especializada dos pacientes; puxo en marcha neste ano oito centros de saúde: O Milladoiro, Paderne de Allariz, Narón, Melide, O Saviñao, o de Bouzas, de Vigo, que abrirá nos próximos días; iniciou as obras do centro integral de Lalín; asinou convenios para iniciar os procesos de creación de novos centros en Antas de Ulla, Abegondo, A Rúa, Soutomaior ou Vilagarcía; iniciou a primeira fase da ampliación do Hospital de Montecelo e a fase 0 do novo CHUAC; adxudicou o proxecto de ampliación da fase 1 do CHUAC; licitou a ampliación do Hospital de Ourense; acordou co Concello de Santiago o trámite urbanístico para poder licitar a ampliación do Hospital de Santiago; e rematou as obras de eficiencia nos hospitais da Mariña e do Meixoeiro, e continúa avanzando nas obras do Hospital de Ferrrol; cousas que evidentemente desmenten o seu mantra de que estamos destruindo a sanidade pública.

Adicionalmente tamén quero mencionar que creou as primeiras listas de contratación centralizadas de persoal médico hospitalario e creou a nova categoría de médico de hospitalización a domicilio, na que Galicia é pioneira en España. E xa están contratados —dicía a señora Pontón que aquí se anunciou un plan de saúde mental— os primeiros 95 novos profesionais para poñer en marcha os programas previstos no Plan de saúde mental, con cinco unidades de prevención de suicidio novas, tres unidades de saúde mental de adultos novas e cinco unidades infantoxuvenís novas, entre outras.



É importantísimo para Galicia que esta pandemia non signifique tempo perdido nos avances e nas reformas que necesita a nosa sanidade pública, especialmente no ámbito da atención primaria. E por iso desde o Grupo Popular valoramos especialmente que o Goberno non se deteña pola covid nas melloras que a sanidade pública precisa.

Tras a sanidade, a principal preocupación do Goberno ten sido e está a ser —¡como non!— a situación económica e social. No ano 2019 o PIB por habitante de Galicia, principal indicador de crecemento económico da riqueza dun país, situábase no 82,1 da media europea e no máximo valor histórico da súa converxencia coa media de España, o 90,3. Deste xeito Galicia foi no período 2000–2019 a comunidade onde máis se incrementou o PIB por habitante en prezos constantes, un 1,7 de media, fronte á media española de 0,9. Escalamos nestes anos sete posicións en riqueza en termos de PIB per cápita, pasando de ser a última a ser a décima nesta escala.

Neste crecemento houbo tres etapas; no período 2000–2008, intensa, despois durante a crise retrocedemos, pero no período 2014–2019, despois da crise, volveuse incrementar, sendo Galicia, cunha taxa media de crecemento do 3,1, a segunda comunidade autónoma que máis creceu.

Este comportamento mellor de Galicia fixo que nos últimos dezanove anos teñamos converxido coa media europea sete puntos. Aínda non recuperamos o nivel da covid, pero converxemos sete puntos. E somos un caso singular no conxunto das rexións do sur de Europa, porque ningunha delas foi capaz de converxer coa media europea nese período, como fixemos nós, que pasamos do 75 ao 82,1. Un grande éxito colectivo que fala ben, fala ben dos fondos europeos, pero tamén fala ben da xestión económica xeral e da Xunta en particular, que con esta boa xestión dos fondos está lexitimada para pedir a descentralización dos fondos europeos.

Hai datos da Comisión Europea —aquí falouse tamén de que a Xunta devolvía cartos—, que di que Galicia é a quinta comunidade autónoma que máis fondos Feder executa e ten unha execución superior nun 12 % á media das comunidades autónomas.

Como consecuencia deste crecemento, a renda dispoñible dos fogares galegos, que é o que teñen para gastar, para consumir, para aforrar e que mide a capacidade económica real dos habitantes dun territorio, aumentou entre 2000 e 2019 un 64 %, mellorando nove puntos en converxencia coa media española, chegando ao 93,9.

E quero salientar que a diferenza entre ese 93,9 e o PIB per cápita, que son 3,6 puntos a favor desta última, reflicte a capacidade de redistribución do sistema fiscal español. A nosa renda está máis próxima á media de España que á nosa produción, porque o sistema do Estado de benestar de España, o sistema da Constitución funciona. E convén recordalo cando escoitamos unha vez máis, como levamos escoitando moito tempo, contra calquera evidencia técnica, científica ou económica, que o que lle convén a Galicia é un concerto económico de tipo foral. A Galicia non lle convén, propóñao Cataluña ou propóñase desde a propia Galicia.

Certamente a pandemia veu mudar a situación económica e social de toda Europa, de todo o mundo. España foi un dos países máis afectados pola pandemia. O PIB español caeu un 10,8. Afortunadamente, Galicia, con restricións menos intensas e unha loita contra a pan-



demia mellor levada, aguantou máis, cunha caída do 8,9, dous puntos menos que a media de España; unha caída que podería ter sido moito maior sen dúbida en España e en Galicia de non ter actuado a Unión Europea. Interveu o Banco Central Europeo, comprando toda a débeda soberana necesaria a custos ínfimos, ou suspendendo as regras de estabilidade, ou financiando os ERE, esa figura incluída na reforma laboral do Partido Popular que algúns queren derrogar por completo.

Grazas a todas estas axudas, que hoxe descubrimos que son a proposta da Unión Europea, polo tanto da presidenta da Comisión, a demócrata cristiá alemá Ursula von der Leyen, ou a liberal francesa Christine Lagarde, que agora descubrimos que son grandes socialistas da ala esquerda progresista do socialismo europeo, Galicia e España teñen aguantado.

Do mesmo xeito que todo isto permitiu a Galicia resistir, tamén a Xunta tivo algo que ver. Tivo algo que ver, entre outras cousas, pola rápida mobilización de fondos propios. Agradezo as referencias ao defunto conselleiro Valeriano Martínez, que ademais era bo amigo, en nome de todo o Grupo Popular —é unha gran perda certamente e botarémolo de menos—, do que unha das súas últimas actuacións foi a rápida mobilización de fondos para poñer en marcha por 180 millóns de euros varios plans de rescate.

Obviamente iso foi posible tamén pola boa xestión previa das finanzas autonómicas, e eses fondos tiveron oitenta mil solicitudes e esgotáronse rapidamente; cousa que non ocorreu por certo co terceiro plan xestionado pola Xunta pero con cartos e condicións e requisitos establecidos polo Goberno de España, ao que se presentaron catro mil solicitudes. Hai un requisito que é o de ter débedas que pagar, que evidentemente impide que haxa máis solicitantes. Adiouse varias veces e falouse de reformalo, pero o certo é que Galicia corre o risco de perder 170 millóns de euros por estas condicións imposibles de cumprir, dado que ningún as solicita.

Ben, neste contexto no que o gasto sanitario, educativo e social se disparou e a Xunta fixo os seus deberes de financiar os sectores produtivos máis febles, afirmar, como se leva dito nesta cámara ao longo do último tempo, que Feijóo está a facer caixa coa pandemia non só resulta incorrecto, porque a Airef o desmentiu cada vez que publica os datos de déficit da comunidade autónoma, tanto no 2020 como no que vai do ano 2021, senón que resulta sospeitoso, porque pretende insinuar que esa incapacidade de xestionar —cousa que non é certa, polos datos que acabo de dar— pode resultar contraproducente para un país e parece que pode preconstituír proba para despois mandarlle poucos fondos a Galicia.

Eu pediría sobre esta cuestión seriedade. O presidente pediu consenso esta mañá na petición de fondos e creo que nesta cámara non debería ningún apartarse dese consenso. Obviamente que a Xunta sexa tamén a primeira comunidade autónoma pagando aos provedores, obviamente tamén o feito de que se suspenderan as obrigas fiscais e obviamente tamén o feito de que baixamos os impostos en exercicios anteriores contribuíron a darlles liquidez ás familias e ás empresas de Galicia, e tamén tiveron polo tanto que ver cunha mellor recuperación.

Do mesmo xeito que ten que ver a promoción que se está a facer do Xacobeo e do Ano Santo. Aquí si que, en cambio, se nota a man do Apóstolo para que a reactivación en Galicia sexa



un pouco mellor que a de España, o cal non é un consolo, porque España é o país grande da Unión Europea que peor está. Pero, efectivamente, en Galicia as cousas non se fixeron tan mal como desde logo se ten dito.

O que vén agora é preocupante. Hai países que xa retiraron as axudas monetarias; Rusia, Noruega, Nova Zelandia, Corea están subindo os tipos de xuro; a Reserva Federal teno anunciado para o ano que vén. E o certo é que aquí se manteñen as axudas e que imos recibir moitas axudas. Estas axudas están condicionadas ás reformas.

A señora Pontón aplaude as axudas, mesmo pide moita axuda para Galicia da Unión Europea e critica as condicións que pon a Unión Europea. Esta é unha contradición curiosa, que nos gustaría saber como pensa resolver. Pero, en todo caso, veremos que fai o Goberno tan progresista cando a partir do ano que vén cambien os tipos de xuro e, por suposto, cando empecen desde Europa a preguntar que pasa coa reforma da Seguridade Social, que pasa coa reforma do sistema fiscal, que pasa coa reforma laboral e todas estas cuestións nas que sabemos que no Goberno de España non hai consenso nin unidade capaces de transformalos.

Entrarán a semana que vén os orzamentos nesta cámara, e quero recordar que temos un teito de gasto lixeiramente superior ao gasto efectivo do ano pasado. E quero recoñecer que o Goberno de España fixo algo moi sensato, cousa que non fixera o Goberno socialista anterior, que foi perdoar as liquidacións negativas do ano 2019 ás comunidades autónomas; isto é positivo para España, para as comunidades autónomas e tamén para Galicia. Pero o teito de gasto chega a onde chega porque reclamamos o IVE do exercicio 2017.

Eu quero recordar, unha vez máis, o que se dixo daquela. Cando nós presentamos o recurso que permite este ano ter a mesma capacidade de gasto, un pouquiño máis que o ano anterior, o que se dixo nesta cámara é que era unha pataleta infantil, que era un exemplo de que o Goberno da Xunta imitaba o Goberno catalán e que se apuntaba ao de *España nos roba*, e, afortunadamente, unha vez máis, a Xustiza puxo a cadaquén no seu sitio. Pero, certamente, tampouco no tema da reclamación do IVE tivemos a máis mínima axuda dunha parte da oposición.

O gasto público o ano que vén terá que incrementarse. Evidentemente, a prioridade será o gasto social. Falouse de igualdade, e, como sabemos, eu comprendo que hai unha forma de facer política que é traer a carta dunha persoa que seguro que hai moitas que están moi prexudicadas economicamente, pasando grandes problemas, como tamén haberá outras ás que a vida lles sorriu e teñen éxito.

Pero unha análise obxectiva o que require é ver os datos, e, se collemos os datos de igualdade en Galicia, podemos comprobar que, co índice de Gini e os datos da Comisión Europea, no que un expresa a máxima desigualdade, 0, a perfecta igualdade, Galicia ten un 0,26. O 0,29 era no ano 2015 e agora estamos no 0,26. Levamos todos estes anos de crecemento reducindo as desigualdades en Galicia. Temos máis igualdade en Galicia, o 0,26, que na media da Unión Europea, o 0,30, e moito máis baixa que na media de España, o 0,32. O mesmo vémolo nos índices S80/S20. E, certamente, tamén o podemos ver nos índices de pobreza extrema, na taxa AROPE.



Certamente, e de novo co feito de que teñamos mellores indicadores de igualdade, podemos pensar que foi aposta, podemos pensar que é o azar ou podemos pensar que tiveron algo que ver as políticas da Xunta.

O número de prazas totais financiadas con cartos públicos tense duplicado desde o ano 2009. A señora Pontón dixo que non se creara nin unha soa residencia. Omitiu o dato de que, cando o Bloque xestionaba o benestar en Galicia, se incrementaron desde que eles gobernaron un 44 % o número de prazas financiadas publicamente nas residencias. Cando di que privatizamos o 49 % de Sogaserso, esquece recordar que Sogaserso o crearon eles e que se se privatizou o 49 % era porque o 51 % xa era privado desde que o Bloque o fundara.

Pero, en fin, todas estas cuestións son... (*Aplausos.*) menores nun discurso que estaba enchido de demagogia. O certo é que cando gobernaba o Bloque o Benestar había 5.500 persoas en prazas públicas e hoxe son lixeiramente máis de 8.000. Certamente, o número de persoas dependentes atendidas en Galicia en 2021 é de 63.000, cando en 2009 era de 15.000. A Xunta segue financiando, ademais, o 76 % das prestacións de dependencia, e agora estamos cun plan de choque que permitirá reducir tempos e alixeirar o papelame relacionado coas solicitudes.

Porque a pandemia exixiu un novo e grande esforzo aos servizos sociais públicos, eses que levamos anos destruindo. Durante o último ano e medio supervisáronse e tutelaron todas as residencias e nas que xurdiron gromos fíxose unha intervención. Quedaron xa as residencias integradas, que despois foron imitadas por outras comunidades autónomas.

Galicia, ademais, tamén tivo unha taxa na que os residentes sobreviviron moito máis que na media de España. Realizouse unha edición extraordinaria do SAD durante o confinamento que beneficiou 3.300 familias. Flexibilizouse o acceso á Risga, que beneficiou 1.600 persoas. As axudas de inclusión social incrementáronse un 50 % e déronse axudas equivalentes a 60.000 familias beneficiarias das bolsas de comedor escolar. 35.000 galegos dispuxeron da tarxeta básica que lles permitía ter gastos en bens esenciais de entre 450 e 900 euros trimestrais.

En definitiva, e como coñecemos hai poucos días, nun informe independente, Galicia foi unha das únicas catro comunidades autónomas nas que se incrementou o gasto social durante a pandemia. Esa é a caixa do señor Feijóo: gastar máis en políticas sociais do que gastabamos cando fixo falta.

Podería tamén falar de educación. Galicia segue tendo os mellores ratios en todos os sentidos. Coa rápida vacinación dos docentes, Galicia é a comunidade que ten o maior número de docentes vacinados de España. E o feito de que fósemos a terceira comunidade en ordenadores por alumno facilitou, xunto coas obras que impulsou a Xunta nos centros para adaptalos ás novas necesidades, que o curso académico marcado pola pandemia transcorrese con moita normalidade e que non se fixese o peor que se lles podería facer aos alumnos, que era lastrar un ano das súas vidas.

Como recordaba ao comezo da miña intervención, hai un ano todos afirmamos que a nosa intención era dar o mellor de nós mesmos, para contribuír a saír da crise sanitaria, social e económica que se nos botaba enriba. Nós naquel debate comprometémonos a facelo de forma



responsable, con responsabilidade política, antepoñendo os intereses xerais aos partidarios; con responsabilidade moral, antepoñendo a lealdade ao sistema ás nosas crenzas ideolóxicas; e con responsabilidade intelectual, procurando a obxectividade analítica e contando con coñecemento especializado. E cremos que temos cumprido con ese compromiso.

Adoptamos e apoiamos decisións impopulares, como, por exemplo, coa hostalaría, coa que pactamos moitas desas medidas impopulares. Obviamos cantos de serea *madrileña* —por certo, con ecos vigueses moi recentes, de forma sorprendente—, que pedían a apertura total, e sen ter en conta os intereses partidistas. Fixémolo para protexer a saúde das persoas, e creo que non nos equivocamos.

En todo momento, actuamos con lealdade ao sistema, respectando a normativa estatal e as decisións adoptadas polo Goberno; cando esas decisións non nos parecían oportunas, alegamos razoadamente os motivos. Fixémolo así, por exemplo, cando as vacinas comezaron a distribuírse en función da poboación total e non en función da poboación de risco; dixémolo e rectificouse e nós agradecemos que se rectificara. Tamén o fixemos cando propuxemos reformar a lexislación sanitaria básica e actuamos no noso marco competencial, porque nese caso non se rectificou. Asumimos lealmente a centralización competencial e tamén a descentralización tras a primeira vaga, a pesar de que non había nin cobertura normativa nin medios para actuar. E participamos nunhas conferencias de presidentes das que se deturpou a súa auténtica función de codecisión e se converteu nun formato meramente comunicativo das decisións unilaterais adoptadas polo Goberno central. Pero mantivemos a lealdade institucional e creo que acertamos.

E sempre mantivemos a responsabilidade intelectual. Todas as decisións sanitarias foron adoptadas tras consultar os trinta e cinco expertos do comité clínico. A súa materialización xurídica fíxose sempre da man dos Servizos Xurídicos da Xunta, que non viron anulada ningunha das súas normas pola Xustiza, agás unha que despois foi validada polo Tribunal Supremo.

As primeiras actuacións no ámbito económico e no deseño dos proxectos tractores foi feito en colaboración co comité de expertos económicos, integrado por dezasete profesores universitarios e empresarios, que aportaron o seu saber desinteresadamente. As decisións en materia educativa foron adoptadas coa participación dos trinta e cinco representantes dos equipos directivos dos centros, dos departamentos de orientación, da Comisión Interuniversitaria de Galicia, que eran os que compoñían o comité educativo. E as reformas que hoxe se anunciaron para o sistema galego de residencias estanse a desenvolver da man dun comité sociosanitario, porque sempre actuamos da man dos mellores expertos galegos. E creo que acertamos.

Por certo, os mesmos expertos galegos que din que o cupo é unha ruína para Galicia, pese ao cal, fronte a toda evidencia académica e numérica, o Bloque persiste nese que sería o peor erro posible para o financiamento de Galicia.

Ao igual que no Goberno, no Parlamento tamén traballamos da man de expertos e da sociedade civil. Pactamos todos unha comisión de reactivación, pactamos os comparecentes, pactamos os informes que iamos pedir, fixemos un proxecto de ditame con máis de catrocentas



propostas, propuxémoslles 104 transaccións, vostedes a nós só 2, e, ademais, pactamos mellorar e incorporar 52 das súas propostas de resolución ao proxecto de ditame da maioría. Non obstante, os grupos da oposición votaron en contra do ditame, pese a que en comisión o BNG só votara en contra do 28 % das epígrafes, a favor doutro 28 % e se abstivera no 44 % restante, e a pesar de que o Partido Socialista votou exclusivamente o 1 % das iniciativas que nós lle aceptamos do seu ditame e se absteivo en todo o demais.

Curiosamente, despois disto, acusáronnos de aplicar o rolo, pero non contaron, por exemplo, que no fondo de consenso incorporamos algunhas das súas peticións, como o incremento do SAD ou o apoio aos concellos, nin que resulta imposible pactar con quen, como o Bloque, presentou ao fondo de consenso, que tiña xa reservado 115 millóns de euros nos orzamentos, emendas por valor de 400; a primeira emenda soa duplicaba o fondo de consenso. É moi difícil pactar nestes termos.

Pese a iso, creo que acertamos con esa comisión, e creo que, ademais, está aí a resposta para quen queira saber cal é o plan de reactivación e transformación de Galicia nos próximos anos, porque está elaborado non só coas aportacións dos grupos parlamentarios senón tamén en moitos casos coas aportacións dos expertos que viñeron á Cámara e, por suposto, coa axuda e os informes que preparou o Goberno.

Señorías, este último exemplo e outros que levo exposto fannos dubidar de que a oposición estivese á altura das circunstancias durante o último ano, porque ao final o único certo cando dialogamos é que os dous grupos da oposición tenden a preferir os datos obxectivos, pese a que veñan avaliados polo coñecemento especializado. Diálogo, evidentemente, é difícil telo con quen fai a diagnose do país que acabamos de escoitar.

No que atinxe á responsabilidade política e moral, os seus comportamentos resultan desgraciada e tremendamente predicibles. O PSdeG sempre antepón os intereses partidarios do Partido Socialista Obrero Español e a defensa das actuacións do Goberno central fronte a calquera dato que evidencie que prexudica ou discrimina a Galicia. E o Bloque Nacionalista Galego sempre antepón a súa ideoloxía nacionalista aos datos e ás evidencias, de xeito que o soberanismo e a intervención pública se presentan como bálsamo de Fierabrás, que todo o cura, dá igual que sexa o prezo da luz ou o financiamento autonómico.

Señora Pontón, escoitar de vostede que o meu partido é ultra e que lle fagamos un cordón sanitario a un partido que en Galicia non existe, entre outras cousas grazas ao bo facer do Partido Popular, cando vostede está todos os días pactando con Bildu e Esquerra Republicana, (*Aplausos.*) é realmente chamativo. E xa que fala de cordóns sanitarios, eu propóñolle un. Eu propóñolle que fagamos un cordón sanitario a Bildu, a Esquerra Republicana e ao que eles representan: a ruptura da convivencia das sociedades (*Aplausos.*) alí onde as súas ideas callan. Señora Pontón, Galicia non se fai grande cando se pecha en si mesma, Galicia faise grande cando se abre ao mundo; así foi sempre e así vai seguir sendo.

Porque, señorías, ao final, como sempre, por moito que parezan discrepar entre si, a cousa no fondo remata sempre igual: o PP é o inimigo e, sempre que poden, gobernan xuntos, ou con apoio recíproco, dá igual que sexa nun concello, na Xunta ou no Goberno da nación.



Comezaba a miña intervención recordando que hai un ano, no debate de investidura, todos nos conxuramos para traballar por unha Galicia mellor. Nós, despois deste ano —podo dicir deste ano difícil, duro para todos—, podemos dicir que nos sentimos orgullosos dunha Galicia que superou a pandemia, grazas ao traballo inconmensurable do noso persoal sanitario, que integra un servizo de saúde exemplar, dos médicos que atenderon os enfermos de covid, tamén dos que traballaron por recuperar a atención primaria e tamén das traballadoras e traballadores de enfermaría, que vacinaron contra o que anticipaban os agoireiros cantidades inxentes de persoas en xornadas longas, sen considerar se tocaba laboral ou festivo.

Estamos orgullosos dunha poboación que fixo oídos xordos ás múltiples voces que poñían en dúbida desde o negacionismo máis absurdo a conveniencia de proceder á vacinación. Estamos orgullosos da Galicia que mantivo abertos os seus centros educativos, de todos os profesores e profesoras que fixeron todo o posible para que xeracións completas da nosa infancia e xuventude non perderan o paso da súa formación, con consecuencias nefastas para o seu futuro persoal e laboral. Estamos orgullosos da Galicia que atendeu, nos hospitais, nas residencias, nas súas casas, os nosos maiores, de todos os profesionais e familiares que atenderon con agarimo, con xenerosidade infinita, os máis vulnerables, xogando a súa propia saúde.

Estamos orgullosos da Galicia que, pese a todas as dificultades, mantivo o pulso produtivo, orgullosos dos nosos traballadores e traballadoras dos servizos públicos e privados de carácter esencial e tamén dos empresarios e traballadores dos sectores máis afectados, que, como os da hostalaría, ocio ou cultura, sempre colaboraron coas autoridades para primar a seguridade dos cidadáns e que agora pelexan por recuperar a súa actividade.

Estamos, en definitiva, orgullosos da nosa Autonomía, que, co presidente Feijóo á fronte, deu unha lección ao resto de España de traballo serio, coordinado, racional e responsable. E por iso tamén, presidente, sentímonos orgullosos de formar parte do grupo parlamentario que vostede lidera. Orgullosos, en fin, do noso país, de Galicia, que, ao igual que noutros momentos difíciles da súa historia, soubo estar á altura das circunstancias.

E por iso remato reafirmando, señor presidente, señorías —tal e como fixemos hai un ano—, o compromiso deste grupo, do Grupo Popular, de continuar a traballar co Goberno para superar os efectos da pandemia o máis pronto posible, e para, con unidade, diálogo e lealdade ao país, construír unha Galicia mellor para o futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Señor presidente.



Señorías, autoridades, señoras e señores que poden ter interese nesta sesión parlamentaria e que nos seguen a través das canles públicas, señorías.

Quero agradecer en nome do Goberno —e entendo que da inmensa maioría dos empregados públicos de Galicia— o sentido pésame feito polo portavoz do Grupo Parlamentario Socialista e pola portavoz do Bloque Nacionalista Galego pola morte inesperada de Valeriano Martínez García. Agradécémolo moito, porque penso que é de xustiza.

Señorías, o señor Caballero, que non está —supoño que lle poden transmitir o que vou dicir, porque entendo que o debate do estado da Autonomía aínda lle interesa algo—, considera que o ano 2021 foi o ano da... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)* Non me atrevía eu a preguntar porque non son tan curioso. *(Risos.)* En todo caso, quero dicirlles que... *(Murmurios.)* —xa vén o señor Caballero, podemos facer uns segundos de espera..., con dobre botella de auga—. *(Murmurios.)* Digo, señor Caballero, que lle agradecín o seu sentido pésame, igual que o da señora Pontón, en relación coa morte inesperada de Valeriano Martínez García. Creo que é sentido e, ademais, proporcional e axeitado.

Decía que o señor Caballero considerou que o ano 2021 era o ano da vacinación, como se realmente o ano da vacinación fora simplemente un slogan, como se realmente a vacinación fora unha cousa que non ten nada que ver coas comunidades autónomas, cos servizos de saúde das comunidades autónomas, como se fora realmente un privilexio que o Goberno central traslada aos pobos indíxenas de España e que lles remite unhas vacinas con independencia de a quen votaran, como dixo o señor Sánchez na Televisión hai algunhas semanas.

Señor Caballero, lamentablemente, as vacinas non foron ningunha cuestión que poidamos ofrecer ou agradecer ao Goberno de España. O que si agradecemos é que non impediu o traslado das vacinas. As vacinas foron mercadas nunha central de compras pola Unión Europea, foron pagadas todas elas con fondos públicos europeos e foron trasladadas ás comunidades autónomas. O único que o Goberno central fixo en relación coas vacinas, ademais das etiquetas das caixas —«Goberno de España»—, foi vacinar as poboacións de Ceuta e Melilla, máis nada.

Cando vostede di que nos equivocamos porque pensabamos que o número de vacinas non ía chegar, reitéroo: nós tiñamos capacidade para vacinar toda Galicia en oito semanas; aínda non acabamos hoxe e pasaron once meses. Por tanto, cando vostede concreta que as nosas posicións eran falsas e erradas e dicía que no primeiro trimestre xa estaba vacinada unha porcentaxe moi alta de poboación, a 31 de marzo estaba vacinado exactamente o 6,5 % da poboación, sendo con Asturias a comunidade autónoma que máis xente vacinou durante todo este período. Por iso é moi sorprendente que vostede veña aquí dicir que o Servizo Galego de Saúde nada fixo e que todo isto se debe ás vacinas que de forma providencial chegaron do Goberno de Madrid. É lamentable, señoría.

Somos a comunidade autónoma máis dispersa de España e, non obstante, somos a comunidade autónoma que máis vacinou a xente en menor tempo. Creo que iso merece un recoñecemento para os profesionais sanitarios. E pensar que isto é como consecuencia da dádiva do Goberno central, que nin as pagou nin as comprou, é, cando menos, sorprendente. *(Aplausos.)*



Claro, señoría, que as vacinas non foron repartidas de xeito adecuado, primeiro, porque empezaron a repartirse de acordo coa poboación. Recordo perfectamente unha conversa construtiva coa ministra de Sanidade onde lle trasladei que se iso seguía así íamos ter un problema moi serio, porque non podíamos aceptar que as vacinas se trasladaran exclusivamente en porcentaxe de poboación e non en porcentaxe de poboación vacinada en cada momento. A Galicia empezaron a chegar o 5 e pico por cento das vacinas cando estabamos vacinando a xente maior e tiñamos máis do 8 % do total da poboación española de máis de 80 anos e non chegaba ao 5 e pico por cento. Quero agradecer á ministra de Sanidade que cambiara e empezara a remitir o número de vacinas en función da idade da poboación.

Volvo reiterar que Galicia foi unha das comunidades autónomas con menor número de vacinas por número de habitantes. E volvo reiterar —e así o refiren os medios de comunicación— que houbo comunidades autónomas onde as vacinas caducaron e en Galicia estivemos esperando polas vacinas semana a semana durante os meses do verán. Por tanto, señor Caballero, un pouco de rigor cando se fala de vacinas e un pouco de rigor cando se apunta os éxitos non sei de quen senón, dende logo, máis que dos profesionais sanitarios.

Mire, nós xestionamos a pandemia, xestionamos a pandemia con rigor e con lealdade. Plan-texámoslle ao Goberno central que aprobara unha lei de pandemias. Foron incapaces pola súa soberbia de aprobar unha lei de pandemias para España. Foron capaces os científicos e os investigadores de aprobar varias vacinas durante o mesmo tempo que o Goberno central foi incapaz de xestionar a pandemia cunha lei suficiente e axeitada. E o que pasou foi, de xuízo en xuízo, de recurso en recurso, de autorización do Tribunal Superior en autorización..., presidentes que non podían facer cousas, outros que si as podían facer con semellantes situacións, dende o punto de vista epidemiolóxico. Iso é o resumo, señoría.

E por iso é moi sorprendente —diciáo o portavoz do grupo parlamentario maioritario— que, cando nesta cámara traemos unha Lei de sanidade, o que escoitamos é o rexeitamento, absolutamente irresponsable, do Partido Socialista e do BNG. Inmediatamente, a segunda foi o recurso irresponsable ante o Tribunal Constitucional. E a terceira foi o levantamento da suspensión da lei por parte do Tribunal Constitucional e a utilización da mesma como a está utilizando neste momento Galicia, que nos permite levantar a emerxencia sanitaria.

Son sorprendentes, señoría, as súas bromas e as súas faltas de respecto ao Goberno e ao conselleiro de Sanidade en relación co certificado covid, que era simplemente o traslado do comité clínico do Servizo Galego de Saúde das recomendacións que o Goberno fixo súas simplemente por responsabilidade. E cando no Tribunal Supremo a única comunidade autónoma que obtén unha sentenza do máximo órgano xurisdiccional para poder exixir o certificado covid en situacións específicas en ámbitos territoriais concretos resulta que vostedes calan e non fan unha pregunta que debería ser a pregunta de todos: ¿por que non utilizamos o certificado covid en toda España durante tantos meses, e evitariámoslles millóns e millóns de euros de perdas ao sector turístico, (*Aplausos.*) ao sector hostaleiro e ao sector dos servizos? Esa é a pregunta que creo que se debe de contestar e non se contesta. (*Aplausos.*)

¿Como se pode dicir que xestionamos a pandemia en favor dun partido político? ¿Como se pode dicir isto simplemente dende un responsable político? Pero ¿de verdade que merecemos



que se nos diga isto?, ¿que xestionamos a pandemia por un interese político e en función dos intereses dun partido? Ou ¿é que é de recibo que teñamos que aceptar e escoitar —como dixo a señora Pontón— que sacamos peito pola pandemia? Todas as cousas que saen mal en Galicia é por culpa do Goberno e as cousas que saen ben en Galicia resulta que nin sequera podemos reflectilas ou describilas. É algo moi sorprendente.

¿Que ocorrería, señora Pontón, se o índice de mortalidade por 100.000 habitantes en Galicia fora o primeiro de España? ¿Que ocorrería se a mortalidade nas residencias en Galicia fora das máis altas de España? ¿Que ocorrería se a porcentaxe de poboación infectada en Galicia fora o 51 % por riba da media de España? Que, evidentemente, o presidente da Xunta de Galicia e o seu Goberno estarían neste momento ante unha moción de censura do BNG. ¿E párecelle razoable que nós non poidamos simplemente dar as estatísticas que publica diariamente o Ministerio de Sanidade? ¿Ou é que vostede non as coñece? Esas estatísticas ¿hai que agochalas simplemente porque Galicia está nas mellores posicións? ¿Esa é a súa forma de entender unha Galicia máis grande? ¿Esa é a súa forma de entender un Servizo Galego de Saúde máis grande? Mire, señora Pontón, leccións sobre a Galicia máis grande, as xustas. Como pode vostede comprender, a Galicia máis grande é a que vota libremente cada catro anos e pon no Goberno a quen considera oportuno. (*Aplausos.*)

Señorías, como vén sendo habitual, escoitamos sempre o mesmo. Comprenderá, señor Caballero, que levo aquí algúns anos —igual que a señora Pontón, un menos— e sempre escoitamos o mesmo. Podía facer perfectamente o seu discurso con algunha cuestión, por suposto, de fábrica que vostede trae e eu non son capaz de repetir, pero o que si me sorprende é outra vez volver falar dos mesmos mantras.

Temos a sanidade pública da que os galegos se senten máis orgullosos; non o digo eu, dío o barómetro sanitario no Ministerio de Sanidade. Todos os anos mide a valoración da sanidade en todas as comunidades autónomas de España; a porcentaxe máis alta de valoración da sanidade atopámola no ano 2019, prepandemia, co 6,78 sobre 10. A pesar da pandemia, melloramos as listas de espera e na prioridade 1 de cancro e de patoloxías que concitan a vida da xente estamos en mínimos históricos, polo comportamento exemplar dos profesionais sanitarios.

Señorías, temos seis mil persoas máis traballando na sanidade pública. ¿Como podemos dicir, señor Caballero e señora Pontón, que agora hai menos recursos, que hai menos persoal na sanidade pública, cando hai seis mil persoas máis? ¿Que Galicia grande queremos construír cando nin sequera aceptamos as cousas positivas que fixo Galicia? Había 36.000 persoas no Sergas, hoxe hai 42.000. Señorías, nunca antes houbo tantos servizos sanitarios, nin receita electrónica, nin historial electrónico, nin calendario de vacinación máis amplo, nin hospitalización a domicilio, nin consultas telefónicas, nin tecnoloxía renovada e ampliada.

E, señorías, ¿isto non é certo, señor Caballero? Nunca se fixeron apostas tan fortes polas infraestruturas. ¿Hai algún goberno en corenta anos de autonomía que fixera todos os hospitais públicos, ben novos, ben ampliados, ben reformados, incluídos os hospitais comarcais? Que me digan que goberno e en que lexislatura ou en que lexislaturas se fixeron.



Hoxe pola mañá fixemos unha pregunta que creo que procede: ¿que ocorrería se mantiveramos o hospital de Vigo pegado ao Corte Inglés —que era como o recibimos—, sen un metro cadrado de solo para construílo, sen un euro por parte do Concello de Vigo nin en solo nin acometidas eléctricas, nin en saneamento nin abastecemento? ¿Que ocorrería en Vigo durante a pandemia? ¿Que ocorrería en Lugo? Señorías, ¿que ocorrería en Ourense se non fixeramos un edificio de hospitalización completo? ¿Que ocorrería na Mariña se non reforzáramos as Urgencias? ¿Que ocorrería na Coruña se non pasáramos de 900 metros cadrados nas Urgencias a 4.500 metros cadrados? ¿Que ocorrería no país coas UCI que atopamos no ano 2009? ¿Por que non falamos en serio da sanidade pública do país?

Se queremos falar da Galicia en grande, o primeiro que temos que facer é falar da Galicia verdadeira e da Galicia real, da Galicia que poidamos mellorar, que poidamos construír, que poidamos, sen ningunha dúbida, renovar. Pero ¿que broma é esta, simplemente porque o fixo un goberno do Partido Popular, de que esta Galicia é unha Galicia cativa? Equivócanse. Os gobernos non os poñen os deputados nin as deputadas, os gobernos ponos a xente, a xente que vota libremente nas eleccións.

Señorías, se mercamos respiradores no mes de febreiro, máis de cen respiradores, antes de declarar o estado de alarma o Goberno central, será porque na Consellería de Sanidade había epidemiólogos bastante máis formados e informados dos que había no Ministerio de Sanidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non sei de que se rin. O sistema de alerta epidemiolóxica é unha competencia exclusiva do Goberno de España e non funcionou, e sábeo todo o mundo, sábeo todo o mundo. *(Aplausos.)* Pero, señorías, nós temos 35 médicos, incluída enfermaría, con número de colexiado, que estiveron traballando no comité clínico durante todos estes meses e aínda hoxe. Aínda non coñecemos o comité clínico do Goberno central.

Ampliamos a nosa capacidade diagnóstica. O covidauto empezou en Vigo, entre toda España. O *pooling* para facer unha mostra empezou en Vigo, e nin sequera nolo recoñecen como mostras epidemiolóxicas diarias. O test de saliva fixémoslo nas farmacias galegas, e tampouco nolo recoñecen como cribados. ¿Pero realmente isto é xusto? ¿É razoable isto? Temos que dicir que somos os peores. Temos máis orzamentos, máis profesionais, menores esperas e seguimos mellorando os nosos hospitais e os centros de saúde.

Cando se di que diminuímos os presupostos, señora Pontón, señor Caballero, da sanidade, cando chegamos ao Goberno había 3.600 millóns, hoxe sobrepasan os 4.600; é dicir, un 26 % máis, é dicir, 1.000 millóns de euros máis na sanidade pública.

¿Por que se fixemos noventa centros de saúde novos ou renovados dende o ano 2009 se di que estamos destruindo a atención primaria? ¿Como estaría entón antes, con noventa centros de saúde menos, que foron os que deixaron vostedes?

Señorías, ¿cando facemos hospitais novos resulta que estamos destruindo a sanidade? Si, señorías. Resulta que agora facer hospitais novos é facer ladrillos. Ese é outro dos mantras que escoitei. Ou comprar robots Da Vinci ou poñer a protonterapia, ou os fármacos CAPD ou



as tecnoloxías para o tremor esencial, resulta que isto non é apostar pola innovación, nin pola sanidade pública nin polo país.

Mire, señoría, levamos 83 millóns de euros comprometidos no Plan de saúde mental. Ese é o noso compromiso, señora Pontón. Levamos máis de cen profesionais contratados. Na proposta de resolución do BNG en relación co Plan de saúde mental estamos moi interesados en coñecer exactamente a que se refire.

O Plan galego de atención primaria 2019-2021 presentámolo antes da pandemia ao Consello Técnico de Atención Primaria, con quince comisións creadas, que están estudando os problemas da atención primaria en Galicia; é pre-pandémico. A Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria aprobámola e constituímola antes da pandemia. Os catorce plans de saúde local nas áreas sanitarias é unha proposta deses expertos. Por fin o Ministerio de Sanidade aceptou sentarse con todos os conselleiros de Sanidade do país para falar da atención primaria.

Levamos dous anos pedindo ofertas públicas de emprego. Señor Caballero, ¿como pode dicir aquí, sen sonrojarse, que o que tiñamos que facer era ampliar as ofertas públicas de emprego, cando vostedes nolo impiden cada ano? ¿Como pode dicir aquí que xa vostedes propuxeron incrementar o número de prazas na sanidade cando resulta que temos topada a oferta pública de emprego, e agora que acaban de anunciar que se vai ampliar a oferta pública de emprego ao 120 % da taxa de reposición e supón 1.200 prazas en sanidade e nós temos capacidade para convocar 3.200 prazas na sanidade? ¿Como pode vir aquí dicir isto e nada máis? E retírase ao escano e intenta que algunha persoa poida crer realmente as súas propostas.

Ese rigor do que debería ser un debate do estado da Autonomía é un rigor que creo, por respecto non ao Goberno nin ao seu presidente pero si a Galicia, que deberíamos de plantexar. Non é razoable, señorías, o que están facendo vostedes coa sanidade durante os últimos doce anos, o que escoitamos durante doce anos: a privatización da sanidade, que os médicos daban altas por diñeiro, o Partido Socialista Obreiro Español con campañas co logo do Partido Socialista durante as campañas electorais dicindo que iamos cobrar por cada consulta ou por cada estancia se gañaba as eleccións o Partido Popular. Pero, señorías, evidentemente que a xente sabe moito, moito máis do que vostedes, os 75 que estamos aquí, nós cremos.

A data de peche do mes de setembro o 68 % dos médicos de familia estaban dando cita en menos de dous días e o 87 % en menos de catro días. Estes son os datos. O 54 % das consultas en atención primaria xa son presenciais. Se me di se estamos satisfeitos con isto, díggolle que non. Pero obviar que estes son os datos é simplemente enganar os demais.

44 centros de saúde rematados; están á disposición da Cámara. 17 centros de saúde reformados. 29 centros de saúde reformados co 50 % cos concellos. 4 centros de saúde en construción neste momento. 24 centros de saúde nos orzamentos do ano 2021.

Señorías, isto é todo o que estamos a facer coa atención primaria. Por iso non é xusto que se traslade un problema estrutural a un goberno que o que está facendo é intentar loitar incluso contra as competencias que non ten.



Imos, señor Caballero, facer grandes cabriolas para atopar estatísticas que permitan dicir o que vostede quere: que os servizos sociais en Galicia están peor que nunca. Pero a realidade é moi elocuente e non fai máis que desmentilo. Estamos á cabeza de España no número de persoas maiores atendidas na súa casa polo Servizo de Axuda no Fogar, 24.000, dezaseis veces máis que cando gobernaba o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. O 94 % das persoas dependentes en Galicia disfrutaban dun servizo ou dunha axuda, 63.874, catro veces máis que cando gobernaba o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego.

A mesma asociación de directores e xerentes que vostede cita indica que Galicia é a comunidade cos servizos sociais máis eficientes. Subliña que gastar máis non é gastar mellor. Pero, se quere falar de cantidades, a Xunta de Galicia contou neste ano 2021 con 895 millóns de euros en políticas sociais, un 90 % máis que cando gobernaban vostedes, cun presuposto similar.

Estas son as realidades, señorías. E certamente vir aquí dicir que a dependencia, os servizos sociais, a axuda no fogar, o Xantar na Casa, o número de prazas que creamos é unha diminución e unha ruptura e un recorte, simplemente, como presidente da Xunta, digo: ¿realmente vivirán no país?, ¿realmente falarán coa xente?

Mire, isto de canto peor mellor, que vostede manexa, lévao a asegurar que defender a Lei de impulso demográfico é vivir nos mundos de Yupi. E eu preguntolle: ¿onde viven as setenta mil familias que percibiron a Tarxeta Benvida? ¿Onde viven as quíntas familias no rural que teñen casas niño ou casas do maior e que antes non tiñan ningunha, porque son aldeas pequenas, onde non procede por criterios de poboación facer as grandes residencias ou as escolas infantís? ¿Onde viven as familias que levan os seus segundos fillos e sucesivos ás escolas infantís gratuítas dende o inicio do curso, e que supoñen máis de dez mil familias? ¿Cren que todos estes son Yupis? ¿Cren que realmente esta xente vive nos mundos de Yupi? Señor Caballero, todas estas familias non viven nos mundos de Yupi; viven nas aldeas, nos lugares, nos pobos, nos concellos. Vostede o que non sabe é como agochar a vergoña por votar en contra da Lei de impulso demográfico.

Aceptamos o 66 % das emendas do Partido Socialista, e votou en contra, simplemente porque Galicia non podía ser a primeira comunidade autónoma en ter a primeira lei demográfica de España, porque non nos corresponde, señorías. Señor Caballero, vostede non quería que fixésemos algo distinto para afrontar o reto demográfico. Vostede quería simplemente que non fixeramos nada.

Pero imos seguir legislando e Galicia foi pioneira na lei do reto demográfico e é primeira na educación infantil gratuíta ao 100 % dos nenos no 100 % das escolas infantís de Galicia. (Aplausos.)

Señorías, 14.000 dependentes atendidos con 10.800 millóns de presuposto do Bipartito hai doce anos; hoxe, 63.500. O 94 % é a ratio de cobertura da dependencia; en España, o 85 %. Estes son os datos.

Contra a pobreza. ¿Ocorre que a pobreza é en Galicia? ¿E as comunidades autónomas que teñen unha porcentaxe de pobreza inferior e as que teñen unha porcentaxe de pobreza su-



perior resulta que non deben de ser avaliadas ou contrastadas, non vaia ser que a señora Pontón se incomode? ¿Con que nos comparamos? Mire, nós temos menor pobreza que a media de España. ¿Temos unha porcentaxe de fogares con moitas dificultades para chegar a fin de mes? Si, o 5,1 %, cinco puntos menos que o ano pasado. ¿Por que? Porque estamos saíndo e estamos reactivando a economía.

Dicir que non pactamos os temas sociais. A Axenda social única está pactada coa Fegamp e con todas as ONG que se adican á pobreza. E estamos elaborando a segunda Axenda social única do país e resulta que non falamos coas ONG, cos concellos, coas asociacións... Non, non falamos. Certamente non falamos, pactamos. E por iso dóeme especialmente que se veña aquí cos mantras típicos ano tras ano sen nin sequera actualizar os datos e nin sequera falar do que creo que debemos de falar.

Señorías, se temos unha dependencia mellor da que tiñamos, se temos máis prioridade a servizos profesionais fronte a prestacións económicas, é moito máis barato darlle unha prestación económica que crear unha praza nunha residencia, evidentemente. ¿Vostedes queren isto? ¿Queren cuantitativo ou cualitativo? Creo que deberíamos de ir polas dúas. Se as aldeas non tiñan nin unha soa praza pública para o maior ou para os nenos cando chegamos, simplemente porque eran aldeas, e agora hai cincocentas prazas, ¿iso cren vostedes que non é de recibo? Falen cos alcaldes do BNG e cos alcaldes do Partido Socialista, que instan esas casas niño e esas casas do maior nos seus concellos.

Imos seguir traballando. Pódolles asegurar que este tipo de críticas para nada nos desmotiva; ao contrario, motívanos.

Os centros de día, de 900 prazas a 3.800. Os centros de alzhéimer, de 234 prazas a 520.

Prazas de discapacidade, señora Pontón: 4.300; hoxe, 5.500, un 25 % máis.

Di a señora Pontón que non creamos prazas de residencias. Non, só creamos 8.000 prazas de residencias máis, un 44 % máis que no ano 2019. Multiplicamos por catro as prazas de centros de día e un 44 % as prazas de residencias. Resulta que, se unha praza de residencia está xestionada por Fademga, iso é privatizar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se está xestionada por Cogami, é privatizar. Se está xestionada por Cáritas, é privatizar. Hai que pechar todas as ONG e todo o terceiro sector simplemente porque estes señores non poden xestionar a saúde dende o punto de vista dos servizos sociais e a atención e coidados. Resulta, señorías, que o BNG quere estatalizar o país, e iso é a nova Galicia.

Nunha conversa moi interesante que tiven unha vez cun ministro cubano preguntoume que opinaba sobre que mil quiñentos barbeiros en Cuba foran funcionarios. Eu trasladeille que me parecía un disparate. El estaba de acordo comigo, díxome que lle custaba moito facer un cambio dentro do sector público cubano.

Miren, señorías, non veño eu comparar unha cousa con outra, pero si o que veño é a poñer... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —Si, si, comprendo que o Partido Socialista se ría, pero é verdade—. Comprendo, señorías, que todo aquilo que non sexa de acordo co ca-



tecismo do BNG é privatizar. Se todos seguirmos o catecismo do BNG, todos estaríamos salvados, todos teríamos chegado á terra prometida. Pero, se te apartas do catecismo, resulta que non es bo galego, non cres nos servizos públicos e privatizas os servizos públicos. E isto é moi infantil, é realmente infantil, señorías. (*Aplausos.*)

Resulta, señor Caballero, que non temos política económica, pero temos menos paro, temos máis exportacións, máis produción industrial que o resto de España. Aquí diminúe o produto interior bruto menos que no resto de España, o paro baixa máis que no resto de España, as afiliacións incrementáanse en 23.000 nos últimos doce meses e resulta que non temos política económica. Pois, entón, ¿que será o resto de España? Comprendo que isto non será unha crítica mordaz ao presidente do Goberno de España, porque se os ratios económicos son mellores que os do Goberno do país, que os do Goberno de España, resulta que nós non temos política económica e o Goberno central si.

Somos o país onde máis baixou o PIB do mundo, despois de Arxentina. Agora vén dar leccións aquí de política económica. As exportacións en España están crescendo un 31 %; en Galicia, un 23. A taxa de paro en España está no 15; en Galicia, no 12,4. A evolución de parados está incrementándose por riba da media de España, e no paro rexistrado, señoría, estamos neste momento cos datos de setembro similares ao resto de España.

Por iso, é moi sorprendente que o paro rexistrado baixa en máis de 57.600 persoas dende que chegamos ao Goberno. A pesar da crise, é dicir, dunha pandemia, do peche de todo o sector económico do país, temos 57.000 parados menos que cando chegamos ao Goberno, e o paro rexistrado aumentaba co Bipartito un 31 % no último ano, e agora resulta que baixa un 13 % no último ano, incluído o ano da pandemia. Pero non temos política económica, non. A política económica consiste en máis paro, máis débeda e máis déficit. Xustamente a política económica que non segue ningún país da Unión Europea.

Por iso, creo que non é de xustiza falar de que non temos política económica. Se a taxa de paro está a tres puntos por debaixo da media española, se somos a sétima comunidade autónoma con menor taxa de paro EPA —colla vostede o que queira: o paro rexistrado, a EPA, colla o que queira—, dez comunidades en España teñen máis paro EPA que Galicia. A taxa de paro xuvenil, o 33 %, sen dúbida moi preocupante; en España, o 38,4.

Os datos, señoría, se quere vostede, de afiliacións á Seguridade Social: 22.430 afiliados máis no último ano, incluído o ano da pandemia.

Sobre a evolución dos salarios, Galicia é a comunidade autónoma onde máis se incrementaron os salarios, a un ritmo do 24 %, superando o ritmo medio de subida estatal, que acadou un 6,7 %, onde máis se incrementaron os salarios en termos de porcentaxe, e é a cuarta comunidade onde máis se incrementaron en termos cuantitativos.

Por iso, señor Caballero, dicir que non temos política económica, que eu de economía non sei nada, non, evidentemente, señoría, nós non sabemos nada de economía, vostede si que sabe moito de xestión económica, non hai ningunha dúbida, ten vostede unha grande experiencia na xestión das cousas públicas.



Señoría, volvemos outra vez co tema da vivenda. Fixemos un pacto social pola vivenda en Galicia, asinado por todos. Conta con cincuenta medidas, o obxectivo é mobilizar nos próximos anos 1.100 millóns de euros e chegar a 70.000 familias, está asinado por todos os axentes, polos arquitectos, polos concellos, polos axentes da propiedade inmobiliaria, señorías, polos axentes que falan da vivenda.

Axudas a concellos para a rehabilitación, axudas a particulares. Un dos problemas máis graves que temos na vivenda é que se tarda por riba de nove meses para obter unha licenza municipal para facer unha pequena reforma interior. Este é o problema, señoría, un dos problemas máis graves que ten o país. Por iso, sería bo transparentalo e poñer nun portal de transparencia onde está a miña solicitude de vivenda en cada concello, sexa do PP, do BNG ou do PSOE; aclararíamos moito as cousas, e así faríamos algo polo país, que entendo que é o que nos interesa.

Baixamos os impostos para vivenda no 94 % do territorio, que é o territorio rural, e, por iso, sorpréndeme que fagamos aquí unha serie de afirmacións en relación coa vivenda. Di a señora Pontón que fixemos catro vivendas no ano 2019. Teño un recorte de prensa onde a señora Pontón chega a Rianxo, saca peito polas vivendas que alí se fixeron e resulta que eran nove e que as fixo a Xunta de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, igual como Rianxo é un concello do BNG, pensou que era cuestión do alcalde. Pero, señora Pontón, un pouco de rigor se vostede quere falar da vivenda, que é un tema rigoroso para falar cun mínimo de formación e información. ¿Imos seguir traballando polos temas da vivenda? Por suposto.

Sobre a lei estatal de alugueiro. ¿Quen ten o texto? ¿Vostede? O Partido Socialista está a favor, pero ninguén coñece o texto. ¿O BNG ten opinión sobre a Lei de vivenda? Señoría, ¿ten opinión sobre a Lei de vivenda? Dende logo, se do que se trata é de intervir, se o que se trata é de estatalizar, evidentemente hai dificultades para que iso concorde co ordenamento xurídico nacional.

Pero, na loita contra os desafiuzamentos, 2.200 familias en Galicia foron atendidas para evitar o desafiuzamento, e a maioría dos concellos non quixeron asinar os acordos, e en moitos concellos quedamos sós, pero imos seguir traballando ao respecto.

É un clásico xa nos debates falar da CRTVG, un clásico, evidentemente. Nós, dende logo, non asaltamos o Consello de Administración da CRTVG, señor Caballero, non cesamos a todos, non. Cando toca ese cambio, cambia; se lle toca ao PSOE, ten un membro, e se non lle toca, non o ten, é o normal; cando lle toca ao BNG é cando non lle toca ao PSOE; pero iso non é culpa nosa.

Pero a Televisión é líder en informativos. Toda a xente non entende, non sabe, ve unha Televisión porque obriga o Goberno a vela. (*Risos.*) Evidentemente, nós obrigamos aos galegos a ver a CRTVG, e como os galegos ven a CRTVG, estamos nun país non democrático —que diría a señora Pontón—. Isto é moi sorprendente escoitalo nunha cámara occidental, dunha Europa libre, onde a xente ve a Televisión que lle peta. E é líder absoluta de información en Galicia. Pois parece ser que si, síntoo por vostedes, que non lles gusta; parece ser que aos



galegos lles gusta; que non a vexan os militantes incondicionais seus, non vaia ser que sexan os que máis a ven.

O que si está claro, señoría, é que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non sei o que dixó, pero seguro que algunha cousa intelixente— incluso é a máis vista entre a xente nova —pásmense—, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) entre os mozos entre 13 e 24 anos, cun 10,9 % de cota, neste colectivo, por diante de Telecinco; sorprendente, señoría, ¡que lle imos facer!, se a CRTVG a xente a quere ver.

Pois ben, seguimos coa innovación. 6.700 axudas dende o ano 2014 ao ano 2020. A Estratexia de especialización intelixente, que veu presentar o comisario europeo a Galicia, que non é unha cuestión de propaganda do Goberno; veu o comisario europeo de Innovación presentar a Galicia a Estratexia de especialización intelixente. Resultado: mobilización de 1.900 millóns de euros. Estamos traballando na nova RIS para centrar as prioridades entre o ano 2021 e o 2027. Non o digo eu, dío o INE: o investimento en I+D alcanzou en Galicia a cifra máis alta de toda a súa serie estatística, 627 millóns de euros. Traballan máis de dez mil persoas en innovación, e, dende o ano 2014, a innovación en Galicia medrou case o dobre que o ritmo da media española. Este é o resultado, señorías.

Miren, nós non imos comprar o voto da xuventude. Dicir que soamente teñen dereito ao bono cultural aqueles mozos españois que teñen 17 anos recórdame a conversa co ministro cubano. Pero ¿realmente só teñen dereito ao bono cultural os mozos e as mozas que teñen 17 anos no país? ¿Isto a vostede parécelle razoable? Resulta, entón, que imos ter que quitarlle o bono de transporte aos mozos e ás mozas que teñen máis de 17. Porque o importante é subvencionar aqueles que van votar nas próximas eleccións.

Mire, sobre a xuventude, señor Caballero, debería ser un pouco máis prudente. Se quere falar da xuventude, poña autobús gratis nas cidades onde vostedes gobernan. Nós témolo, ata 21 anos. Se queren falar de xuventude, as oportunidades do Carné Xove, que recibiron gratuitamente 400.000 mozos e mozas, creo que é un bo plantexamento, pero non darlles un bono ás persoas que aínda non votaron e que están a punto de votar.

¿Por que? ¿Por que lle contamos á xente unha gran trola, señora Pontón? ¿Por que lle dicimos á xente que imos subir o recibo da auga se sabe que é falso? Sabe que é falso, sábeo vostede e sábeo o señor Caballero, e, ademais, solicítano os alcaldes do Bloque e do Partido Socialista no meu despacho, intentar xestionar de forma axeitada o problema de abastecemento e saneamento da auga, competencia exclusiva dos concellos, que non teñen capacidade económica para prestar o servizo. Levamos investidos 1.100 millóns de euros en abastecemento e saneamento de auga, ¿e estamos recortando o diñeiro dos concellos?

Máis de 600 millóns de euros na mellora integral das rías, xestionamos 28 depuradoras municipais, que non son competencia nosa. E o único que queremos, señoría, é axudar os concellos que non teñen capacidade económica para ter auga potable e ter unha depuradora. Non imos incrementar, senón que imos substituír —aqueles concellos que voluntariamente queiran; en ningún caso, obrigatorio para ninguén— os recibos que cobran eles por novos recibos que non se suman, senón que se restan, e, por tanto, o neto é exactamente igual. O



sablazo que di a señora Pontón é un sablazo a verdade feito neste parlamento nesta tarde. *(Aplausos.)*

Por iso, ás veces, convén dicir a verdade, porque, se non dicimos a verdade, ao final a xente decátase e a xente sabe distinguir entre a verdade e a mentira; se non soubera distinguir, isto sería unha selva, porque vén aquí, cada un di o que lle peta e lle dá igual, vai para o escano e punto.

Mire, fala vostede da reforma do Estatuto. ¿Cal é o modelo do Partido Socialista? ¿É o modelo do Estatut catalán? ¿É o modelo do Estatuto de Castela-A Mancha? ¿De Andalucía? ¿Cal é o modelo? Eu xa me manifestei a favor de actualizar o Estatuto de autonomía, e por suposto que a Constitución pode someterse a relecturas. Pero, antes de poñerse a reformar o Estatuto e a Constitución, creo que habería que reformar as actitudes.

Señor Caballero, ¿vostede ten autonomía para reformar o Estatuto sen o visto e prace do BNG?, ¿si ou non? Non sei por que se riron, eu presenciei que non a tiña, non el, e non os seus antecesores.

Por tanto, cando nin sequera presentaron un texto estatutario, porque o importante non é o articulado senón a exposición de motivos, e se o Estatuto na exposición de motivos non di que Galicia é nación, non haberá reforma do Estatuto. *(Murmurios.)* Ese é o resultado, señor Caballero. Como comprenderá, ese conto xa o vin.

Pois mire, Euskadi e Galicia non reformaron o Estatuto. ¿Pasoulles algo aos vascos e aos galegos? ¿Ou realmente é que temos criterio e personalidade? Apúntome á segunda, evidentemente. Podemos facer estatutos con todo tipo de cláusulas, pero o certo e verdade é que, se estamos a falar en serio da norma institucional básica, deberíamos, en todo caso, tomar en serio este asunto e non xogar simplemente a facer un slogan e a propoñer algunha cuestión —ben— para botar na cara.

Mire, a comparación con Afganistán non a fixen eu, fíxoa unha ministra do seu Goberno central, non eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, señoría, debería de ler exactamente o que dixer; ao mellor é que nin sequera se enterou do que dixo a ministra de Igualdade, o cal é normal, porque forma parte do Goberno *bis* do Goberno de España. Pero se, por certo, quere falar vostede de oficinas de igualdade, ¡home!, o único concello onde pechou unha oficina de igualdade é o concello socialista de Ponte Caldelas, gobernado, por certo, polo Partido Socialista. Claro, quixo pechalo de forma unilateral e foi obrigado a reabrilo por sentenza xudicial.

Estes son os datos, señoría. Alcoa, Meirama, As Pontes, Ence, Vestas, culpa do PP. Pero ¿será unha broma, será unha broma? Co Partido Popular en Madrid e aquí Meirama, Vestas, Alcoa, Ence e As Pontes estaban abertas. *(Murmurios.)* ¿Que cambiou? ¿O Goberno do Partido Popular en Galicia ou o Goberno en Madrid? E resulta que nós, señoría, temos que calar, e aínda encima temos que asumir que a responsabilidade é do que non ten ningunha responsabilidade, e os que teñen responsabilidade aínda encima nos botan as culpas dos seus peches industriais, que é claramente unha reconversión industrial, a segunda que fai o Partido Socialista



Obreiro Español en Galicia. (*Aplausos.*) Xa sabemos como fixeron a primeira e agora están facendo a segunda.

¿Por que, señor Caballero, os socialistas asturianos queren Navia e os socialistas galegos non queren Ence? ¿Por que os socialistas asturianos queren Ence en Navia e os socialistas galegos non queren Ence en Galicia? Será que encaixa todo, ¿verdade? Se pechamos Ence, ampliamos Navia... (*Murmurios.*), e, como ampliamos Navia, incrementamos a industria en Asturias, o cal me parece moi ben; se fora asturiano, estaría a favor. Pero aínda encima vir aquí, coa conivencia dos nacionalistas, bendicir este disparate, comprenderá vostede que comigo non van contar.

Miren, señorías, non se pode tomar decisións precipitadas. Hai unha cousa moi sorprendente: nunca vin darlle instrucións á Avogacía do Estado para que se retire dun preito, nunca. Tiven avogados do Estado no Insalud, en Correos. Dende logo, eu non podo dar unha instrución á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia para retirarse dun preito se a Asesoría Xurídica quere recorrer; e, se o fago, asumo a responsabilidade. ¿Por que se retiraron do preito de Ence? ¿Por que se retirou a Avogacía do Estado do preito de Ence? ¿É que acaso o expediente da concesión de Ence non tiña un informe favorable da Avogacía do Estado? ¿Que Avogacía do Estado estaba realmente defendendo o Estado? (*Murmurios.*) Señorías, ¿o informe da Avogacía do Estado a favor da concesión de Ence e agora cambia o Goberno e o Goberno dille á Avogacía do Estado que non defenda o informe que está no expediente? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Miren, señorías..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...hai unha sentenza porque a Avogacía do Estado se retirou e allanouse á demanda... (*Murmurios.*) ¡Ah!, ¿non?, ben, se dá igual. Pero se o importante non é o que digan vostedes..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Explíquello... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Explíquello o bipartito da oposición ás cinco mil persoas que están afectadas pola decisión de Ence. ¡Explíquenllo! Non hai ningún problema, vostedes sigan alí. Nós, dende logo, non imos, dentro das nosas responsabilidades, pechar iso así porque así.

Mire, se o Goberno de España non transferiu o diñeiro aos concellos durante a pandemia, non é responsabilidade do presidente da Xunta. Se vostedes non foron capaces dentro do Partido Socialista de organizarse, non é responsabilidade das comunidades autónomas. Creo que debería vostede aceptalo, porque agora resulta que tamén nós somos responsables de



que o Goberno central non transmitira un patacón aos concellos españoles —e, en consecuencia, galegos— para xestionar a pandemia. Isto tamén é por culpa da Xunta de Galicia.

Pois ben, aquí se resumen realmente as propostas que eu escoitei.

Así como a AP-9. Vén aquí o PSOE e di que isto se debe a el, o BNG di que se debe a el; e a pregunta que miramos os galegos é: pero ¿por que non falamos en serio da AP-9? Señora Pontón, vostede votou en contra da transferencia da AP-9, xa sei que lle molesta... (*Murmurios.*), murmurios do BNG, ¡xa sei que lle molesta!, pero é que é a realidade. (*Murmurios.*) É que eu estaba aí, na oposición, vostede estaba no Goberno e votaban «non» á transferencia da AP-9. Eu opúxenme a que dilapidáramos 400 millóns de euros do presuposto da Xunta para rebaixar un 50 % a peaxe e levantar a peaxe completa, 50 % Xunta e 50 % Goberno central, na Barcala e en Rande. E vostedes votaran a favor co diñeiro dos galegos de diminuír unha peaxe dunha autoestrada estatal, ¡e vén dar aquí responsos! Pero ¿é que acaso vostedes non estaban votando a favor desa broma que custaba 400 millóns de euros aos galegos e con eses 400 millóns de euros acabamos a autovía da costa da Morte, desdobramos a autovía a Noia e facemos a autovía enteira entre Lugo e Sarria? —que vostede é de alí, por certo—. Deberían vostedes ser un pouco máis serios e non vir dar leccións aquí da AP-9. Dixen que era un disparate financiar con peaxe dos galegos a ampliación da AP-9 na ponte de Rande e nun novo carril na circunvalación de Santiago, e vostedes estaban alí facéndoo... (*Murmurios.*) Por tanto, señorías, ¿de que leccións estamos a falar?

Resulta que agora o BNG consegue a diminución das peaxes da autoestrada. Eu teño que dicir que o único que falou en serio disto foi o ministro Ábalos; lamento onde foi parar. Pero o certo e verdade é que foi o único que falou en serio, porque, dende logo, axudas do BNG eu non tiven ningunha. Agora si, agora di que nunca baixamos as peaxes. Pois tampouco é certo, porque a peaxe entre Pontevedra e Vigo si se baixou durante a época do presidente Rajoy e a ministra Pastor; iso tamén é unha verdade; por iso agora non se reduce a peaxe entre Pontevedra e Vigo, porque xa estaba reducida.

¿Para que contamos mentiras? Se non é necesario, se sabemos todo o que ocorre. Estamos nunha sociedade democrática onde temos información e podemos dicila sen medo. Cando cometemos erros, advirtannos, pero vir aquí con datos falsos é algo lamentable.

Non, señora Pontón, non estamos no debate do estado da Nación; o debate do estado da Nación non se celebra desde hai sete anos; estamos no debate do estado da Autonomía, que o facemos todos os anos. Iso é exactamente no que estamos. (*Aplausos.*)

Señorías, eu non me colgo ningunha medalla, as medallas entregámolas nos últimos dous anos a quen lle correspondía. No ano 2020, aos profesionais sanitarios que combateron a covid e no ano 2021 aos profesionais sanitarios e non sanitarios que fixeron posible a vacinación. Por certo, botámola en falta durante esa entrega da medalla de Galicia, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, en todo este tempo que levamos compartido vostede e mais eu no Parlamento galego xamais lle escoitei dicir que o Goberno de Galicia acertara en algo, ¡nunca!



Todo o facemos mal, nunca acertamos nin cando nos equivocamos. Leva décadas dicindo que todo en Galicia se fai mal, décadas insistindo no mal que o facemos todos e no ben que nos iría co BNG. Despois de dezasete anos no Parlamento eu xa non aspiro a que me diga se facemos algo ben; como comprenderá, sorprenderíame; ¡home!, pero gustaríame que dixera: pois mire, isto en Galicia está indo ben. A pandemia xestionouse mellor —a vostede que lle gustan as comparacións coas nacións e cos Estados— que na maioría das nacións e os Estados do mundo. Tivemos un servizo de saúde e uns profesionais sanitarios que estiveron de forma axeitada xestionándoa. Un pouco de respecto por eles, polo comité clínico, señora Pontón; un pouco de respecto polo comité clínico. Un pouco de respecto pola historia, cando vostede e o señor Caballero se negaban a facer eleccións no momento en que o comité clínico cría que era o momento máis axeitado. Incluso o señor Caballero propúxome facer eleccións en outono, xustamente nunha onda pandémica enorme. ¡Un pouco de respecto pola historia e un pouco de respecto polo que ocorreu en Galicia no último ano! *(Aplausos.)*

Agora ben, señora Pontón, creo que algunha lección debería de sacar vostede como a deputada máis veterana nestas bancadas —digo deputada e non deputado—; o deputado máis veterano é o que nos preside, a deputada máis veterana é vostede. Vostede quere presentarse como unha opción exitosa; é lexítimo, pero os números cantan. Cando vostede entrou no Parlamento, o Partido Popular tiña 41 escaños e agora —dezasete anos despois— o Partido Popular ten 42 escaños. Iso é, señoría, o resumo do resumo da súa xestión exitosa. *(Aplausos.)*

Vostede sabe perfectamente que como galegos nos incomoda que haxa xente en nome de Galicia desprezando o que os pescadores, os gandeiros, os sanitarios, os traballadores fan. Vostede veu aquí dicir que era un desastre o tema da pesca, que perderamos cotas, que perderamos diñeiro... Dende o ano 2009 a cota en Galicia aumentou en 75.000 toneladas e supuxo un aumento de máis de 200 millóns de euros de facturación. Se vostede me pregunta se estou completamente satisfeito, direille que non; pero o que non vou dicir é que diminuímos as cotas e a facturación, porque é falso. Mire, no ano 2017 batemos o récord histórico e rompeu o teito dos 500 millóns de euros de ingresos procedentes da primeira venda en lonxa; iso é o resultado. E por iso sorpréndeme que vostede veña aquí dicir que o tema da pesca está en franca deterioración. Recuperamos 15 millóns de metros cadrados para o marisqueo, e resulta que a poboación ocupada na pesca extractiva en Galicia aumentou un 7 % entre, por exemplo, o ano 2015 e o ano 2019.

A mesma leria co tema rural. Non sei cantas explotacións pecharon e estamos nun disparate, nun desastre gandeiro tanto en carne como en lácteo, e resulta que nunca producimos tanta carne e tanto leite como agora na historia. ¡Nunca! Nunca, señoría. *(Aplausos.)*

Non fixemos nada no sector agrario. Fixemos novas leis para mellorar e potenciar o agro: a Lei de mellora de estrutura agraria, a Lei de montes, a Lei de mobilidade de terras, a Lei de recuperación da terra agraria; por certo, con persoas solventes nacionalistas que nos axudaron a redactala. ¿Por que non falan con eles?, *(Murmurios.)* ¿por que non falan con eles, que saben máis que vostedes disto? Probablemente por iso xa non están no BNG.

Mire, en Galicia non se pagan impostos no rural; impostos cero para adquirir ou para permutar ou para allear. Incorporamos 3.800 mozos no rural, ampliouse a industria agraria,



melloramos a calidade de vida no rural. Hai máis industrias no rural, creamos unha industria forestal, creamos un polo aeronáutico, hai proxectos tractores, unha futura planta de fibras téxtiles... ¿E dime vostede que non facemos nada co rural? A pregunta é: ¿que fixeron vostedes?

Polígonos agroforestais, aldeas modelo, agrupacións de xestión conxunta. Mire, o que pasou é que 800 granxas individuais pasaron a integrarse en sociedades. O que pasou é que se fixeron cooperativas, como Aira ou Clun. O que pasou, señoría, é que estamos no máximo histórico de produción láctea, somos a oitava rexión de toda Europa de produción láctea, localízanse máis da metade das explotacións lácteas de toda España e producimos o 40 % do leite de España. Galicia produciu no ano 2020 case 2,9 millóns de toneladas de leite, un 4 % máis que no ano 2019 e un 6 % máis que no ano 2018; e temos 6.600 gandeiros, que facturan 800 millóns de euros. ¿Verdade que vostede sabe isto igual ca min? ¿Por que o nega? Comprendo que o omite, pero dicir que isto é falso é simplemente non dicir a verdade.

Señoría, gustaríame, antes de finalizar a lexislatura, comprender exactamente cal é a súa proposta para a tarifa eléctrica galega, ademais dun slogan. Porque ¿que fundamentos xurídicos ten? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que leis quere cambiar a nivel nacional para chegar a ela? ¿Ou o que quere é aprobar aquí unha lei, quedar ben e que nola recorran no Constitucional e suspendela en quince minutos? ¿Que criterios de aplicación vai efectuar? ¿Que aforros reais suporía? ¿Que ocorre nun ano con pouco vento ou pouca auga? ¿Canto nos custa Red Eléctrica, que saca a electricidade dos puntos de xeración eléctrica de Galicia?

Propón unha compensación exclusiva para Galicia e un cambio de modelo de tarifa para todos. Aquí vén, dise isto e xa está. Por certo, ¿por que non apoiamos a industria electrointensiva? ¿Por que non volvemos recuperar os 200 millóns de euros que tiñamos para a industria hiperelectrointensiva? Iso si que é unha tarifa eléctrica para manter os postos de traballo de Alcoa e para non tomarlle o pelo, como llo tomaron en Alu Ibérica da Coruña. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, eu non, eu denuncieino, señora Pontón. (*Murmurios.*) Eu denuncieino dende o principio, porque sabía que esa venda era unha venda fraudulenta. (*Murmurios.*) Dende o principio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E remítooo ao comité de empresa e póño por testemuña. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por iso, señora Pontón, cando saiba vostede en que consiste a súa proposta, gustaríanos.

Temos moitos amigos nas empresas eléctricas. Pois debe ser; pero, dende logo, os que tiñan amigos eran vostedes: 9 expedientes en catro anos, 97.000 euros de multa; nós, 3.200 expedientes, 26 millóns de euros de multa. Realmente, señoría, non entendo moi ben en que consiste iso da amizade. A amizade consiste en non pedirilles o canon ás empresas eléctricas cando instalan parques eólicos no país, que é o que facían vostedes cando estaban no Goberno; pero aquí pagan o canon, señoría. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E por iso nós temos unha proposta para baixar o prezo da luz, por suposto.

Mire, España está recadando 2.400 millóns de euros en emisións de CO₂. ¿Por que? ¿Por que non poñemos esas emisións a favor dos consumidores? Antes non había un imposto sobre



as emisións de CO₂. A tonelada de CO₂ era unha tonelada absolutamente admisible dende o punto de vista impositivo e agora resulta que sobe a tonelada de emisións de CO₂. É certo que sobe como unha decisión da Unión Europea, pero en Alemaña hai 39 centrais térmicas e en España quere acabarse con todas, incluída a máis grande e a máis evolucionada, que é As Pontes.

¿Por que non falamos, señora Pontón, de Galicia grande, en serio? Mire, activar o Fondo Español de Reserva para garantir as electrointensivas ¿por que non se fai? ¿Por que non se convocan de inmediato as poxas de electricidade para a enerxía renovable? ¿E por que non establecemos mecanismos de xestión da demanda? Isto facíámolo antes. Levo doce anos aquí —vostede o dixo—, case trece. Mantivemos Alcoa durante todos estes anos, ata hai un ano e medio. ¿Por que? ¿Que cambiou?, ¿que mudou? ¿A política enerxética do seu socio, quizais? ¿Por que non trae unha proposta conxunta co seu socio para ver se realmente isto vai en serio ou simplemente é unha proposta nacionalista para distinguirse dos socialistas?

Mire, sabe vostede que o galego nos preocupa, pero se non apuntamos de forma directa ao problema do galego, simplemente estamos botando a lingua enriba cada un de nós. Se quere falar vostede da lingua en serio, falemos. Falemos coa Real Academia da Lingua, falemos co mundo educativo, falemos, señoría.

Somos a primeira comunidade autónoma en comprensión oral —si— e en comprensión escrita. (*Murmurios.*) Si, si, señoría. Isto é o que di calquera estudo obxectivo ao respecto.

Aprobamos o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico. Aprobamos o dominio .gal. O idioma galego ensínase en máis de corenta universidades. Fixemos un memorando de entendemento co Instituto Camões. Achegamos sen precedentes a cultura lusófona aprobando e desenvolvendo a Lei Paz Andrade.

O IGE sinala que saben falar galego hoxe máis no ano 2018 —última estatística do IGE— que no ano 2013. No ano 2013 o 87 % da poboación; no ano 2018, un punto máis. Entende galego escrito, moito ou bastante, no ano 2013 o 84,8 %; no ano 2018, por riba do 85 %. Falan sempre galego ou máis galego que castelán no ano 2013, o 51 %; no ano 2018, o 52,3 %.

Este é o resultado. ¿Cal é o problema?, vostede, que citou a Real Academia. O problema non é o ensino, o problema é o que ocorre despois do ensino. Se focalizamos o problema no ensino, estamos enganando a todo o mundo e, se realmente queremos falar do problema do galego, temos que falar de que ocorre coa baixada de mozos galegofalantes fóra das aulas, pero non dentro das aulas, que é outro dos mantras nacionalistas que temos que aguantar ano tras ano. (*Aplausos.*)

Cando aprobamos as emendas ao Proxecto de lei audiovisual de lingua galega por unanimidade, para non discriminar o galego, cando presentamos o proxecto Nós, que é sen dúbida o proxecto máis ambicioso feito dende a Lei de normalización lingüística do ano 1993, o máis ambicioso, ¿por que o BNG non se apunta, señora Pontón? ¿Porque é unha proposta do Partido Popular? Non se preocupe, está a Universidade de Santiago, están profesores independentes. ¿Por que non se apunta ao proxecto Nós, para que o galego estea en todas as



acepcións tecnolóxicas e realmente non se perda no mundo globalizado no que estamos? Este é o problema, señorías. O problema non é o galego na escola, o problema é o galego fóra da escola e na sociedade.

Vir aquí dicir que a xente se vai, outro mantra, señora Pontón. Pero ¿non se dá conta que leva dezasete anos falando disto? E resulta que dende o ano 2009 se incrementaron en 72.000 persoas o número das que entraron fronte ás que saíron. ¿Por que non o di? E cando se fala de mocidade, dende o ano 2009 tamén é positivo; entraron en Galicia 16.000 mozos máis dos que saíron, mozos entre 16 e 34 anos.

A verdade é que ás veces penso que non vale a pena, pero, namentres sexa presidente, non vou ocultar a realidade do país, porque, se non, deixaría de selo. Pero ¿por que non falan en serio de que o problema que ten Galicia é un problema de nacementos, que os falecementos superan o dobre dos nacementos? ¿Por que lle botan a culpa ao Goberno? ¿É que acaso é culpa dun goberno do PP? Realmente, ¿vostedes cren que iso é así? Ben, pois sigan, sigan, señorías, faltándolle á xente, faltando á verdade, non collendo o touro polos cornos e sigan dicindo o que lles peta.

Os hospitais comarcais. Sabe vostede perfectamente que hai hospitais comarcais con carteira de servizos nova que non existían anteriormente. Sabe perfectamente que necesitamos máis prazas para poder ofertar aos especialistas, que prefiren traballar nas cidades, nos grandes hospitais, que nos hospitais comarcais. E sábeno, e sábeno perfectamente, pero dálles igual.

Saben que hai consultas oncohematolóxicas en hospitais comarcais que non había, saben que hai procesos de diálise en hospitais comarcais que non o tiñan, saben perfectamente que temos dificultades cos traumatólogos, cos anestesiastas e por iso necesitamos máis traumatólogos e máis anestesiastas. Saben perfectamente que isto ocorre no conxunto dos hospitais de España, pero non lles importa. O importante é desprezar a sanidade de Galicia e intentar dicir que Galicia non ten unha sanidade como nos gustaría.

Miren, señorías, o prezo da luz. Pero, señora Pontón, eu entendo perfectamente que o BNG teña mala conciencia, sendo socio do Partido Socialista, co prezo da luz, e mala conciencia que supón que os obriga a sobreactuar. Pero é moi duro ter de socio o Partido Socialista e falar do prezo da luz dende a outra parte da sociedade —da sociedade política me refiro—. Eu comprendo que sería moi duro ter que coller o seu papel. E por iso vén aquí cunha serie de propostas.

¿Cal é o modelo enerxético do Bloque Nacionalista Galego? ¿Cal é? Imos ver se somos capaces mañá de que nolo conte. ¿Están en contra das térmicas?, ¿si ou non? ¿Están en contra do eólico?, ¿si ou non? ¿Están en contra da eólica mariña?, ¿si ou non? ¿Están en contra das centrais hidroeléctricas?, ¿si ou non? Esas son as preguntas.

Mire, vostede insiste nunha idea en relación cos maiores: a idea de que as residencias de maiores e de que todos os seus traballadores sexan públicas. Eu falei de humanización, de tecnoloxía, de novo sistema arquitectónico e tamén de traballadores. Incrementamos un 5 % a plantilla dos traballadores. A vostede o único que lle ocorre é cargar contra a iniciativa privada. Calquera que monte unha residencia da terceira idade en Galicia é sospeitoso.



Ben, pero cando imos á realidade das cousas, resulta o 46 % dos concellos onde governa o BNG teñen o servizo de axuda no fogar privatizado, e, non obstante, concellos onde governa o PP, o 29 %. Cando o BNG gobernaba na Xunta, asinou contratos para externalizar as residencias de Laraxe, de Quiroga, de Viana do Bolo, de Castro de Rei e de Bande. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, non se preocupen, se está nos papeis.

Mire —vou rematando—, señora Pontón, eu creo que hai varias persoas na UPG interesadas nesta pregunta que lle vou formular. *(Murmurios.)* ¿Ve como hai varias persoas interesadas na pregunta? *(Murmurios.)* *(Risos.)* ¿Que pensa vostede da independencia de Galicia? ¿Independencia si ou independencia non? ¿Autonomía ou independencia? ¿Que é o que pensa, señora Pontón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Soberanía? Ben, alguén respostou pero vostede non é a señora Pontón. *(Murmurios.)* *(Risos.)* Deixe falar a señora Pontón, que é a que manda neste momento.

Mire, eu comprendo que todo o mundo ten dereito a cambiar de opinión, e poden vostedes deixar de aplaudir cando alguén grite: «Galicia, independencia». Si, teñen todo o dereito a renegar dos sumos sacerdotes da UPG, que a auparon ata aí, sen dúbida. Temos visto metamorfoses máis increíbles nesta cámara, *(Risos.)* non teña ningunha dúbida. Recordamos con exactitude a quen me estou a referir. *(Risos.)* Pois ben, ao que non ten ningún dereito é a ocultarlles aos galegos as súas verdadeiras intencións.

O señor Caballero dixo algo que anotei, que me pareceu relevante: que non están a favor do modelo do independentismo. Díxoo e eu agradézollo. Tamén dixo que nos van apoiar no modelo de financiamento, tanto para ponderar a dispersión, o avellentamento e a multilateralidade, que tamén llo agradezo. E tamén dixo que estaba de acordo no que nós facemos no tema das escolas infantís. É unha pena que non o faga no Goberno de España, porque isto de que unha comunidade autónoma teña, sen competencias, que financiar a educación infantil 100 % gratuíta; señorías, en España non é a educación obrigatoria; non sei por que botan as mans á cabeza; se fora obrigatoria, xa estaba financiada. *(Murmurios.)*

Pois ben, señora Pontón, moita independencia pero quen asina as nóminas dos cargos nacionalistas son os líderes socialistas que gobernan nas deputacións e nas cidades. Esa é a independencia da que vostedes falan. *(Aplausos.)*

Mire, en Galicia hai dúas coalicións. A primeira é a que forma o galeguismo reformista cunha ampla maioría dos galegos e a segunda é a do BNG e o Partido Socialista. E entón a primeira é explícita. Nós presentámonos ás urnas para gobernar, se gañamos as eleccións. Sabemos que aínda gañando as eleccións non nos deixarán gobernar, e por iso nos presentamos ás urnas para sacar a maioría suficiente, que vostedes non poidan bloquear.

E vostedes teñen unha segunda coalición que procura ocultarse. Van en carteis distintos, con aparentemente programas distintos, pero despois gobernan xuntos. Entón, non sei realmente a quen dirixirme. Ben, eu diríxome aos que se dirixen a min, como é natural, e para min é unha honra poder dirixirme a vostedes, sobre todo vela preocupada pola débeda pública. E iso si que é unha ruptura contra os principios básicos da UPG. Agora vostede está preocupada pola débeda pública, cando resulta que cada vez que hai un presuposto vostede



fai unha emenda para incrementar a débeda pública. Pero, señora Pontón, dezasete anos aquí vostede, o señor Santalices, eu e algún outro, de verdade que ¿pensa que non temos memoria? Pero se temos moitas tardes de debates de estado da Autonomía, señora Pontón; temos moitos presupostos falados, conversados, discutidos, aprobados de forma conxunta ou de forma contraria. Sempre hai unha emenda para incrementar a débeda pública, a débeda pública é un santo *sanctorum* da súa ideoloxía, e agora resulta que se lle di a Galicia que incrementa a débeda pública pero non se lle di que é a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública, nin se lle di que cando chegamos ao goberno era a cuarta comunidade con máis débeda pública e hoxe é a cuarta comunidade con menos débeda pública. (*Aplausos.*) Isto non se di, simplemente isto hai que agochalo. ¿Por que? Porque é un bo indicador de Galicia.

Hai unha proposta do portavoz do Grupo Parlamentario Popular moi clara: ¿vostedes van renunciar a ir en listas con Bildu ou non? (*Murmurios.*) Os galegos temos dereito a sabelo, non sei por que se rin. ¿Van renunciar ou non?

Mire, vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)—non o vin, dixéronmo. Igual, se me equivoco, rectifico inmediatamente—. Vostede forraba a carpeta do instituto con imaxes de Pujol e de Ibarretxe. (*Risos.*) ¿Non é certo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, perdón. Se non é certo, retíroo. Se é certo, sería bo que o explicase, dado que a vostede lle gusta moito isto das imaxes. Pero, en fin, eu dende logo non vou forrar a carpeta nin con Pujol nin con Ibarretxe nin con Rufián nin con Otegi, pódollo asegurar. Eu podo reunirme con xente que dea traballo a Galicia, iso si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, evidentemente, señorías, non vou facer o que outros predicán e non fan. (*Murmurios.*)

¿Pero tanto lles molesta? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero ¿é que tanto lles molesta falar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Mire, eu estou de acordo, señora Pontón, en que Galicia é un gran país e vostede é unha grande admiradora de Galicia, salvo cando vota. Ten un problema coa percepción da dimensión. O que é máis grande é o apoio de Galicia ao Grupo Parlamentario Popular e o que é máis pequeno é o apoio de Galicia aos grupos da oposición. Iso é o máis grande, que é a democracia. E se algunha vez vostedes gañaran as eleccións, sería o primeiro en felicitalos, por suposto.

Quere facer máis grande a Galicia, pero ¿as receitas dos independentistas cataláns fixeron máis grande a Cataluña? ¿Ou é Cataluña máis cativa, hai menos liberdades, hai máis discusións, máis fracturas, incluso entre as familias e os amigos? ¿Iso é o que pretendemos aquí? ¿Que as familias deixen de falar, que os amigos deixen de conversar, simplemente porque hai independentistas e non independentistas? ¿Os independentistas a favor de Galicia e os que non o somos en contra? ¿Ese é o seu modelo?

Eu estou a favor de que vostede agora poña en valor o Xacobeo; alégrome de que deixara sen efecto a campaña de rachar co Xacobeo.

¿Por que sempre temos que copiar o que fan os demais? ¿Cal é o seu modelo lingüístico?, ¿o de Cataluña? O modelo lingüístico é o de Cataluña, pois admítano sen reparo: si, nós quere-mos o modelo lingüístico de Cataluña; nós non. E non pasa nada. Pero ¿cal é o seu modelo?



¿Por que non deixan de impoñernos como temos que pensar, como temos que falar, como temos que dicir?

Eu, dende logo, señora Pontón, tomei moi boa nota das súas leccións de moderación. Creo que ten vostede unha grande autoridade para falar de moderación na política galega. Volvo reiterar: daquel BNG que ía nas listas europeas co PNV e CIU, agora temos un BNG que vai nas listas europeas con Esquerra e con Bildu. Esa é, sen dúbida, unha imaxe de moderación do nacionalismo galego. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, hai moitas cousas nas que non coincidimos; no amor a Galicia eu creo que si. Agora ben, ¿cal é o seu modelo? A min é que me importa para estudalo. Falen claro: ¿vostedes queren un *procés* galego?, ¿queren un referendo como o de Cataluña? Ben, nin sequera practican un nacionalismo propio, é o nacionalismo de importación. O que fan os cataláns copiámolo; o que fan os vascos de Bildu copiámolo; agora o que fan os vascos do PNV non o copiamos, antes copiabámolo. E nós queremos orientarnos realmente para saber que é o que queren os nacionalistas. Xa sabemos o que pensan. Para vostede é antigalego e antidemócrata todo o que non vote o BNG.

Pero nós non vetamos nada, non. Nós non vetamos a tarifa eléctrica, non vetamos o modelo de concertos, non vetamos os 200 millóns de euros para primaria. ¿Por que? Porque a tarifa eléctrica galega non existe en ningún sitio, porque o concerto sería perder —dino os economistas de toda a ideoloxía e extracto académico— arredor de mil millóns de euros cada ano, e non podemos vetar os 200 millóns para atención primaria porque xa os puxemos.

Mire: nós non vetamos nada, nós temos un modelo diferente, un modelo que é apoiado maioritariamente unha e outra vez. Polo tanto, nós non vetamos as medidas do BNG. Probablemente as medidas do BNG as veten os galegos nas urnas. Por iso estamos aquí facendo un debate do estado da Autonomía dende o Goberno, e vostedes dende a oposición.

Creo que son perfectas as posicións democráticas de cada un, desde o rigor, desde a retranca, por suposto, pero desde algún incomodo simplemente por traer datos que esta tribuna non merece, porque non soportan un mínimo de rigor coas contas e cos datos que vive o país.

Pois ben, hoxe presentamos na Cámara un balance —dicíao o profesor Puy—, un balance do que temos feito, pero sobre todo presentamos un proxecto. Nas bancadas azuis deste parlamento hai un grande equipo, probablemente o Goberno con máis experiencia de toda España. E detrás das bancadas azuis hai moita máis xente traballando, intentando ordenar e cadrar as contas, intentando construír unha nova sanidade, intentando diminuír a metade do abandono escolar, intentando —como fixemos— un pacto cos reitores. ¿Resulta que cos reitores pactamos, e co BNG e co PSOE non pactamos as universidades? Quedo con pactar cos reitores. Pero nós intentamos xestionar o presente, intentamos deseñar o futuro e intentamos que teñan as mans libres para traballar arreo por Galicia.

Señor Caballero, señora Pontón, non se pode pensar no futuro de Galicia cando o seu único horizonte non é Galicia, senón outros horizontes, que son perfectamente lexítimos. Creo que o Parlamento é a casa que representa a todos os galegos, non ningún escenario político.



A política interna faise fóra desta tribuna; teñen vostedes moitas ocasións para facela. Aquí vimos falar de Galicia, dos retos que ten Galicia, dos retos da sanidade pública, de facer gra-tuíta o cen por cento das escolas infantís, de presentar un Plan estratéxico para toda Galicia ata o ano 2030, de baixar impostos...

Si, señor Caballero, recorda aquilo cando suprimiu o Partido Socialista o imposto de patri-monio, que baixar de impostos era de esquerdas. ¿Non o recorda? Recórdoo con moita ni-tidez. Pois resulta que agora baixar o imposto de patrimonio é unha política ultraliberal, e antes era de esquerdas, non baixalo, senón suprimilo. Moi sorprende, señor Caballero. Xa vexo que vostedes estudan a política fiscal segundo lles peta. Todo o que fan vostedes é co-rrecto. Incluso se ás veces facemos algo do que fan vostedes nos equivocamos. *(Risos.)* Ten vostede a autoría do ben e nós a autoría do mal. *(Aplausos.)* Está claro, señoría.

Eu veño aquí falar de Galicia. E non pense que o seu papel é atacarme a min, non pense en que é dicirle o que queren oír os galegos que os votan. Non, o seu papel hoxe é representar con responsabilidade as propostas de como Galicia pode mellorar. Dende logo, se vostedes queren sumar aínda temos a última intervención e as propostas de resolución. Nós viñamos a este debate a sumar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor presidente, señor presidente da Xunta, señorías.

Quería pedirlle, señor Feijóo, que garanta esa moderación que vostede di que ten o Partido Popular. Quérollo dicir porque nós somos totalmente respectuosos e, dende logo, lamenta-mos no persoal e no político que un servidor do público como Valeriano non estea aquí con-nosco. E non nos parece de recibo que mentres estamos nesta tribuna o teito oficial do Partido Popular estea plantexando unha política totalitaria de dicirnos o que temos que facer en cada momento e intentando plantexar unha política de confrontación contra os que, dende logo, temos toda a sensibilidade, todo o respecto á súa traxectoria política e, sen dú-bida, persoal. *(Aplausos.)*

Aquí houbo outros compañeiros da Cámara, señor presidente, que tamén nos deixaron, como a compañeira Isaura, do noso grupo parlamentario, cando deixou de estar connosco, o mesmo día mantivéronse as comisións parlamentarias e mantívose toda a actividade do Par-lamento. Cando a min se me fixo un plantexamento, falámolo, dialogámolo e estivemos abertos a buscar unha data distinta, e foi o PP o que decidiu. Entendo que haxa distintas perspectivas, pero non fagan demagogia nin populismo, nin plantexamentos totalitarios de



crer que temos que facer todo o que nos diga o PP a través da rede de Twitter oficial do Partido Popular. *(Aplausos.)* Quérollo pedir, señor Feijóo.

Entrando nas cuestións dos debates, eu creo que o levamos escoitando, señor Feijóo, tres horas e media; non é pouco, podía ser máis, porque o tempo é ilimitado para o presidente. Pero é certo que despois de tres horas e media, eu preguntome que é o que escoitaron os galegos e as galegas que nos seguen hoxe pola Televisión de Galicia que lles dea a eles maior garantía, maior tranquilidade, ou que propostas hai dende a Xunta de Galicia que garantan que a reactivación vai ter posibilidades e que vostedes pensan nas persoas. Máis ben atopo a un presidente da Xunta de Galicia facendo unhas intervencións pensando en clave do Partido Popular, en clave de desacreditar as forzas políticas da oposición, sen ter plantexamentos de país e sen propostas.

Vostede, señor Feijóo, ten ideoloxía —¡claro que ten ideoloxía!—, ten a ideoloxía conservadora do Partido Popular. Vostede plantexa unha serie de respostas que amosan a inacción, que amosan a falla de compromiso co público e que amosan ademais que vostede quere escapar das súas responsabilidades. Que vostede veña falar de datos falsos, de terxiversar a evidencia, de buscar visións nesgadas é un exercicio de filibusterismo político e de cinismo sen precedentes. Porque vostede é o exemplo do menor rigor, de contar contos sen contas, de ter un discurso xenérico no que sabe buscar unha foto parcial da realidade para intentar agochar o que está ocorrendo no país en tantos ámbitos.

Claro que vostedes fan cousas. ¿Como non vai facer cousas un Goberno da Xunta de Galicia que gasta ou inviste máis de dez mil millóns de euros ao ano, que leva vostede investidos en Galicia, en termos actualizados, sobre douscentos mil millóns de euros dende que é presidente da Xunta? ¡Claro que fan cousas! O que estamos vendo é que a pesar de todo o que vostedes gastan, o Goberno da Xunta carece de orientación, de propostas, de medidas para conseguir que Galicia dea un salto cara a adiante.

Vostede describe unha Arcadia feliz na que calquera que o escoite pensa que Galicia é a cuarta rexión europea máis avanzada, máis competitiva e en mellor situación. E os datos non amosan iso. A realidade dos galegos non amosa iso.

¿Como vai vostede defender unha Lei de impulso demográfico que non implica ningún cambio nin solución importante para un problema tan grave para Galicia? ¿Como vostede se atreve a dicir aquí que o problema é que non hai nacementos, e queda tan pancho? ¡Menuda cuestión de gran fondo de análise da situación demográfica: como non hai nacementos, pois hai un problema demográfico; non é cousa nosa, non podemos facelo!

Eu creo, señor Feijóo, que ten que tomar en serio a reactivación, que ten que tomar en serio a Galicia. Nese ámbito, os datos que vostede dá son todos parciais e nesgados. Critica vostede que o Goberno aumenta a taxa de reposición de profesionais sanitarios ao 120 % anual, con Rajoy aumentaba o 10 %; 120 fronte ao 10, Partido Socialista fronte a Partido Popular, progreso fronte a conservadores. *(Aplausos.)*

Vostede atrévese a falar aquí da Televisión de Galicia. Pero ¿non se dá conta de que vostedes utilizan de forma discrecional e manipulan a Televisión de Galicia, que neste momento ten



un director xeral que está fóra de mandato, que non concretan un consello de informativos que controle a información e que dea imparcialidade, que vostede utiliza os medios públicos ao servizo do Partido Popular? Pero se o saben todos os galegos, incluso os que o votan, que saben todos a realidade do que está ocorrendo.

Vostede cando lle falamos das crises industriais di: é que eu non teño ningunha responsabilidade. Ese é o problema. Cando falamos dos problemas dos galegos e das galegas, o presidente da Xunta dinos que el non ten ningunha responsabilidade; que é o mesmo ter presidente que non ter presidente, que non lle pidamos contas, que llas pidamos ao Goberno de España, que llelas pidamos aos concellos, a quen sexa. Iso non é serio, non é unha forma de construír Galicia, non é unha forma de impulsar a reactivación.

Claro que, ademais, vostedes sempre se intentan respaldar na cuestión das maiorías electorais, e as maiorías danlles a lexitimidade, a responsabilidade do goberno. Pero o contraste das políticas públicas e o debate sobre o que vostedes fan é un exercicio de democracia necesario que calquera goberno ten tamén que atender no parlamento correspondente.

Polo tanto, señor Feijóo, o que eu lle quero dicir é que ten que vostede coller unha folla de traballo para Galicia, o que non está facendo, que ten que marcar unha nova pauta e un novo reto para a Galicia na que vivimos. Vostede vén aquí e faise o indignado: levo moitos anos, o que me están dicindo, nunca escoitei cousa igual, o BNG segue igual e tal, o Partido Socialista depende de Madrid. Pero ¿vostede non entende que hai milleiros de familias que están esperando por que a Xunta faga propostas industriais, apoie o medio rural, apoie a sanidade pública, apoie os servizos sociais e que lles dea respostas?, (Aplausos.) ¿que vostede ten unha forma de terxiversar a realidade pero que engana?

É que vostede, señor Feijóo, cando fala das vacinas, claro que engana da situación. É que vostede dicía en outubro do ano pasado, hai un ano, que non ía haber vacinas en Galicia polo menos ata o segundo trimestre, que eran anuncios grandilocuentes. E quérolle dicir que o 30 de xuño o 50 % dos galegos estaban xa cunha dose ou con dúas da vacina. E no mes de marzo deste ano dicía vostede: vai ser moi difícil cumprir a inmunidade do 70 % no verán; de momento, non é posible, non nos mandan vacinas. E o 10 de agosto o conselleiro dicía atacando: non é de recibo a repartición de vacinas; estannos estropeando o funcionamento das vacinas. Despois rectificou.

E ¡claro que as vacinas hai que pagalas! ¿Non o sabe vostede, señor Feijóo? ¿Que cre, que as vacinas non se pagan? Ese é un dato que vostede acaba de mencionar aquí. Pero ¿é un descoñecemento tan grande o que vostede ten que nega unha evidencia que sae dos orzamentos xerais do Estado e dos fondos europeos? Tres mil catrocentos millóns de euros saíron o ano pasado, 2.828 millóns de euros, 1.400 do Goberno, 1.300 de fondos europeos, para mercar as vacinas. ¿Como di vostede que as vacinas ninguén as pagan, que non teñen custo? Esa é a realidade.

E houbo unha estratexia de vacinación que funcionou a pesar dos conflitos que marcou o Partido Popular na súa estratexia de confrontación, de deslealdade, de falla de cooperación. E é por iso que eu lle digo que vostede puxo o seu papel como presidente da Xunta á dispo-



sición do Partido Popular, que vostede actuou como un Casado *bis* e que hoxe aquí neste debate veu plantexar unha liña de conflito co Goberno de España en tantos ámbitos.

¿E vostede nega os problemas das políticas sociais? Pero se eu lle degrañei pola mañá dez datos cuantificados que evidencian que en Galicia hai un déficit e un atraso comparativo en tantos ámbitos das políticas sociais, que temos menos profesionais en servizos sociais en Galicia por habitante con respecto ao que hai en España, que estamos na cola en investimentos por persoas dependentes, que hai menos prazas residenciais de financiamento público por persoas maiores, que a cobertura do servizo de axuda ao fogar a reciben moita menos xente en Galicia maiores de 65 anos que no resto de España. Deixe vostede de contar unha realidade idílica que non se corresponde co país.

E quería dicirlle, señor Feijóo, que hai que facer política dende logo tamén para a mocidade, porque hai uns trescentos mil mozos galegos de entre 15 e 34 anos que non están emancipados. O 67 % desa poboación non ten a capacidade de vivir por si mesmos nunha situación de emancipación; é o peor dato que nunca tivemos. Polo tanto, vostede debería respaldar que o Goberno de España plantexe un plan de promoción e de axuda ao alugueiro para mozos e mozas, que vai dar 250 euros de axudas a aqueles mozos de entre 18 e 34 anos que son mileuristas ou teñen uns ingresos anuais de ata os 23.000 euros. É, polo tanto, tempo de dar respostas e de deixar estar escudado na estratexia do Partido Popular.

Señores do Partido Popular, vostedes son conservadores, e non lles gusta o público, non lles gusta apostar pola sanidade pública, pola educación pública. ¡É o seu ideario! ¡É a ideoloxía que ten o Partido Popular! Por iso vostedes fan bandeira dos recortes. Por iso fan bandeira de que hai que controlar a débeda. Por iso cando tiveron que xestionar a política económica noutra crise fixeron xustamente todo o contrario ao que estamos facendo agora, que é posibilitar, axudar a xente cando peor se está pasando. (*Aplausos.*) Polo tanto, aínda que o lobo se poña pel de ovella, segue sendo lobo á hora de falar dos servizos públicos, á hora de falar da sanidade pública, á hora de falar da educación pública. Porque se vostedes cresen no público e cresen nos servizos públicos non estarían no Partido Popular, poderían estar no Partido Socialista, pero non queren estar nesa liña política. Asuman o que representan ideoloxicamente e o que fan e o que teñen que facer.

Claro que agora teñen moitos fondos públicos para poder gastar. Claro que hai políticas keynesianas, políticas de gasto que lles dan a posibilidade de investir moito máis, porque hai un novo paradigma e un novo consenso, marcado por un ambiente progresista en España e en Europa que o está permitindo. Un acordo co presidente do Goberno conseguiu traer para España o dobre de porcentaxe en fondos europeos do que nos correspondería por poboación. Recoñezano tamén vostedes.

E recoñeza, señor Feijóo, tamén que hai moitas cousas que facer. Recoñeza que en vivenda protexida, cero. Doce anos de goberno do señor Feijóo en Galicia, a política de vivenda é cero; ningún tipo de compromiso nin aumentos. Cando lle preguntan pola crise industrial, di o señor Feijóo: a min non me boten culpas, que non teño ningunha responsabilidade. Para Ence non hai ningún lugar alternativo; en toda Galicia, segundo o Goberno da Xunta de Galicia, non hai ningún chan industrial para facer un novo emprazamento para a planta de



Ence. (*Murmurios.*) Cando hai crises industriais na Mariña, non hai nada que plantexar porque é culpa de outros. Así, en todos os ámbitos, é o mesmo ter este goberno que que non houbera ninguén en San Caetano. Polo tanto, témoslles que dicir que, ademais de gastar, xestionen ben.

¿Hai propostas? ¡Claro que hai propostas! Nós plantexamos que saquen a concurso novas prazas na sanidade pública en termos competitivos, porque o problema é que se foron moitos profesionais sanitarios, xa que durante moitos anos vostedes lles ofrecían unhas condicións laborais que fan que a taxa de ocupación, por exemplo, de Pediatría en Asturias é moi superior á que temos en Galicia. (*Aplausos.*) Déanlles estabilidade aos contratos laborais, porque moitos profesionais sanitarios tiveron que enlazar ata trinta contratos laborais nun mes polas políticas sanitarias do Partido Popular.

Plantexamos que hai que aumentar o persoal en servizos sociais, que é necesario ese novo modelo de residencias con máis prazas residenciais públicas; que temos que volver ao sistema de libros de texto gratuítos e ás primeiras matrículas gratuítas na universidade, que non ten un enorme custo, e pódese facer, que para iso recibiron máis de mil millóns este ano; que é posible facer un plantexamento para unha subida do I+D+I do ata 1,5 % do PIB. Contraten novos investigadores; ademais de anunciar a carreira profesional, contraten novos investigadores e investigadoras para conseguir ter unha economía galega máis puxante e unha ciencia máis activa. Plantexen un plan de emprego xuvenil e de vivenda para poder dar solución a eses problemas que hai de emancipación para tantos mozos e mozas. Aposten pola memoria democrática, pola emerxencia climática e fagan unha nova política económica de industria, que é fundamental para todos nós.

Vostedes foron incapaces de xestionar os fondos europeos. Vólvollo dicir: catro de cada dez euros de fondos europeos non foron xestionados, segundo di o Consello de Contas, non o di o Partido Socialista. Polo tanto, cando eu o digo, non estou poñendo ningunha traba para eses fondos Next Generation, que non teñen ningunha relación con iso. O que vostedes teñen que establecer é cal é o mapa de prioridades que hai en Galicia para aproveitar eses fondos Next Generation. Eu non o atopo, vexo un Goberno do Partido Popular desnortado, descabezado, que pasou de promover 7 a 106, a 354, que cada día saca un novo programa ou un novo plan para poder ser financiado polos proxectos Next Generation. Pero dende a opacidade e dende a falla de consenso vostedes non exercen ben.

Quería dicir tamén que é tempo de falar da Galicia que queremos. E á hora de falar da Galicia que queremos, nós temos un claro compromiso cunha Galicia de progreso e cunha Galicia con futuro. Para iso hai que escapar evidentemente dos extremismos. Nós non queremos ter acordos con Bildu, pero, dende logo, non queremos ter acordos, como teñen vostedes, coa ultradereita de Vox. (*Aplausos.*) E esa é a foto do Partido Popular, representan o PP... (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non ten acordos con Vox? ¿Non son do Partido Popular de Casado? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Dígame? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O Partido Socialista... (*Murmurios.*) Mire: o Partido Socialista nin ten acordos nin investiduras nin con Bildu nin con Vox. (*Murmurios.*) Esa é a realidade do país dos votos que temos para



ter investidas. E o Partido Popular, que está botado á dereita e á ultradereita, ten que explicarlles aos galegos que quere facer co noso país. Se queremos traballar por un novo estatuto —que entendo que o presidente da Xunta acaba de asumir que está aberto a falar e a tentar construír unha adaptación do Estatuto de 1981—, dende logo, nós cremos que é un reto conveniente e positivo para Galicia. A medida que están pasando as peores fases da pandemia debemos asumir tamén neste Parlamento de Galicia a actualización dese marco estatutario.

Da mesma maneira que se fixo a mellor política no ano 1981, estamos chamados a facelo. E estamos chamados a facelo dende posicións que escapan de calquera tipo de independentismo, de posicións que escapan de calquera mecanismo de autodeterminación, pero que poden asumir que dende unha nacionalidade histórica podemos afianzar o autogoberno e entender tamén Galicia como unha nación de Breogán, como unha nación cultural. Entendendo un Estado de dereito no que dentro da Constitución aquilo que cabe pode desenvolverse, e á marxe da Constitución, nada que quebre a soberanía da cidadanía do conxunto do Estado pode ter cabida.

Pero hai, dende logo, moitas cuestións que podemos mellorar. Eu non creo no cupo nin no concerto económico, é un plantexamento financeiro que non conleva ningún tipo de avance para Galicia e que, ademais, supón unha estrutura allea ao que supón un estado solidario e un estado do benestar. E tampouco creo en ningún plantexamento de autodeterminación nin de soberanía. Pero si quero recoñecer o nacionalismo galego, que é unha forza progresista, que é unha forza que defende a sanidade pública, que defende a educación pública, que defende un cambio progresista en Galicia, fronte a un Partido Popular que ataca o público, que abandona o rural e que non ten un proxecto de país que beneficie os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: E é por iso que todos temos que buscar puntos de encontro para construír unha Galicia mellor. E o PSdeG está disposto a ser o elemento motor de busca de acordos transversais entre unha dereita que non pode estar no extremismo e un nacionalismo que ten en Galicia o seu punto de referencia, e así debe ser.

Entre todos e entre todas podemos construír unha páxina positiva nesta lexislatura para defender os galegos e as galegas. Non para defender ningunha causa superior ideoloxicamente, pero si as persoas, si a cidadanía galega. E para esa cidadanía é para a que traballamos.

O meu compromiso, señor Feijóo, é Galicia. Eu non levo coma vostede dezaseis anos neste parlamento, nin dezasete como leva a señora Pontón. Vostede leva, señor Feijóo, máis anos como membro do Goberno de Galicia que como deputado; eu levo no Parlamento dous anos. Pero o meu compromiso é Galicia. Antes de ser deputado traballei en Galicia dende outro ámbito académico e universitario. E non teño ningunha vocación máis que servir a Galicia, cos meus erros e cos meus acertos. Non se equivoquen, eu non estou na política para buscar nada máis que aquilo no que creo, e para facelo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...neste parlamento, que para min é unha honra, dende logo, poder traballar e construír esa Galicia mellor, como todos nós. Pero estou plantexando que o presidente da Xunta sinala que hai outro tipo de obxectivo máis que Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Se eu tivera outro obxectivo máis que Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...podería estar en situacións máis cómodas que estar aquí.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: O meu compromiso é Galicia e é o compromiso do PSdeG-PSOE.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Boa tarde de novo, señorías.

Señor Feijóo, pois teño que empezar dicíndolle que si, que eu hoxe estou no debate do estado da nación galega. A verdade, vostede saberá por que lle molesta que diga iso. *(Aplausos.)* ¿Non sei por que lle parece mal? *(Aplausos.)*

E veu queixarse — ¡fíxense! — de que a portavoz do BNG non veu a este debate aplaudilo. Vostede quería un debate do estado de aplaudir o señor Feijóo. *(Risos.) (Murmurios.)* Si, para iso está a bancada do Partido Popular, para iso ten vostede uns medios públicos de comunicación secuestrados... *(Aplausos.)* E como iso non lle chega quere que o BNG veña aplaudirlle.

Eu dicía no principio da miña anterior intervención que estabamos nun tempo no que se algo tiñamos que aprender era da cidadanía, pero tamén que en política hai un valor fundamental, que é a humildade, señor Feijóo. Un pouco de humildade non lle viría mal. *(Aplausos.)*

Tamén algo de espírito democrático, porque é que cada vez que temos un debate se fai máis patente que ten intolerancia á crítica democrática, porque lle molesta que veñamos con datos, con cifras, con realidade poñer en evidencia que con vostede Galiza vai a menos, cando é un gran país que ten todo para avanzar. *(Aplausos.)*



E quéixase de que a oposición fai de oposición. ¡Home!, poderíamos queixar de ter un presidente que fai de oposición da oposición en vez de gobernar, porque os galegos e as galegas páganlle por gobernar. Eu non me queixo. En fin, creo que retrata a súa incapacidade para defender a xestión do Goberno. (*Aplausos.*)

Pero, sobre todo, o que máis me preocupa é que con vostede Galiza se fai máis pequena, porque non pensa Galiza en grande. E hoxe volveuno demostrar, e nun momento de grandes cambios, de grandes transformacións, en que hai moito en xogo, porque está en xogo o futuro das próximas xeracións. E veu a este debate demostrar que pensa Galiza en pequeno. E iso condúcenos á irrelevancia política e a que cada vez teñamos menos peso e a que neste país haxa menos oportunidades para a xente nova.

Fáltalle ambición de país e sóbralle gobernar para o centralismo que lle impón ese Partido Popular máis ultra. E, desde logo, sóbralle tamén gobernar para os *lobbies* económicos, amigos do Partido Popular. (*Aplausos.*)

E eu alégrome de que hoxe os galegos e as galegas poidan escoitar a réplica na TVG, porque é algo que non pasa habitualmente, só pasa unha vez ao ano, dado que é a única vez que os medios públicos de comunicación retransmiten en directo o que pasa no Parlamento.

E empezou vostede pedíndonos un debate de altura e que pensamos en Galiza. E eu na miña intervención faleille de Galiza, e vostede respóndeme con Pujol; eu fállolle de Galiza, e vostede respóndeme falando de Bildu; eu fállolle de Galiza, e vostede fállame do *procés*; eu fállolle de Galiza, e vostede fala de todo menos do que importa, que é cal vai ser a estratexia para darlle un futuro a este país. Iso é o que lle importa a vostede Galiza. (*Aplausos.*)

E para seguir demostrándonos o debate de altura no que estamos falounos até de cal era o forro das miñas carpetas no instituto. (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¿A min sabe o que me preocupa? Non cales eran os forros da miña carpeta no instituto, o que me preocupa é que os seus amigos se forren con Galiza. (*Aplausos.*) A empezar polo señor ao que abraza de Iberdrola, que cada ano cobra 12,2 millóns de euros forrándose co vento dos galegos e das galegas.

Señor Feijóo, non o esqueza nunca: Galiza é un gran país e necesitamos un presidente que non pense en pequeno, porque até o de agora a súa acción de goberno está facendo Galiza máis pequena. Está máis pequena na industria, na innovación, nos sectores produtivos, máis pequena tamén na poboación. E é que hai cousas que por moitas veces que as escoites non deixan de ser —non sei como dicilo— descorazonadoras. Porque é o colmo que vostede veña facer dun drama unha virtude. E voume explicar.

É certo que en Galiza temos unha taxa de paro xuvenil máis baixa que a media do Estado. E a min encantárame que a razón fora porque aquí hai unhas grandes oportunidades para a xente nova. Pero a realidade é que en Galiza temos unha taxa de paro máis baixa que no Estado porque con vostede tiveron que coller as maletas case douscentos mil galegos e galegas que non están hoxe aquí. (*Aplausos.*) Claro, porque ese é o drama, señor Feijóo.



É que fíxese: desde que chegou á Xunta perdemos 217.000 persoas entre 16 e 34 anos. ¿Ve como vostede fai Galiza máis pequena? Ademais, logo dinos que todo isto non ten nada que ver coa crise demográfica. Claro, vostede vén aquí única e exclusivamente, en vez de rebater con datos, intentar desacreditar no persoal, porque é o seu estilo —é triste, pero é o seu estilo—, porque os galegos e as galegas merecían un debate doutro tipo. Pero non llelo di, e hai cousas que as sabe todo o mundo. É que negar que existe a emigración xuvenil é o negacionismo emigracionista. Está o negacionismo das vacinas e está o negacionismo da emigración do señor Feijóo. *(Aplausos.)* Fíxese se é un tema importante que hai un estudo do Foro Económico de Galiza, que estou segura que vostede coñece ou debería de coñecer, que di que, entre outras cousas, a emigración lle fai perder a Galiza 1.500 persoas cada ano; 1.500 nenos e nenas que terían que nacer aquí e nacen fóra. Pero vostede, nada, soluciona o problema demográfico con leis que non teñen ningún impacto e con medidas que xa demostraron o seu fracaso. Señor Feijóo, por favor, un pouco de seriedade.

E creo que sería importante que empezara a pisar máis o país, porque vostede leva moitos anos subido no coche oficial. Fíxese: eu estaba no instituto, vostede xa estaba subido no coche oficial. *(Aplausos.)* ¿E sabe a que se dedicaba? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu escoitei con moitísimo respecto todas as intervencións. Lamento que esa non sexa tamén a reciprocidade do Grupo Popular. *(Aplausos.)*

¿Sabe a que se dedicaba cando eu estaba no instituto? A poñer en marcha o primeiro intento de privatización da sanidade pública, que eran as fundacións comarcais. *(Aplausos.)* E voulle dar outro dato: ¿sabe quen reverteu esas privatizacións? O Goberno do Partido Socialista e do BNG, que incorporou esas fundacións ao sistema sanitario público. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza en como concibe vostede a sanidade e como a concibimos nós.

E, de verdade, se se baixara do coche oficial, se deixara de vivir nesa *fake* realidade que está construindo coa súa propaganda na TVG, desde logo, hai cousas que non faría. Non minimizaría o que está pasando na sanidade pública deste país, porque podo dicirlle que para unha persoa que está enferma coller o teléfono e que lle dean cita para dentro de tres semanas é un problemón, señor Feijóo. E isto pasou neste país e seguirá pasando se non se toman medidas para fortalecer a sanidade pública, *(Aplausos.)* e en concreto a atención primaria.

Se vostede pisara máis o país e baixara do coche oficial, vería que hai un problema gravísimo no que está pasando cos nosos maiores. E hoxe veu aquí facer defensa de que hai que facer negocio co dereito a unha vellez digna. Pois nós dicímoslle que non, que hai que apostar por un sistema público, porque é unha das grandes aprendizaxes que nos deixa esta pandemia. *(Aplausos.)* Vostede defende a privada, e nós defendemos un modelo público, porque llelo debemos aos nosos maiores, que creo que merecen todo o noso respecto e recoñecemento.

E tamén se vivira un pouquiño máis na realidade non diría as cousas que di a respecto de algo tan importante, porque é o que máis nos une aos galegos e ás galegas, que é a lingua. A lingua galega é a única de todo o Estado que está perdendo falantes. Teño aí no meu es-



cano, porque mo esquecín, pero é igual, o último estudo que acaba de facer a Real Academia Galega. Recomendolle que o lea, señor Feijóo. Porque é demoledor a respecto do que significa ese «decreto da vergoña». O que di literalmente é que o ensino está sendo un elemento desgaleguizador. *(Aplausos.)* E iso dillo a Real Academia, pero se falara con moitos pais e nais deste país que educan os seus fillos en galego, escoitaríalles dicir que entran pola porta da escola falando galego e que saen falando castelán. ¿E isto sabe que retrata? A súa liberdade lingüística, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Isto retrata a súa liberdade lingüística.

Tamén nos falou de catecismos. Está ben, cada un ten as súas referencias, vostede, o catecismo. Eu en materia de catecismo recoñézolle unha autoridade que eu, a verdade, non teño. Vostede ten o catecismo do Partido Popular de Feijóo, que é o Partido Popular máis ultra da historia, *(Murmurios.)* e ese catecismo que tamén ten un apartado... —si, si, si— ...que é o que lle marcan todas as persoas condenadas por corrupción no Partido Popular, que logo, ademais, son os referentes do seu rearme ideolóxico. En fin, cada un xúntase con quen quere. *(Aplausos.)*

E seguindo ese guión das reflexións de altura, tamén nos fixo unha reflexión de altura sobre os medios públicos de comunicación. Eu creo que quizais agora mesmo están pensando en poñer un *Club da comedia* en Galiza e invítalo a vostede a que inaugure ese *Club da comedia*. Pero, claro, este é un tema moi serio, ¿non? Porque estamos falando de que sen medios públicos de comunicación veraces e imparciais temos unha democracia de baixa calidade. É que vostede leva doce anos manipulando a CRTVG. E non llo di o BNG, non, non. ¿Sabe quen llo di, señor Feijóo? Os profesionais dos medios públicos, que levan 177 Venres negros denunciando a súa manipulación, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

E se vostede quere ter unha tele que sexa TeleFeijóo, que a pague o Partido Popular, porque a TVG cústanos 100 millóns de euros, que a pagan os galegos e as galegas, e mércense algo máis. *(Aplausos.)*

E fíxese non só nos datos dun informativo, fíxese nos datos da Galega, e verá que está nos mínimos históricos de audiencia. *(Murmurios.)* Comprobe ese dato e verá onde nos están conducindo.

E eu, señor Feijóo, son das que creo que é moi importante dicir sempre a verdade. E hai que dicirlles a verdade aos galegos e ás galegas. E vostede está preparando un sabrazo da auga. Denúnciao o BNG e tamén o denunciou a Fegamp. ¿Sabe que cálculo fai? Que un galego ou galega que pague hoxe 16 euros, coa súa reforma da lei virá pagar 26 euros. É dicir, que en plena estafa da luz, vostede o que nos prepara é o sabrazo da auga. Pois imos denunciálo e imos paralo, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Falounos tamén de Ence. ¿Eu non sei que parte da prórroga ilegal non é o que acaba de entender? Desde logo, sorprende que vaia tan lonxe única e exclusivamente para defender os intereses do Consello de Administración de Ence. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, porque miren: ¿saben quen pon en risco o emprego de Ence? Vostedes con esa actitude e a propia empresa. *(Murmurios.)* Póñase a traballar para o traslado e evite que se perda nin un só posto de traballo, *(Aplausos.)* porque son vostedes quen o están poñendo en risco. Xa destruíu 17.400 empregos na industria, non siga por ese camiño.



E tamén nos falou da AP-9. Si, pero é curioso, non dixo nada da privatización de Aznar; non dixo nada das prórrogas ilegais de vinte e cinco anos; non dixo nada de por que vostede cando era conselleiro de Política Territorial viña aquí dicir que a privatización da AP-9 era boa para Galiza. É que están as hemerotecas para recordarllo, señor Feijóo, que vostede avalaba a privatización. Porque vostedes gobernan para os poderosos e en contra da xente. *(Aplausos.)* Pero non dixo tampouco se van apoiar que hai que poñer fin a esa concesión.

Logo estou moi sorprendida de que non coñeza a tarifa eléctrica galega que estamos defendendo desde o BNG. Pois si, estou moi sorprendida. Si, señor Feijóo, porque no último pleno —creo que vostede segue sendo deputado deste parlamento— veu apertar o botón vermello de «Non» ante a lei para propoñer esa tarifa eléctrica galega. ¿Votou sen saber o que votaba, señor Feijóo? *(Aplausos.)* Ou sexa, vostede vota e non sabe o que vota.

En todo caso, o que me sorprende é que vostede, que sabe tanto de electricidade, de eléctricas e que se abraza a grandes dirixentes de empresas eléctricas, e que está tan preocupado pola crise industrial que hai neste país, non dixera nada cando o Partido Popular se cargou unha tarifa eléctrica estable e nos meteu nun sistema que literalmente está afogando a nosa industria. E iso é responsabilidade do Partido Popular. *(Aplausos.)* Aí o señor Feijóo nin estaba nin se lle esperaba.

E voulle dicir moi brevemente cal é o noso modelo. O noso modelo é moi simple. É poñer a riqueza do país ao servizo de Galiza para crear empregos e postos de traballo aquí, para que as eléctricas se deixen de forrar e os galegos e as galegas vexamos que os nosos recursos serven para o noso desenvolvemento económico. Ese é o noso modelo. O problema é que o seu é que se forren as eléctricas aínda que lle vaia mal a Galiza. *(Aplausos.)* Porque sabe, señor Feijóo: este é un problema moi serio.

E é moi serio que teñamos un presidente que non confía en Galiza nin no seu potencial. Demóstrao cada vez que fala do financiamento, insistindo nesa idea de que os galegos e as galegas non pagamos os servizos que temos cos nosos impostos.

Mire: Galiza necesita un presidente que pense en grande, e vostede está empeñado en seguir pensando Galiza en pequeno. No BNG, por moito que a vostede non lle guste, imos seguir pensando este país en grande, porque os galegos e as galegas merecen ter o futuro que desexan. E poden telo se empezamos a pensar no noso país, nas súas posibilidades e se deixa de traizoar os intereses de Galiza para beneficiar os grandes *lobbies* económicos e ser fiel ao Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Galiza merece un goberno que pense en grande. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas, presidente.

Señora Pontón, como nos ten acostumado —suave nas formas pero dogmática e radical no fondo— (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) veu utilizar unha expresión para achacarlle precisamente ao Partido Popular que era que estamos en confrontacións estériles e que montamos conflitos estériles. Eu, señora Pontón, vindo dun partido nacionalista, ¿quería que non presentáramos recursos sobre o IVE? Porque iso é que nos din que é confrontar co Goberno. ¿Quere que non reclamemos os fondos Next Generation? ¡É rechamante!

Por outra banda, gustaríame saber cal é a súa alternativa. Hoxe fixo aquí un anuncio curioso, que era o da Comisión de Transferencias. ¿Non se acorda que no debate de investidura vostede nos dixo que no pacto co Partido Socialista xa se ía convocar inminentemente? Pero se xa estaba feita. Levamos un ano. Vostede firmou o acordo co partido Socialista para a Comisión Mixta de Transferencias. Chegou aquí dicindo que vostedes conseguiran o que non fixera o Partido Popular en non sei cantos anos, e a realidade é que segue sen haber Comisión Mixta de Transferencias. As cousas son moito máis complexas.

Ao mellor, este é un modelo como aquela cooperación intelixente que fixo o Bloque cando pedía transferencias, pediu setenta e tantas, e ao final conseguiu tres ou catro, que é o mesmo que parece que van conseguir agora co pacto co Partido Socialista.

O que non é intelixente é facer maledicencias. Vostede viu aquí con insinuacións sobre amizades perigosas ao máis estilo trumpista, porque isto é populismo trumpista, dicindo que esta é a elite de Washington que explota, etc. Vostede vén con este discurso que é absolutamente *fake*, que non é certo na realidade.

Vostede seguro que coñece o Informe de Foessa sobre a igualdade en Galicia. Este di un dato que é moi interesante, di que Galicia está moi lonxe da desigualdade que hai en España. Esta ten unha característica distinta de todas as formas de desigualdade que hai en España, que é que mentres en España a desigualdade é a diferenza que hai entre os ricos que se fan máis ricos e os pobres, en Galicia o que hai é unha diferenza que se incrementa porque o 60 % da poboación das rentas medias se afasta dos pobres. É dicir, que os ricos non son os que están incrementando a diferenza e a desigualdade en Galiza, senón as clases medias, o 60 %. Está no informe de Foessa. Polo tanto, non é certo que esteamos facendo políticas que favorezan aos ricos; ao contrario, que favorecen ás clases medias e que queren favorecer aos que máis os necesitan.

Agora, como vostede fixo esta maledicencia permítame que eu lle conteste con outra. Vostede dixo que o presidente Feijóo pola súa amizade con algún empresario debe marchar. Iso é unha maledicencia, obviamente. Pero eu recordaríalle que nesta cámara ao longo destes tempos, que vostede é máis veterana ca min, pero eu tamén levo xa aquí tempo dabondo como para recordar os múltiples portavoces da oposición que prognosticaron a marcha do señor Feijóo. Eu preguntaría onde están agora. Algúns, afortunadamente para eles, ocupando altos cargos en Madrid, pero a maioría deles están na súa casa. Polo tanto, confío en



que vostede non sexa unha portavoz máis que se suma aos portavoces que xa non están nesta cámara que prognosticaron a marcha do señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Eu creo que o debate parlamentario e a confrontación parlamentaria, aínda que non haxa acordos —eu entendo que poida haber xente que sinta hoxe desazón pola falta de acordos—, non é unha confrontación estéril. É útil que a sociedade vexa que hai dúas formas distintas de concibir o país.

Nós —creo que con certa humildade— damos datos que explican a situación e dicimos que hai que mellorar, porque non arreglamos un país idílico, porque sabemos que non existe, porque sabemos que vivimos no mundo no que estamos, e o que queremos é mellorar día a día. E cremos que iso é o que está facendo o pobo de Galicia día a día cando se levanta, cando busca traballo, cando vai estudar, cando fai as súas tarefas ordinarias... E, certamente, o que non entende ninguén é que vostedes digan que Galicia é un país vido a menos, que está destruído. Pero ¿que visión de Galicia é esa? Eu, a verdade, non a comparto. Creo que é bo que o pobo saiba que vostedes ven a Galicia como a ven, que non é como está realmente.

Tamén é útil este debate para ver cales son as ideas e cales son os problemas que a oposición considera que son máis importantes. Ben, os dous grupos da oposición falárono do cambio do status legal de Galicia. O señor Caballero veu coa reforma do Estatuto, e eu preguntárialle se está de acordo co novo status político que pide o Bloque para Galicia, vendo quen son os seus socios, e que significou o cambio do status político en Cataluña desde o punto de vista político, desde o punto de vista social e desde o punto de vista económico. Eu creo que, certamente, estamos nunha posición clara. Certamente, vemos que a oposición non está na mesma posición. E cremos que o Estatuto está funcionando, que, evidentemente, é susceptible de ser mellorado, e que o problema do Estado autonómico non é o novo status político das nacións, senón que o problema do Estado autonómico é a cooperación, a coordinación, evidentemente, camiñar cara ás decisións conxuntas e non cara á bilateralidade.

Segunda cuestión, financiamento autonómico. Vemos que a oposición, que só está de acordo en criticar ao PP, propón o cupo; un desastre económico para Galicia. Como se dixo, unha contía de mil millóns no suposto de que Cataluña fose o cupo, xa non digo se fosen outras comunidades como Madrid. Pero vemos que o Partido Socialista está abertamente en contra do cupo. Novamente aquí o Goberno fala de reformar o sistema de financiamento autonómico, de darlles estabilidade aos ingresos e de que sexa acorde cos dous principios fundamentais, que son o de suficiencia e o de equidade. Suficiencia para poder pagar os servizos públicos e equidade para que eses servizos públicos esenciais se dispensen con igualdade en todo o territorio español.

Falan do mercado eléctrico. Vén vostede coa tarifa eléctrica. Vostede dicía que se non sabe o que votou o señor Feijóo. O que creo que non sabe o que propuxo foi vostede, porque non ten ningún sentido propor unha tarifa eléctrica que lles vai custar ao ano aos galegos 200 millóns de euros máis, que é máis ou menos o que custa a distribución da enerxía eléctrica nun país como Galicia, coa orografía que ten, coa dispersión da poboación que ten, coas tormentas que ten... Ademais, sen ir máis lonxe, esquece o que é o mercado eléctrico, que o mercado eléctrico nin sequera español, é ibérico. E as diferenzas de prezos teñen que ver



cos custos que se incorporaron á factura eléctrica como consecuencia de aventuras co financiamento das enerxías renovables en épocas pretéritas, que deixaron un déficit que aínda seguimos a pagar hoxe.

Polo tanto, comprobo: a oposición non está de acordo co Estatuto, non está de acordo entre si co financiamento autonómico, non está de acordo entre si co mercado eléctrico. E, por certo, simplemente falando de enerxía, nós estamos dicindo dende o primeiro momento unha transición ecolóxica razoable e xusta, non hai que adiantarse ao que non fai falta adiantarse. Eu non sei se vostedes leron esta fin de semana a información que viña nalgún xornal económico, que dicía que esta pasada fin de semana España importou enerxía de Marrocos e de Francia; de Marrocos producida con carbón e de Francia producida con enerxía nuclear. ¡Pois vaia negocio cerrar As Pontes!, que, por certo, está xa metendo carbón por se acaso hai que volver darlle comezo. Esa é unha transición inxusta e desordenada, que, ademais, xera custos máis altos da electricidade e que ten que ver cunha planificación mala, non co mercado —insisto: Portugal está no mercado ibérico— e, por suposto, non coa tarifa eléctrica galega.

O mercado eléctrico, como a Seguridade Social e como en moitas outras tantas outras cuestións nas que interesa gañar escala, canto máis grande sexa, hai máis garantía de abastecemento a mellor prezo. Polo tanto, reducir o mercado eléctrico a Galicia cunha tarifa eléctrica pois, certamente, é absolutamente irracional.

Cuarto tema que eu vin neste debate: o BNG quere rescatar todos os sectores estratéxicos; sen embargo, o Partido Socialista, que cogoberna co BNG en todas partes, nin sequera é capaz de intervir Alcoa cando llo estamos pedindo todos. Ben, pois non deixa de ser unha contradición chamativa. (*Aplausos.*)

Fondos. Din que pedimos cartos aos reis magos. Entón, o Bloque o que pide son dúas cartas aos reis magos, porque pide o dobre ca nós, sen ningún criterio e sen ningunha cuantificación e sen ningún proxecto concreto que explique o que se pide de forma absolutamente descentralizada. O Partido Socialista, ¿que é o que fai? Pacta con Vox como se reparten os fondos europeos e faise de forma absolutamente centralizada. Ben, pois é curioso que a oposición comparta estes criterios. Aquí en público é bo que o pobo o saiba. Nós estamos onde estabamos. Entendemos que haxa fondos que teñan que estar centralizados, porque a transformación da economía española tamén ten aspectos que afectan o conxunto do país, pero, certamente, ten que haber unha codecisión e unha coordinación coas comunidades autónomas que veñen de xestionar parte deses fondos. Esta era a quinta cuestión.

Sexta cuestión, isto quizais sexa o máis simpático. Eu supoño que o señor Caballero estará de acordo comigo en que vivimos nunha democracia plena, nunha democracia avanzada. Pois non, resulta que a súa compañeira de bancada di, aínda por riba, que vivimos nunha democracia literalmente de «baixa calidade». E pon como argumento que o presidente do Estado pretérito ten algún problema non xudicial senón con Facenda, como se ningunha república democrática ou non democrática non tiveron nunca problema co seu presidente de estado. Pero, en fin, se iso é o que di o Bloque, que temos baixa democracia, pois realmente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A ver, ¿non dicía vos-



tede que tiñamos que escoitarnos con respecto? Pois agradézolle que se aplique a receita. (Aplausos.)

Os riscos para a democracia son os extremismos. Esta é unha realidade, unha realidade que está en toda a literatura politolóxica. E permítame que lle recorde: nesta cámara non hai máis que un partido radical que pacta con radicais, con Bildu e con Esquerra Republicana. E, por certo, señor Caballero, tamén o PSOE. En Navarra, o goberno que ten o Partido Socialista foi un acordo de investidura con Bildu. (Aplausos.) E agora vostedes poden dicirme: ¡bueno!... Non digan que non, porque isto é algo que sabe todo o mundo. Pero, en todo caso, o que si lles quero dicir é que eu sei que hai partidos radicais. E eu creo que o programa que nos trouxo o Bloque hoxe, os dez puntos que nos trouxo a señora Pontón son moi radicais, desde o seu devanismo e desde a esquerda. E como asenten é que é verdade.

Polo tanto, aquí hai un programa radical. Pero é un programa radical que sempre defenderon coa palabra; hai outros radicais que son peores, que defenderon os seus programas radicais coas armas. E creo que incluso dentro da radicalidade hai que distinguir con quen se pacta. O Partido Popular nunca pactou con ningunha forza herdeira do terrorismo, e vostedes si o fixeron. Insisto: en Navarra, repáseo.

Señor Caballero, ¡claro que recordamos a anterior crise económica! De feito, recordámola tanto que recordamos que gobernaba o Partido Socialista e dixo que non ía haber crise, dixo que había unha pequena desaceleración. ¡Fíxese se nos acordamos da anterior crise económica!

Pero creo que, como economista, vostede poderá estar de acordo comigo, ao mellor, en dúas cuestións. A primeira é que as crises económicas non son como unha gripe, que ten o mesmo virus que afecta a todos. Hai crises económicas que teñen causas endóxenas. Foi o que pasou coa crise do sistema financeiro, que en España foi moito máis grave porque o sistema financeiro estaba moito peor, o sistema inmobiliario era unha burbulla. E hai crises por causas exógenas, que é a causa do virus que vén e irrompe con independencia da xestión económica que fixera cada un. Polo tanto, as solucións non sempre son simétricas.

É certo que nesta crise aprendemos con relación á outra que non se podía cortar a billa. Pero o certo é que daquela crise chegamos non porque aparecera un virus, senón porque houbo unha mala xestión das entidades financeiras, do crédito inmobiliario, e un Goberno, que era o seu, que non fixo nada. E, polo tanto, as solucións que propón Europa, sendo basicamente semellantes, que é financiar, neste caso teñen moito máis que ver co feito da orixe da crise. Se non, dubido moito que Europa tivera feito o que fixo.

Non vou entrar en discusións sobre o sector público-sector privado, por que iso é propio do dogmatismo. Se hai algo que entender neste debate é que, á parte de que a oposición non coincide no esencial entre si —e creo que aquí, efectivamente, se ve que nós estamos nun espectro moi moderado e moi centrado con relación ao que vostedes argumentan—, pero o certo é que fronte a esa dispersión eu creo que este debate tamén serve para poñer en valor a estabilidade do Goberno, un Goberno que resolve os problemas da xente. Non se cuestionou a xestión da pandemia aquí practicamente nin todos os datos que demos esta mañá tanto o presidente coma eu. Unha maioría estable que celebra o Estatuto, que o acompaña un grupo



da oposición e o rexeitamento doutra; un grupo que defende un financiamento autonómico xusto, que mantén os seus compromisos coa Unión Europea, e unhas alternativas que, evidentemente, pois procuran rachar con todo isto.

Vemos que hai moito dogmatismo nas propostas que se nos dan. O dogmatismo é negar as evidencias. E cando vostedes falan de incrementar o soberanismo con solucións aos problemas de Galicia, están esquecendo como foi o proceso do descubrimento da vacina, quen financiou e como se financiaron as vacinas; están esquecendo que financian os fondos europeos. En fin, están esquecendo todo o que fixo que esteamos onde estamos, están esquecendo as axudas europeas, están esquecendo que ata Europa está defendendo a Unión Europea fronte a eses que vostedes consideran non democráticos, como os gobernos de Polonia e de Hungría. Non hai máis que ver como está Inglaterra fóra da Unión Europea.

E dentro deste dogmatismo está o do sector público. Miren: o sector público e o sector privado son claramente complementarios; é que ademais un necesita do outro, e é recíproco. O sector privado necesita do sector público para funcionar ben, con boa regulación; o sector público ten que funcionar ben cando o sector privado abusa, cando hai monopolios e que non se pode regular de ningunha outra maneira. E estamos descubrindo —isto chamáballe «clásico» un día o señor Caballero— o que se chama o «Estado emprendedor», que é a colaboración público-privada. Pois claro que hai proxectos que poden saír da man do público e do privado. De feito, ese é o camiño que está seguindo a Xunta coas propostas dos fondos Next Generation.

O que é dogmático é dicir que sempre o público é mellor; tan dogmático como o din os anarcocapitalistas: o único bo é o mercado e que o sector público é sempre malo. Unha vez máis, nós estamos na moderación e entendemos que público-privado son compatibles e que o importante é que traballen xuntos para sacar o país adiante.

E tamén descubrimos neste debate, creo que quedou bastante claro o que dicían do rodo... En fin, é difícil pactar, evidentemente. ¿Como non vai ser difícil pactar se están en contra do Estatuto, se están en contra do sistema de financiamento, e así sucesivamente, cando queren que todo sexa público? Ben, pois, en fin, isto é o que hai. Pero é bo que o país o escoite, o saiba e tome as súas conclusións.

E en fronte —é dicir, a este lado— (*O señor Puyfraga sinala cara ao banco do Goberno.*) hai un Goberno unido, un Goberno que non anda perdendo o tempo con cousas. Eu comprendo que lles tocan procesos de reflexión e de primarias. Pero o certo é que este goberno está concentrado no que está; está unido, o Grupo Parlamentario Popular está unido; non estamos distraídos con ningún proceso electivo —que eu lles desexo a todos que lles vaia ben—. O certo é que está centrado na recuperación, que está traballando con experiencia e apoio nos expertos, que é leal con Galicia na defensa dos seus intereses, que respecta o marco institucional vixente, que é o que garante a convivencia e a paz social...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PUY FRAGA: ...e que, como tentamos esta mañá, pretende gobernar desde a concordia e co diálogo, e non con enfrontamento. E —insisto— para nós, presidente, é unha honra colaborar cun Goberno que fai da concordia e do diálogo a súa máxima actuación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche do debate, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señorías, tomamos boa nota das cuestións que plantexan os representantes dos grupos da oposición.

Señor Caballero, escoitei si á reforma constitucional do Estatuto, non á independencia e si ao BNG. Certamente, é un pouco complexo, porque o primeiro que me dixo a portavoz do BNG é que isto é o «debate da nación». Entón, realmente, ¿isto como se combina? Se queremos un Estatuto constitucional, non podemos ser nación; se estamos en contra da independencia, non podemos gobernar co BNG, e se gobernamos co BNG, non podemos ter unha reforma constitucional do Estatuto. Entón, sería bo, señor Caballero, que vostede intente ganarlle ao BNG, porque se vostede lle gana ao BNG igual ten máis posibilidade de convencer o BNG. Non digo que lle gane ao Partido Popular, porque iso, como é natural —e é perfectamente lexítimo—, de momento aínda non ocorreu.

O certo e verdade é que aquí nos queren como sempre enganar. Veñen aquí e damos voltas, dicimos unha cousa, pero despois, ao saír da sala, hai un Goberno que goberna e unha oposición que goberna xunta nas institucións. Aquí parecen dous pero nas institucións son un.

Señora Pontón, vostede vén aquí falar de «Galiza», eu veño falar de «Galicia». (*Murmurios.*) Esa é unha diferenza importante. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes son os únicos que nomean o país de forma distinta ao que o nomeamos todos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) incluída a Real Academia Galega. (*Murmurios.*) Xa sei que en Portugal... si son os que din «Galiza»... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, vale, xa nos imos decatando... (*Murmurios.*) Vostedes están xa moito máis lonxe de Galicia e moito máis próximos a Portugal.

Ben, a min a verdade é que admiro moito o Goberno portugués, entre outras cousas, porque é capaz de gobernar sen os radicais da esquerda e do bloque comunista de Portugal. (*Murmurios.*) Si, si, deberían vostedes de sabelo. En moitos países do mundo e en Europa as ideoloxías independentistas están prohibidas na constitución. Teñan vostedes coidado co país que elixen; non vaia ser que consideren que son partidos inconstitucionais e, polo tanto, que non se poden presentar ás eleccións.



O Estatuto de autonomía de Galicia permite que un partido independentista se presente ás eleccións e forme parte do Parlamento de Galicia, e que todo o grupo parlamentario maioritario respecte esa proposta ideolóxica minoritaria. Pero por iso sería bo, señora Pontón, que vostede fale de «Galicia» algún día; non pasa nada, é como nos chamamos. É certo que vostedes poden dicir nos seus consellos nacionais o que lles peta, (*Murmurios.*) pero se vostedes queren cumprir a Lei de normalización lingüística (*Murmurios.*) deberían de dicir «Galicia» e non «Galiza», (*Murmurios.*) porque se non non cumpren o uso correcto dos nomes da Comunidade Autónoma de Galicia. (*Aplausos.*)

Creo que non merece a pena, dada a hora e o avance, que empecemos outra vez a falar das cousas das que xa temos falado. O señor Caballero volveu aquí dicir que de vivenda non facemos nada. ¡Dálle igual! Voulle dar os datos da vivenda, por se lle interesan. Mire: 2.500 vivendas de promoción pública adxudicadas dende o ano 2010; 3.700 inmobles no parque de vivendas en alugueiro da Xunta de Galicia; 17.500 axudas ao alugueiro concedidas dende o ano 2015. E vén aquí inventar o bono vivenda, e estes 17.500 bonos vivenda que financiamos os galegos, 34 millóns de euros, cos nosos impostos acábaos de derrogar inmediatamente. Con que todas as persoas que cobren o bono alugueiro teñan que saír mañá das súas casas, quedan 17.000 persoas sen fogar, e iso vai ao escano. Son 2.920 bonos en alugueiro social, incluídos bonos de alugueiro para vítimas de violencia, os concedidos entre o ano 2015 e o ano 2021. Ben, resulta que isto non existe, todo isto é esa Galicia que os galegos inventamos.

Señor Caballero, eu non vou aceptar ser responsable da desfeita industrial que vostedes están promovendo. ¿Vostede quere que eu asuma a responsabilidade da situación de Vestas? Mire: tanto Siemens como Vestas non cren no Plan enerxético do Goberno, e por iso vanse, porque non queren construír pas en España. Non vou aceptar a situación de Alcoa, pois cando chegamos ao goberno o prezo do megavatio estaba arredor de corenta euros o megavatio, agora para as electrointensivas supera os cen euros o megavatio. ¿Resulta que iso é unha responsabilidade da Xunta de Galicia? ¿Por que por unha vez vostede non asume a súa responsabilidade, xa non como líder do Partido Socialista, senón como deputado?

A min non se me ocorrería dicir que o problema do Goberno central é unha lista de espera de Traumatoloxía do hospital X, non. Pero vostede vén aquí dicir: non, asuma vostede a súa responsabilidade, e o peche e a reconversión industrial que estamos facendo o Goberno socialista de Madrid é responsabilidade do Partido Popular e do presidente da Xunta. Pero ¿isto do Estatuto en que consiste?, ¿en asumir cada un as súas responsabilidades ou realmente en burlarse entre todos das competencias de Galicia, intentando escurecer as responsabilidades concretas?

Paulo Carril, líder da CIG —supoño que é unha autoridade nas bancadas da esquerda—: «Yolanda Díaz é responsable da crise industrial que sofre Galicia». Supoño que nisto os do BNG estarán de acordo. (*O señor Núñez Feijóo dirixe un documento cara á bancada do BNG.*) ¿Están de acordo? (*Murmurios.*) Ben, deberíano falar entre vostedes. Porque se o líder da CIG ten claro que a crise industrial é responsabilidade do Goberno central, sorpréndeme que o BNG veña aquí botarme as culpas a min do que non teño. (*Aplausos.*) É algo moi sorprendente, señorías. (*Aplausos.*)



Señorías, outra vez co mantra da CRTVG. Pero como se non recordáramos o que pasaba na CRTVG cando vostedes estaban no goberno: informativos para o PSOE e programas para o BNG. Isto era o que pasaba, ¿ou non se acordan? ¿Non se acordan do que se dicían entre si os altos cargos do Bipartito? ¿Non se acordan do que dicía o portavoz do BNG —ao lado estaba a señora Pontón—, dicindo que os telexornais só valían para saber onde ían xantar os membros do Goberno socialista? ¿Non se acuerda, señora Pontón? Estaba aí. *(O señor Núñez Feijóo mostra un escano central da Cámara.)* Eu acórdome perfectamente. Eu estaba na oposición, vostede estaba no goberno.

Pero di que se secuestra e que soamente este debate se saca nos medios da TVG, non, señoría. Mire: as sesións de control ao presidente retransmítense en directo. Cando vostedes estaban no goberno, non. ¿Sabe por que? Porque era un pouco bochornoso ver como as sesións de control ao presidente da Xunta de Galicia consistían en dúas preguntas dos partidos do Goberno e unha pregunta do partido da oposición, ao que lle faltaba un escano para a maioría absoluta. Iso non se podía retransmitir porque era vergoñento.

Agora retransmítese. ¡Oxalá se retransmitiran máis, porque así ao mellor saían uns resultados electorais un pouco distintos! *(Murmurios.)* Porque a xente decatárase realmente de quen está aquí de broma, intentando manchar a biografía dalgún deputado ou algunha deputada. *(Murmurios.)* Eu asumo toda a miña biografía con todos os erros, con todas as eivas e con todos os defectos, toda. Seguro que me equivoquei moitas veces, pero vender a Galicia xamais, ¡xamais! E vender a Galicia por un plantexamento ideolóxico pechado, ¡xamais! *(Aplausos.)* E poñer a Galicia por riba do meu partido, ¡xamais! *(Aplausos.)* Por tanto, non teño ningún inconveniente en que se vexa todo isto, ao contrario. *(Aplausos.)*

Outra vez volvemos co mantra da emigración. Outra vez a señora Pontón «volve enganar os galegos» —dígoo literalmente—, vostede volveu enganar por segunda vez consecutiva nesta sesión do debate os galegos. Fala de que saíron 347.000 persoas de Galicia, pero non fala de que entraron 419.000 e que, polo tanto, entraron 71.975 persoas máis das que saíron. Fala de que se foron xoves de entre 16 e 34 anos, uns 144.000, pero non di que entraron 160.000, é dicir, 16.000 xoves máis entraron dos que saíron. ¿Por que non di isto? ¿É que acaso nós podemos reter os xoves que non poden saír da casa, señora Pontón? ¿É que acaso un xove non pode ir onde lle pete? ¿É que acaso nós non podemos recibir os xoves que veñen aquí sen ser galegos? Pero ¿que plantexamento ten vostede do país? ¡Resulta que hai que pedirlle permiso ao BNG para saír e para entrar! *(Risos.)* Resulta que se saes es un mal galego, e se entras es un estranxeiro. *(Risos.)* Pero, mire: estamos na Unión Europea, temos un pasaporte, señoría, e o que non acepto é que me veña dar leccións aquí do que entra e do que sae. Cando máis xoves saían de Galicia era cando gobernaba o BNG e o Partido Socialista Obreiro Español. *(Aplausos.)* Exactamente así, señoría. *(Aplausos.)*

Pero volvemos outra vez co mantra, señora Pontón. O seguinte mantra é a emigración, que non respectamos o país, que non queremos a Galicia, que somos malos galegos.

E tamén segue vostede cos temas eléctricos. Ben, iso está moi ben. Recordo a deputados do BNG que xa non están nesta cámara falando dos temas eléctricos. Escoitaba con moito interese o que plantexaban porque estaban no goberno e discutían entre si. E, evidentemente,



nunca lles facían caso ás propostas do BNG, aínda que o BNG estaba xestionando a Consellería de Industria. ¡Era unha cousa sorprendente!

A tarifa eléctrica coa Consellería de Industria nacionalista nunca a aprobou o BNG estando no Goberno. E agora resulta que estando na oposición e de socio do Partido Socialista nos di que o problema da tarifa eléctrica é un problema do PP. Claro que isto é o *Club da comedia*, señora Pontón; isto é unha comedia. Pero unha comedia que eu non estou disposto simplemente a omitir porque a vostede non lle vaia ben.

Señora Pontón, os seus compañeiros de partido non lle vían tantos problemas á eólica; non, estaban encantados. Recordo cando aquel deputado dixo: se o presidente da Xunta quere saber quen son os adxudicatarios dos parques eólicos que consulte a páxina web da Consellería. Iso é o que se chama un Goberno unido e un respecto ao presidente da Xunta.

Por tanto, dar leccións sobre as amizades das eléctricas, un sorriso, señoría. ¿Por que non cobraron as eléctricas ningún canon polos parques eólicos? É unha resposta que aínda non se coñece.

Nós falamos en serio. Pensamos que somos unha potencia eólica; temos que ordenar esa potencia. Pensamos que podemos ter unha eólica mariña; temos que ordenar a eólica mariña. ¿Vostedes que queren? Cal é a súa proposta, vólvoos reiterar. É que é moi importante, porque ao mellor podemos chegar a acordos puntuais. Pero é que non a coñezo, porque depende do momento oportuno en que a presenten, e, sobre todo, se están vostedes chegando a un acordo co Partido Popular, retírase.

A xente do BNG un pouco máis sensata... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, non se preocupe, pois co BNG pactamos moitas cousas. O problema é que o BNG mudou, e agora xa non hai o BNG, agora está a UPG, que é cousa distinta, (*Murmurios.*) totalmente distinta.

Mire: co BNG pactamos o financiamento do sistema farmacéutico, o PSOE en contra, por suposto. Iso si, nós somos amigos das multinacionais, pero o PSOE non quería en ningún caso diminuír as prestacións farmacéuticas. Non, non, aí non se pode tocar. Nós pactamos co BNG a fusión das caixas; o PSOE non, evidentemente. Pero, claro, eses responsables do BNG xa non están no BNG e agora, evidentemente, están outros. Ben, eu, dende logo, se pactei con algúns non teño ningún inconveniente en pactar con outros. O problema son os que están, non os que se foron. Porque os que se foron chegaron a acordos de país, si chegaron a acordos de país, e probablemente por iso deixaron de militar no BNG. Porque os que chegan a acordos de país non poden formar parte da elite do BNG.

Esta é a historia do país unha vez contada e unha vez que se fai unha biografía de cada un dos responsables nacionalistas que tivo o BNG.

Pero é evidente que a señora Pontón estaba no instituto cando eu estaba nun coche oficial. O que é sorprendente é que leve máis anos de deputada ca min. Certamente empezou rápido. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Hai que recoñecer que empezou vostede moi rápido. Teña coidado porque vai moi rápido, señoría. (*Aplausos.*)



Falando da colaboración público-privada, outro mantra. Mire: cando cheguei ao goberno atopeime con 3.900 millóns de euros de hipoteca das autovías con colaboración público-privada que fixo o Bipartito. Son 3.900 millóns de euros Santiago-Noia, 3.900 millóns de euros A Barbanza, 3.900 millóns de euros O Salnés. Son 3.900 millóns de euros de financiamento público-privado. E, entón, ¿iso como se traduce? Porque nós non puxemos un euro de peaxe; estamos pagando as peaxes do financiamento en sombra que deixaron vostedes, que eu non critico, porque entendía que non había outra fórmula de facer esas autovías en tempo real e de forma simultánea. Non había recursos presupostarios correntes. Fun absolutamente como conselleiro vilipendiado durante o ano e medio que estiven de conselleiro de Política Territorial. Chegou o Bipartito, adxudicou todo, deixou unha hipoteca de catro mil millóns de euros que estamos pagando todos os anos.

E agora resulta que non se pode falar de financiamento público-privado. Iso si, eu volvo reiterar: vostedes teñen perfectamente asumido, por exemplo, nas residencias da terceira idade da Deputación de Lugo, que o director o pon o presidente da Deputación, ese si, ese póño eu; o segundo tamén o pon —supoño— que o BNG da Deputación, e o resto unha empresa privada. ¿Iso non é privatizar as residencias, señora Pontón, verdade? ¿Vostede non goberna na Deputación de Lugo? ¿Por que privatizaron todas as residencias da Deputación de Lugo? (*Murmurios.*)

¿Dáse conta, señora Pontón, como Galicia é un país grande onde coñecemos o que ocorre en todos os lugares do país? ¿Dáse conta de que leccións sobre o que está pasando en Galicia non é posible? Porque se lle acaba sabendo todo.

Por tanto, ¿por que non falamos en serio, que creo que é bo? Eu non veño aquí, señora Pontón, a que vostede me aplauda; iso preocuparíame. Eu o que veño aquí é a intentar facer un debate en serio con vostede, que é o partido da oposición que ten máis votos actualmente. E sería bo. Pero se non pasa nada, se o BNG pode pactar co PP, ¿ou non? ¿Pode ou non pode? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si? ¿Non? Si... (*Murmurios.*) Ben, vexo que nalgún escano están a favor. Eu pacto con alcaldes do BNG. O que evidentemente non vou agora aquí é dicir as cuestións que ve a señora Pontón, porque non ten nada que ver o que di a señora Pontón co que fai o BNG na rúa, son cousas distintas. E cando saen da sala supoño que todos van rir: oe, mira o que lle dixemos, que as residencias teñen que ser públicas, pero nós sempre que temos responsabilidade de goberno as privatizamos. (*Aplausos.*)

Señorías, nada pode construír quen nunca construíu. E vostedes son oposición porque —dígollo realmente con todos os respectos— son profesionais da oposición.

Señor Caballero, ata que vostede foi elixido secretario xeral do Partido Socialista de Galicia, as únicas referencias que se atopan na súa biografía política eran «líder do sector crítico do Partido Socialista en Vigo». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, eu creo que teño dereito a falar. ¿De acordo? (*Murmurios.*) Pero teño dereito a dicir que o señor Caballero, que é especialista en oposición, ten un mérito, sen dúbida. Porque ser secretario xeral do Partido Socialista sendo líder do Partido Socialista sector crítico en Vigo ten un mérito, señor Caballero, que non me resisto a recoñecelo. (*Murmurios.*) Dígollo con absoluto respecto e con absoluto rigor. (*Aplausos.*) Ata iso a vostede non lle parece ben, e creo que si, señoría.



Cando vin as primarias do Partido Socialista, non estas, senón as outras, e vin que vostede gañou, tiven que aceptar e recoñecer que vostede sabe gañar primarias. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Agora ben, é unha mágoa que vostede non sexa un pouco máis crítico co Goberno de España. Porque ás veces sendo crítico dentro do partido gáñase; non hai que ser oficialista sempre.

E á señora Pontón, pois o dito: dezasete anos no Parlamento: un con Fraga, catro co Bipartito, doce nesta etapa de goberno na oposición. O de estar na oposición é un plantexamento absolutamente imprescindible para unha democracia. Pero vir dar clase de xestión económico-presupostaria, de recursos humanos, etc., e empezar a dicirlle ao Goberno, con máis experiencia, que todo o facemos mal... Algunha cousa faremos ben; algunha, dúas, tres... Nesta tarde non fomos capaces de concretar ningunha.

Veñen aquí dicirnos que non fixemos propostas e que non temos propostas en materia de reactivación. Voulles relatar rapidamente vinte propostas: os orzamentos do ano 2022 aprobarémolos en tempo e forma; decretamos o fin da emerxencia sanitaria a próxima semana; un novo Plan estratéxico de Galicia 2021-2030 nada máis e nada menos; alianzas con oito comunidades autónomas para falar da España das autonomías; escolas infantís cen por cento gratuítas para todos a partir do próximo curso; baixada de impostos, que se concretará nos vindeiros orzamentos, cumprindo o programa electoral ratificado polas urnas; novo modelo de residencias de terceira idade; reforzo da axuda no fogar, do xantar na casa, dos centros de día e das casas do maior; centro especializado en innovación e investigación educativa no edificio Fontán; programa específico de apoio financeiro para empresas con máis dificultades; seguir reforzando o plurilingüismo; carreira investigadora para cinco mil investigadores que viven e que traballan en Galicia; pacto cos axentes sociais para unha axenda galega de capacidades e necesidades laborais; impulso dun centro de investigación enfocado ao desenvolvemento das enerxías renovables e innovadoras; promover unha fábrica de fibras téxtiles na provincia de Lugo; crear unha zona franca na cidade e na comarca de Ferrolterra; crear unha delegación da Xunta en Ferrol; descontos e transbordos gratuítos de transporte e no transporte público para as familias numerosas; impulso ás intermodais pendentes.

En definitiva, señoría, estas son todas propostas de reactivación económica e de reactivación social. ¿Como que non fixemos propostas, señorías? Lamentablemente é que probablemente non tiveron moito interese en escoitalas.

Remato xa. Galicia, señor Caballero, señora Pontón, é un proxecto común, sen dúbida, e a súa construción convócanos a todos — polo menos iso pensamos —: a todas as administracións públicas, a todo o tecido empresarial do país, a todos os axentes sociais, á sociedade civil no seu conxunto, a cada galego e a cada galega que comeza cada día coa vontade de afianzar o seu proxecto persoal, o seu proxecto profesional, o seu proxecto como persoa. E téño moi claro dende aquel día que no ano 1985 tiven a oportunidade de traballar na Administración autonómica do país. E con ese espírito desempeñei todos os postos de responsabilidade, os que tiven na Xunta, os que tiven na Administración do Estado e os que tiven na oposición durante catro anos. Son consciente da dificultade que ten a oposición, sempre é difícil. Tamén lles podo asegurar que xestionar Galicia nunha crise financeira sen precedentes e xestionar Galicia nunha pandemia mundial require tamén algunhas dificultades e algúns acertos.



Galicia está saíndo desa crise, dunha crise inédita, unha crise sanitaria, unha crise económica e unha crise social, pero aínda non o conseguimos. Ninguén sobra nesta tarefa. Cada consello sincero, cada proposta honesta, cada proposta construtiva, cada idea estudada e cada proposta rigorosa vai ser absolutamente estudada e, se cabe, benvida por parte do Goberno.

A oposición está no seu dereito a discrepar, por suposto, pero tamén está na súa obriga de presentar unha alternativa. Pero coido que o tempo de confrontar con todo, con todos e por todo debería de ir rematando. Están no seu dereito a manter a estratexia que mantiveron nos últimos trece anos, pero probablemente se manteñen a mesma estratexia dos últimos trece anos volvan obter os mesmos resultados coa mesma estratexia.

O mundo que coñecemos cambiou, cambiou para sempre, e todos teremos que ser xestores dese cambio. Polo que non quixera finalizar sen dirixirme a todos os galegos e a todas as galegas, que ao final son aos que nos debemos todos:

Quero dicirlles a todos os cidadáns de Galicia que poden contar con nós. Poden contar coa Xunta, que centrará todos os seus esforzos na recuperación económica e social. Poden contar cun Goberno galego cunha política que só busca resolver os problemas da xente e que sempre se afastará daqueles que crean eses problemas. Poden contar cun equipo que dedica todo o seu tempo a mellorar o presente e intentar deseñar con honestidade o futuro.

Galicia é un proxecto colectivo, un proxecto ao que teño a honra de dedicarlle a miña vida. Non existe maior honra que a de poñer as novas institucións ao servizo do benestar dos cidadáns. Non existe maior honra que a de traballar para deixarlles ás xeracións vindeiras unha terra chea de máis oportunidades. Non existe maior honra que poder aportar a dignificar a política, o debate político en Galicia, pero, por suposto, en España. Non existe maior honra que darlle a Galicia o lugar que merece tanto en España como en Europa e no mundo.

Tiven a sorte de poder terme rodeado ao cabo destes anos de moitas persoas que comparten esta visión de que Galicia merece que poñamos o mellor de nós para honrala, para servila e para melloralala. Porque, señorías, Galicia mereceo todo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Procede facer un recordatorio, que vou resumir: os grupos parlamentarios poderán presentar ata un máximo de corenta propostas de resolución por grupo, todas elas grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple e que non poderán dar lugar á votación separada dentro de cada proposta.

Todo isto terán que facelo —estas corenta propostas— antes das 10.30 horas de mañá xoves. Posteriormente, a Mesa reunirse ás 12 horas da mañá para cualificar as propostas e valorar cales son as que se admiten.



O prazo de presentación das propostas transaccionadas e a petición de agrupacións ou votacións separadas das propostas rematará o mesmo xoves día 14 de outubro ás 22.30 horas, que serán tamén cualificadas pola Mesa ao día seguinte, venres 15 de outubro ás 9.30 horas da mañá.



Nada máis.

Suspéndese a sesión ata o próximo venres ás 11.00 horas.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás nove e dezasete minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

